



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 47

Sesión plenaria
15 de setembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-FMwPW68qy-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 5. Interpelacións

5.1 12730 (11/INT-000729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector naval de Vigo.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 112, do 17.03.2021

5.2 16688 (11/INT-000966)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

5.3 20679 (11/INT-001117)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 193, do 31.08.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 21097 (11/POPX-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre as previsións para afrontar o inicio de curso político despois dos erros da Xunta neste verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

6.2 21099 (11/POPX-000040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.119586 (11/POP-002766)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos aloxamentos para peregrinos e peregrinas mentres os albergues continúen coa ocupación reducida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021



7.2 18581 (11/POP-002497)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 27.07.2021

7.3 20692 (11/POP-003140)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre as sancións ás empresas eléctricas que baleiraron os encoros galegos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 194, do 01.09.2021

7.4 21064 (11/PUP-000199)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**

Sobre a notificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil á Xunta de Galicia respecto da drástica baixada do nivel de caudal dos encoros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.5 21077 (11/PUP-000201)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Seco García, Martín**

sobre a iniciación dun expediente sancionador en relación coa baixada de nivel dos encoros do Cenza e das Portas por debaixo do vinte por cento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.6 21070 (11/PUP-000200)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento do galego a nivel internacional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 8.09.2021

7.7 19973 (11/POP-003023)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre o impacto que tivo a entrada en vigor da Lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 189, do 18.08.2021

7.8 20074 (11/POP-003045)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da exixencia de solicitar o certificado de vacinación para acceder aos locais dedicados á hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021



7.9 20457 (11/POP-003113)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a Campaña de verán 2021 destinada á xuventude no ámbito do lecer e tempo libre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 194, do 01.09.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións para afrontar o inicio de curso político despois dos erros da Xunta neste verán. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx.10.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S).* (Páx..)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para reforzar a atención primaria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica una alteración da orde do día relativa á formulación a seguir da pregunta de D^a Leticia Gallego Sanromán. (Pax. 22.)

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos aloxamentos para peregrinos e peregrinas mentres os albergues continúen coa ocupación reducida. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 22.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 23.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Sanromán (S).* (Páx. 25.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela).* (Páx. 26.)

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector naval de Vigo. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. González Iglesias (BNG).* (Páx. 27.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López).* (Páx. 30.)



Réplica da autora: *Sra. González Iglesias (BNG)*. (Páx. 33.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 34.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as interpelacións que figuran na orde do día como puntos 5.2 e 5.3 para a súa formulación conxunta. (Páx. 36.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria. (Punto quinto da orde do día.)

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 36.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 40.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 44.)

Réplica dos autores: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 50.) e *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 54.)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 58.)

Réplica da autora: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 60.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia a decisión de acumular as preguntas que figuran na orde do día como puntos 7.3, 7.4 e 7.5 para a súa formulación conxunta. (Páx. 61.)



Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. Bloque Nacionalista Galego, sobre as sancións ás empresas eléctricas que baleiraron os encoros galegos. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a Marisol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a notificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil á Xunta de Galicia respecto da drástica baixada do nivel de caudal dos encoros. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a iniciación dun expediente sancionador en relación coa baixada de nivel dos encoros do Cenza e das Portas por debaixo do vinte por cento. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 61.), *Sra. Díaz Mouteira (P)* (Páx. 62.) e *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 64.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 64.)

Réplica dos autores: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 67.), *Sra. Díaz Mouteira (P)* (Páx. 68.) e *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 70.)

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento do galego a nivel internacional. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 75.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o impacto que tivo a entrada en vigor da Lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 79.)

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da existencia de solicitar o certificado de vacinación para acceder aos locais dedicados á hostalaría. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 80.)



Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 81.)

Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 83.)

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a Campaña de verán 2021 destinada á xuventude no ámbito do lecer e tempo libre. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 87.)

Remata a sesión ás dúas e dezaioito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Retomamos a sesión co punto sexto da orde do día, o de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións para afrontar o inicio de curso político despois dos erros da Xunta neste verán

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Iniciamos este curso político, que ten que ser o curso político da reactivación, da modernización, da xeración de emprego e o da defensa dos servizos públicos. Pero, sen dúbida, polo que temos visto ao longo deste verán en Galicia, temos que estar preocupados, porque alí onde o Goberno da Xunta de Galicia ten competencias —en educación, en sanidade, en industria e en políticas sociais— encontramos moitas eivas e un Goberno que non dá resposta aos problemas da cidadanía.

En educación vostedes inician o curso político despedindo a centos de profesores, negándose a volver a un sistema de libros de texto gratuítos, negándose a poñer gratuítas as primeiras matrículas nas universidades galegas. Vostedes, ao longo deste verán, atopáronse cos problemas, unha vez máis, que todos coñecemos na sanidade pública: listas de espera de forma estrutural en atención primaria, problemas en tantas áreas sanitarias, saturación, preocupación, incluso denuncias dende os colexios oficiais de médicos contra a Xunta de Galicia. Ao longo deste verán atopámonos co caos do certificado covid, un caos absoluto montado por este goberno da Xunta de Galicia. Atopamos que o Goberno non dá resposta aos problemas industriais de Galicia, que están desnortados nos Next Generation, que seguimos, un ano despois, igual que iniciamos o curso político anterior, sen saber cara a onde van, que nos atopamos con que montaron a política do conflito coas vacinas denunciando que non chegaban vacinas a Galicia —e incluso tiveron que rectificar, pois hoxe máis do 80 % dos galegos e galegas están vacinados—. Atopámonos cun presidente da Xunta de Galicia que faltou á verdade despois do Consello da Xunta cando dixo que a Xunta de Galicia descoñecía o baleirado dos encoros e cando vinte e catro horas despois probas fehacientes, as probas dos correos, amosaron o seu engano.

E é por iso, señor Feijóo, que é difícil poder confiar neste Goberno, que a cidadanía manda un SOS e ninguén lle dá resposta, que foron de vacacións e deixaron de gobernar Galicia. Galicia merece algo máis, merece algo máis que o escapismo dun presidente que non goberna nas súas responsabilidades en sanidade, en educación, en industria. Merece algo máis que un goberno que fai política do conflito co Goberno de España e que fai oposición ao Partido Socialista. Fálennlles aos galegos e ás galegas, dean respostas aos problemas do país. Galicia necesita un goberno que estea a carón da súa xente e das súas problemáticas.



É hora de mudar a estratexia do Partido Popular en Galicia, porque así non imos ben. Se vostedes van seguir mantendo esa política de negación da realidade cando ao longo deste verán nos atopamos con áreas sanitarias que tiveron que esperar ata vinte e seis días para que un cidadán conseguise unha cita en atención primaria, se vostedes seguen negando a temporalidade nas contratacións de profesionais sanitarios, se seguen negando que aquí en Galicia hai dificultades pola saturación dos sistemas de atención primaria, están de espaldas á realidade dos galegos e das galegas (*Aplausos.*)

E, para iniciar este curso político, témoslle que dicir, señor Feijóo, que gobernen Galicia, que estamos vendo ao longo de todos estes días, incluso nestas mesmas xornadas nas que nos atopamos, que a «sección Vox» do Partido Popular en Galicia, o seu secretario xeral ou a deputada que teñen en Bande, intentan felicitar-se polo éxito da xestión da Xunta co certificado covid, vostedes, que foron de vacacións sen ir aos tribunais a pedir autorización xudicial para faltar aos dereitos fundamentais da cidadanía; vostedes, que cando quixeron aplicar o certificado covid non pediron autorización e tombárono os tribunais. E agora, cando parece ser que xa non o queren aplicar, felicítanse dos éxitos do seu Goberno, que foi o caos para a hostalería e que foi o caos todo este verán.

Galicia careceu de Goberno este verán, Galicia carece de proxecto para o futuro neste país, e vostede, señor Feijóo, ten que poñerse a Gobernar Galicia, porque, despois de tanto repetir «Galicia, Galicia, Galicia», vostede abandonou os galegos e galegas ao longo de todo este tempo. E agora, cunha estratexia de vacinación que funciona, non pode seguir vostede agochado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...sen dar respostas aos problemas da educación, aos problemas da sanidade, aos problemas da industria, aos problemas dos galegos e das galegas.

A nosa lealdade non é complicidade, a nosa oposición é leal a Galicia, non é que sexa cómplice das responsabilidades do Partido Popular. Galicia ten máis fondos ca nunca pero ten menos Goberno ca nunca para os problemas dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, atopámonos, efectivamente, no inicio do curso educativo e tamén, se vostede o considera así, no inicio deste período de sesións e, polo tanto, do curso político que se inicia neste período de sesións. O curso académico estase celebrando con normalidade, e a postura do Partido Socialista de Galicia tamén se pode considerar que está de acordo co esperado. Vostede utiliza o Parlamento simplemente para dicir unha serie de cuestións coas que todos os deputados, incluso os seus, están sorprendidos, e, iso si, para buscar a responsabilidade da Xunta de Galicia nas competencias do Goberno de España.



Sobre educación, efectivamente, empezamos o curso contratando 2.095 profesores máis dos que había cando había 6.000 alumnos máis; é dicir, 2.095 profesores máis e 6.000 alumnos menos.

Vénnos dar clase vostede de taxas universitarias, sendo a única comunidade autónoma que leva once anos conxelando as taxas universitarias. Ningunha do Partido Socialista o fixo en toda España. *(Aplausos.)*

Vénnos vostede dar clase, señoría, do certificado covid. ¡Iso é algo sorprendente, señor Caballero! O Tribunal Supremo considera que as actuacións da Xunta de Galicia en relación co certificado covid foron idóneas, necesarias e proporcionadas. ¡Que quere que lle diga despois da sentenza do Tribunal Supremo no día de onte, á que vostede tamén despreza!

Señor Caballero, ¿por que non pide desculpas?, que pida desculpas o Partido Socialista Obreiro Español e o Partido Socialista Obreiro Español de Galicia polo certificado covid. En primeiro lugar, porque a inacción do Goberno central levou a todas as comunidades autónomas a unha situación de indefensión; en segundo lugar, porque estiveron utilizando a pandemia politicamente en Galicia; e, en terceiro lugar, porque estiveron confundindo a xente sobre o certificado covid.

O Tribunal Supremo di que o que fixo a Xunta de Galicia, o comité clínico do Servizo Galego de Saúde e os xuristas da Xunta de Galicia é correcto, é conforme a lei e era o que tiñamos que facer. *(Aplausos.)* E exactamente foi o que fixemos, señoría.

Sobre o baleirado dos encoros, hoxe ás sete da mañá contéstanos a Confederación Hidrográfica. ¡Benvida! E ¿que empeza a dicir? Que é competencia súa o baleirado dos encoros — da Confederación Hidrográfica—. ¡Evidentemente! *(Murmurios.)* E ¿cal é a situación, señoría? Que a ocupación dos embalses que xestiona a Xunta de Galicia é do 60 % e a ocupación dos embalses que xestiona a Administración do Estado é, nas Portas, do 14,7 %; en Cenza, do 12,9 %; e no maior embalse de Galicia, en Belesar, do 27,9 %. Isto é unha irresponsabilidade medioambiental lamentable. E saiba, señoría, que á Confederación Hidrográfica se lle abrirá un expediente disciplinario por non preservar a auga e o equilibrio medioambiental de Galicia. *(Aplausos.)*

Vén vostede, señoría, a falar tamén das vacinas. ¡Pero se na Conferencia de Presidentes en Salamanca o obxectivo único do Goberno foi dicir que tiñamos 3,5 millóns de vacinas e para Galicia nos tocaron cero! ¡E vostede aínda o defende! Número de vacinas por número de habitantes, e as comunidades autónomas con menor número de vacinas por número de habitantes son Cataluña e Galicia. ¡Ese é o resultado, señor Caballero! Xa sei que o señor Sánchez dixo que trasladara vacinas con independencia do voto de cada cidadán. *(Risos.)* ¡Pois moitas grazas, señor Caballero! Parece que en Cataluña e en Galicia votan pouco ao señor Sánchez. E vostede, que é o seu recadeiro, pois aínda encima saca peito.

E, sobre os fondos europeos, era o que nos faltaba. Birlannos 600 millóns de euros de fondos europeos e agora vén vostede a dicir que nós xestionamos os fondos europeos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero, señor Caballero, é que é difícil axudalo na sesión de control. Pero ¿por que vostede non exerce unha oposición razoable para que poidamos ter un diálogo razoable? ¿Vostede cre que está no seu órgano do Partido Socialista en Galicia? Non, señoría, aquí está no Parlamento, non ten que convencer a ninguén, o único que ten que facer é defender a Galicia. E nós estamos defendendo a Galicia nos encoros, nas vacinas, nos fondos europeos e na educación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Dende logo que, se alguén merece un expediente en Galicia, é este presidente da Xunta de Galicia (*Aplausos.*), que recorta en educación, que recorta en sanidade, que non ten xestión económica e que marcha de vacacións sen pedir autorización xudicial para saltar os dereitos fundamentais dos galegos e das galegas.

Lea vostede a sentenza, señor Feijóo, non fale de oídas, non nos fale de contos. Lea vostede a sentenza, señor Feijóo, e díganos vostede se ten algún exemplo dalgún goberno autonómico que saltase dereitos fundamentais da cidadanía sen pedir autorización xudicial. ¡Ese é o goberno do PP do señor Feijóo! (*Aplausos.*), o goberno que marchou de vacacións cunha chapuza que nos levou a facer trompicóns e trompicóns de forma conxunta. Cada semana, distintas novidades: cando había que pedir autorización xudicial, non a pediron; cando había que regular o sistema covid a través do certificado, estaban de vacacións. E agora conseguen que o Tribunal Supremo dea o visto bo. ¿Vano aplicar vostedes? ¿Van vostedes agora mudar de novo toda a política de consenso que din acadar co sector da hostalería ou simplemente se felicitan polo seu caos?

Que vostede unha vez máis nos veña falar das vacinas, señor Feijóo, é unha mostra do desnortados que vostedes están. Non me estraña. Hai menos dun ano vostede dicía que non habería vacinas ata o segundo semestre deste ano. (*Aplausos.*) Vostede dicía que o Goberno de España facía anuncios grandilocuentes. Hoxe máis do 80 % dos galegos e das galegas están vacinados porque houbo vacinas, porque hai vacinas, porque se fixo unha boa estratexia e porque vostede debería de estar recoñecendo que o Goberno de España fixo aquilo que o Partido Popular non tería feito, aquilo que vostedes intentaron zancadillear.

Pero se vostede fala, señor Feijóo, de distintas cuestións e fala de oposición razoable, déalle vostede todas as leccións ao Partido Popular do señor Casado, a oposición máis desnortada e máis desleal en España e fóra de España (*Aplausos.*), o PP que perdeu todo o sentido de país.

E non siga enganando, señor Feijóo. Vostedes tiñan coñecemento do baleirado dos encoros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostede dixó hai doce días que non o sabían. Non



sabemos se a Xunta é tan ineficiente que nin se entera, se a súa conselleira nin lle explica as cousas, ou se vostede o sabía e foi ao Consello da Xunta a enganar, a dicir unha falsidade. Vinte e catro horas despois apareceron as informacións que amosaron con probas fehacientes que a Xunta estaba informada pola Confederación e polas empresas hidroeléctricas. E ¿que fixo vostede despois? Pois intentar dicir que había un acordo entre as grandes empresas eléctricas e o Goberno de España. E ¿vostede sabe o que ocorreu onte neste país? Que o Partido Socialista, cando ten que tomar decisións, as toma; *(Aplausos.)* e, cando hai que facer que as empresas hidroeléctricas teñan que reducir en 2.600 millóns os seus beneficios, o Goberno toma medidas. Mentres, vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...segue estando abrazado aos seus amigos das eléctricas *(Murmurios.)* e na súa conivencia co poder económico que non resolve nada para os galegos e para as galegas *(Aplausos.)* Vostede, señor Feijóo, ten competencias en sanidade, e as listas de espera son estruturais en primaria por primeira vez na historia de Galicia, con vostede, que non hai profesionais porque van a outros lugares a pesar de que haxa máis prazas MIR ca nunca. Vostede ten unha política de precariedade e errou na sanidade, porque na educación vostede ten máis profesores que hai dous anos pero menos que este ano pasado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: E hai covid, señor Feijóo. Non compare os datos con dous anos antes. E cando fale, señor Feijóo, dos programas de reactivación en Galicia, diga a verdade. Vostede leva un ano e medio enganando a Galicia e mareando a perdiz. Sacaron 7, 106 e 354 proxectos para os Next Generation, e despois foron facendo unha lotería máis, non hai...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Rematou o seu tempo. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas, moitas grazas. *(Aplausos.)*

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Certamente é moi difícil falar con alguén que non quere nin sequera razoar. Eu vouno intentar outra vez, señor Caballero.

¿Como que non pedimos autorización ao Tribunal sobre o certificado covid?

Cando se nos dixo que iso podía afectar os dereitos fundamentais, automaticamente a solicitamos. *(Fortes murmurios.) (Protestas.)*

Pero, señoría, ¿como podo recibir leccións do Partido Socialista Obreiro Español cando tivo un ano en estado de alarma a toda España conculcando os dereitos fundamentais de forma inconstitucional, señoría! *(Fortes aplausos.) (Murmurios.)* Pero ¿non podemos recibir un mínimo de sensatez dunha bancada que o que tiña que facer era simplemente pedir perdón por



utilizar un estado de alarma inconstitucional? Non lexislan a lei de pandemias, non deixan as comunidades autónomas cumprir as súas funcións, remítennos menos vacinas que ao resto das comunidades autónomas e agora vén aquí botando peito de que nos remiten vacinas. Pero, señor Caballero, mire, eu traballei en Correos. Sen dúbida é un gran labor esencial levar un paquete dun lado a outro, pero iso foi o que fixo o Goberno de España, levar as vacinas dun lugar a outro. *Fin de la cita.* señoría. As que dispensaron as vacinas foron as comunidades autónomas en España e, polo tanto, o Servizo Galego de Saúde. *(Aplausos.)* ¡Cero vacinas dispensadas, señoría, por vostedes! E reitero: as comunidades autónomas con menos vacinas por habitante foron Cataluña e Galicia. E —vólvoo reiterar— é lamentable que, tendo o 25 % da poboación envellecida, sexamos a comunidade autónoma con menos vacinas por número de habitantes. É lamentable, señoría. E eu non vou calar. Vostede diga o que lle pete. ¡Alá vostede e a súa conciencia!

Pero, señoría, outra vez co baleirado, co baleirado dos encoros. Resulta que as concesionarias remiten a un fax dunha delegación unha notificación xenérica sen data, e sen metros cúbicos de baleirado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Seco!

Perdoe, presidente.

Señor Seco, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E iso é suficiente para dicir que estamos notificados. ¡Estamos nun Estado de dereito, señor Caballero! A responsabilidade do baleirado é da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. E o que terían que facer, en primeiro lugar, sería volver pedir desculpas, cumprir a súa responsabilidade, señoría, e transferir as competencias do Miño a Galicia. Iso sería o que terían que facer de forma inmediata, iso sería o que terían que facer, señorías. *(Aplausos.)*

Mire, señor Caballero, non hai forma, é imposible tomalo en serio, é imposible tomalo en serio. Arremete contra a Xunta nas competencias que non dependen da Xunta, arremete contra este Goberno para defender o indefendible, que é ao señor Sánchez. É imposible tomalo en serio, señoría. Responsabilizar a Xunta de Galicia do baleirado dos encoros que dependen do Goberno central é un insulto á autonomía de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señoría, responsabilizar a Xunta de Galicia do lío que montaron vostedes coa ausencia de planificación sanitaria, de lexislación sanitaria, estando nun estado de alarma inconstitucional durante máis dun ano, e vir dar leccións sobre seguridade xurídica é un insulto á intelixencia dos galegos.

Mire, señoría, hai que ter un mínimo de personalidade para exercer o cargo xa de deputado, e moito máis de secretario xeral dun partido. Non se preocupe, señoría, por recoñecer que as cousas que fai a Xunta as fai ben. Somos a única comunidade autónoma de España que ten o aval do Tribunal Supremo para exixir con responsabilidade e proporcionalidade un certificado covid, a única. Somos unha das dúas comunidades autónomas que máis vacinou a pesar de ter menos vacinas por habitante que a media... *(Fortes murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, eses son os resultados. ¡Defenda Galicia! ¿Non se dá conta, señoría, que tan entregados coma vostede eran ministros do Goberno de España que agora non sabe ninguén onde están?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Aprenda a lección, señor Caballero. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¡Defenda a Galicia! Dende a oposición hai que defender a Galicia, dende o Goberno hai que defender a Galicia, e non vir aquí... *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Porque é imposible, e honradamente llo digo, manter unha conversa minimamente seria con vostede.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non hai forma. Por favor...

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...respéctese un pouco máis, señor Caballero, e veña aquí a falar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dos problemas reais do país e non veña aquí outra vez a confundir e a inxuriar un goberno que cumpre coas súas funcións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, ten vostede máis oportunidades pero non moitas máis.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para reforzar a atención primaria

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.



A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, acabou vostede agora a súa intervención recomendándolle ao líder do Partido Socialista que defenda a Galiza. Eu dígoille: aplíquese o conto e deixe de vetar unha tarifa eléctrica galega. *(Aplausos.)* Porque onte só veu a este Parlamento para votar en contra dos intereses de Galiza.

Aplíquese o conto, señor Feijóo, e deixe de atacar a sanidade pública do noso país, porque o certo é que conduciu a atención primaria a unha situación dramática, que é o que hoxe traemos a este debate. E quero empezar cunha pregunta, señor Feijóo: ¿cando vai levantar as restricións para que os galegos e galegas volvan pedir cita presencial con normalidade? Porque, mire, vostede converteu ter cita presencial en primaria nunha carreira de obstáculos. Hai lista de espera de ata vinte e un días, as consultas presenciais están limitadas por un cupo. Para conseguir cita hai que ir ao centro de saúde, facer cola e cruzar os dedos agardando que quede algunha libre. ¿Pode explicarnos como fai unha persoa maior do noso país que viva soa e que un día pola mañá se levante enferma? ¿Como fai para superar todos estes obstáculos? ¡E non lle quero dicir nada se esa persoa vive no rural!

Por iso, señor Feijóo —insisto—, ¿cando vai levantar as restricións e permitir que os galegos e galegas acudan con normalidade ao seu centro de saúde? Leva vostede doce anos de acoso e derrubamento da sanidade pública, da atención primaria. E agora está empeñado en dar carta de normalidade ao que parecía imposible, que é obstaculizar a consulta presencial e que haxa lista de espera ata na telefónica.

E é tal o disparate que vostede non está dicíndonos como reforzar os centros de saúde senón que o que está plantexando é onde colocar o listón dos recortes. E atrevese, por iso, a formular como un obxectivo deste ano que o 60 % das consultas sexan presenciais. ¿Que pasa co outro 40 %, señor Feijóo?, ¿non pode enfermarse?, ¿teñen que ir a urxencias? ¿Ou a cuestión é que vaian á sanidade privada quen poida pagala? Porque teño que dicirlle que a súa estratexia de recortes é a mellor campaña comercial que podería desexar a sanidade privada. *(Aplausos.)*

Desde o BNG temos medidas para reforzar a atención primaria e recuperar un dereito que se perdeu co seu goberno: que todos os galegos e as galegas que o pidan sexan atendidas de inmediato e de xeito presencial pola súa médica de cabeceira sen filtros nin obstáculos, como sempre foi e como debe de volver ser. E para iso propoñemos unha batería de medidas: primeiro, un investimento de choque urxente de 200 millóns de euros; segundo, un plan de recursos humanos en atención primaria —necesítanse máis médicos e médicas, máis enfermeiras, pero abrir a carteira de servizos a outros profesionais, como fisioterapeutas ou psicólogas clínicas—; en terceiro lugar, destinar o 25 % do orzamento do Sergas á atención primaria ao final desta lexislatura; e, por último, acabar coa precariedade do Sistema Sanitario Público. Convoque as prazas vacantes do Sergas, señor Feijóo. Rectifique, porque a saúde das persoas é o primeiro e ten que estar por riba de todo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, alégrome moito de ter a oportunidade de volver falar da sanidade pública neste Parlamento. Xa sabe vostede que é unha das materias nas que me sinto máis satisfeito.

Señoría, permítame volver expresar o agradecemento a todo o persoal por ser a comunidade autónoma, a segunda comunidade autónoma, con máis vacinación de España a pesar de ter unha porcentaxe de vacinas por habitantes inferior á media de España.

Señoría, quero agradecer a todos os profesionais o traballo que fixeron durante todo este verán, ao comité clínico, ao persoal de enfermería e ao resto do persoal, porque realmente é moi sorprendente, señoría, que, a pesar de ser a comunidade autónoma con máis dispersión de España, sexamos a primeira comunidade autónoma na primeira dose e a segunda en pauta completa en toda España.

Señoría, evidentemente que a pandemia marcou un antes e un despois na xestión da sanidade. Enteráronse todos os países do mundo. O BNG, non, o BNG vive, evidentemente, noutro mundo —nunhas décadas anteriores ao século XX—. Por iso, señoría, me sorprende que veña vostede coa mesma matraca constantemente, constantemente.

Señoría, vostede le os xornais, supoño, ¿non? Ao mellor interésalle o que pasa en Cataluña: «*Los sanitarios afrontan el verano al límite de sus fuerzas*». Ao mellor interésalle o que pasa en Valencia: «*Los centros de salud un año en el olvido*». Ao mellor interésalle o que ocorre en Extremadura: «*El sindicato médico advierte de que la atención primaria está al borde del abismo*». Ou en Euskadi: «*La atención primaria al borde del colapso por falta de personal y aumento de carga de trabajo*». Ou en Asturias: «*Que te atiendan es como que te toque la lotería*».

Señoría, ¿será que todos os presidentes autonómicos, nacionalistas ou socialistas, queren recortar a atención primaria ou será que todos temos o mesmo problema, que é que non hai médicos? Parece máis razoable o segundo, ¿non? Porque non soamente é razoable, é que é verdade. E o problema que temos —e vostede debería de sabelo e non facer esa demagogia— é que todas respostas ás propostas que lles fixemos a todos os seus socios e ao Partido Socialista foron «non». A unha convocatoria extraordinaria de MIR para atención primaria, a resposta de vostedes e os seus socios foi «non». A unha oferta pública de emprego extraordinaria para todas as prazas vacantes do Sistema Nacional de Saúde, a resposta foi «non». A unha especialidade de médico de urxencias para ordenar as urxencias en hospitais en atención primaria, a resposta dos seus socios foi «non». Señoría, ¿por que non acepta a realidade?

Mire, señoría, a atención primaria estivo durante a pandemia atendendo a todo o persoal que estaba nos seus domicilios. Chegamos a ter 22.000 casos activos en Galicia, e 21.000 deles estaban atendidos na atención primaria a través do sistema Telea, que é un dos poucos sistemas que existen en Europa que concreta as constantes vitais —concreción telefónica— nun seguimento dos pacientes cando non necesitan ingreso. ¿Sabe o que dixo o BNG sobre



este sistema? «Están descapitalizando de persoal a sanidade pública». Menos mal que non lle fixemos caso, señoría.

Mire, sacamos 634 prazas en atención primaria, 143 en OPE e 491 en MIR. É a oferta máis ampla que nunca se fixo. Duplicamos os investimentos. Fala vostede de 200 millóns, e estamos investindo moitísimo máis en atención primaria. Soamente en investimentos este ano, 54 millóns de euros. Se pasease por Pereiro de Aguiar, A Estrada, Milladoiro, Paderne de Allariz, Melide, Narón ou O Saviñao, ou se fose vostede a Cenlle, Cambados, Cee, Mondariz, Covelo, Ortigueira, As Pontes, Mugardos e Ribeira, vería que estes 14 centros os puxemos en marcha neste último ano...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...tanto novos como de ampliación. Señoría, se a atención primaria de Galicia lle interesase e non lle interesase simplemente distorsionar a realidade, sabería que estamos con 40 centros en obra.

Pídeme vostede que concrete cando imos incrementar a presenza na atención primaria. Pois segundo vaia remitindo a covid. Pregunta vostede cando se pode pedir consulta presencial. Reitérollo, a consulta presencial irémola incrementando de forma inmediata. E nos próximos días, que non digo meses, nos próximos días, os galegos a través da páxina web ou a través do teléfono volverán recuperar as posibilidades de solicitar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...consulta presencial en Galicia. *(Aplausos.)* Probablemente seremos unha das primeiras comunidades autónomas de España. Por iso, señora Pontón, respecte un pouco máis a Galicia e respecte un pouco máis a verdade na sanidade pública.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, vostede ten razón cando di que vostede é moi previsible, porque si, cada vez que hai un problema en vez de buscar unha solución vostede o que busca son culpables. E agora resulta que leva doce anos gobernando e os problemas da sanidade pública son culpa do BNG, de Ana Pontón.

Señor Feijóo, esta é unha auténtica tomadura de pelo, e estas declaracións o único que delatan é a súa incapacidade e son, desde logo, todo un recoñecemento do fracaso da súa xestión no ámbito sanitario. *(Aplausos.)*

E, mire, nós claro que lle agradecemos ao persoal sanitario o esforzo que leva feito. E por iso denunciámos os ataques que fixo o seu goberno cando os culpabilizou dos problemas que



había en atención primaria. E se realmente lles quere agradecer aos profesionais o seu esforzo, escóiteos; porque son eles e elas os que están reclamando máis medios, que se cubran as baixas, que sexan tratados con dignidade e que deixe fóra a precariedade que instalou vostede no Sergas. (*Aplausos.*) Iso, señor Feijóo, é respectar e agradecerlles aos profesionais da sanidade pública o seu esforzo, o resto —e vou utilizar esa sesuda expresión coa que nos agasallou hoxe— é unha matraca —por certo, a matraca de sempre do Partido Popular—.

Porque, mire, se a situación é tan boa, ¿por que temos o país de arriba a abaixo con protestas do persoal e dos doentes porque se senten desamparados polos seus recortes en atención primaria? E o certo é que isto non é un problema de agora, porque é que o desmantelamento da atención primaria viña de lonxe, señor Feijóo. ¿Ou acaso non lembramos a dimisión en bloque de todos os xefes de atención primaria en Vigo? ¿Acaso non lembramos as mobilizacións masivas da xente na rúa? ¿Acaso non lembramos, señor Feijóo, o seu intento de pechar un paritorio en Verín? ¿Acaso cre que nos esquecemos daquilo que nos dicía de que ían facer máis con menos? Desde logo, señor Feijóo, se hoxe seguen as mobilizacións e as protestas do persoal sanitario —que até o denunciou pola vía penal o Colexio de Médicos de Pontevedra— é porque temos un problemón na sanidade pública. E vir aquí dicirnos que non pasa nada é tomarlles o pelo a este Parlamento e —o máis grave— aos galegos e galegas que están vendo como se lles priva dun dereito fundamental, que é o dereito á saúde. E para iso necesítase unha sanidade pública forte. (*Aplausos.*)

E volvo pedirlle que tome medidas, que se recupere a presencialidade xa. En segundo lugar, un plan de choque para a atención primaria de 200 millóns de euros. Terceiro, máis medios, porque con contratos estables e con contratos non precarios volverán os médicos que emigraron deste país, señor Feijóo. E pode ampliar a carteira de servizos de primaria a outras especialidades, desde fisioterapia a psicoloxía clínica —que boa falta fai co impacto que está tendo a covid na saúde mental da xente deste país—. Pode facer moito máis e, sobre todo, pode rectificar unha política que situou a atención primaria no colapso. Recoñézao, señor Feijóo, traballe para mellorar a sanidade pública e deixe de ser o mellor comercial da sanidade privada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta.

Presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, sabe vostede perfectamente que levamos anos pedindo a autorización para ofertas públicas de emprego extraordinarias que nos impiden facer as leis de presupostos xerais do Estado. Sábeo perfectamente. Pedino co goberno de Zapatero, pedino co goberno de Rajoy e sigo pedíndoo co goberno de Sánchez —os seus socios, señoría, os seus socios—.

Vostedes veñen aquí traer un problema que existe en toda España e responsabilizar os que estamos loitando para solventar o problema. É perfecto, señoría, os seus socios impídenos unha convocatoria de MIR extraordinaria, os seus socios impídenos sacar todas as prazas



vacantes, os seus socios votan que non para crear un servizo e unha especialidade de urxencias. E vostede vén aquí a rendibilizar o «non» dos seus socios e a lamentalo. (*Murmurios.*) Certamente, non pense vostede que os galegos non nos decatamos das súas permanentes contradicións.

Señoría, leva vostede desde o ano 2018 pedindo 200 millóns de euros máis en primaria, desde o ano 2018. A verdade é que as propostas do BNG sempre son continuadas no tempo. Pois, mire, evidentemente, o presuposto de primaria dende o ano 2018 creceu 200 millóns de euros. ¿Por que non cambian a súa proposta e, por exemplo, se suman a pedir 200 prazas máis de MIR de atención primaria para Galicia? Así solventaríamos o problema. Calquera médico que viva en Galicia, calquera médico que viva en España, e que queira traballar nun centro de saúde en atención primaria, está contratado antes de finalizar esta sesión de control. Pero ¿por que veñen outra vez intoxicar sobre o Servizo Galego de Saúde cando é un dos mellores servizos de saúde de Europa? E vímolos e contrastámolos durante a pandemia. ¿Como podemos recortar o mellor servizo sanitario de Europa cando ten as mellores ratios de Europa?! Señoría, o que estivemos facendo durante todos estes anos foi fortalecer o Servizo Galego de Saúde na atención primaria, na atención especializada, nas tecnoloxías, nas infraestruturas, desde o punto de vista tecnolóxico e desde o punto de vista informático. Pero, ¿por que non se alegra?, ¿por que non o celebra, señoría?

¿Vai pedir o BNG dunha vez por todas aos seus socios —cos que goberna nas cidades, nas deputacións— que deixen convocar un MIR extraordinario? Pero, ¿tan difícil é? Hai 6.000 persoas que non superaron o último MIR, ¿por que non sacamos 2.000 prazas desas 6.000 para a atención primaria en todo o Sistema nacional de saúde? Esa é a proposta que levamos traballando dunha forma constante e continua.

Pero, señoría, ¿por que fala vostede de recortes cando estamos ampliando o presuposto? Nunca houbo tanto presuposto en atención primaria, nunha houbo tanto presuposto no Servizo Galego de Saúde, nunca houbo tantas persoas traballando na sanidade pública. Cando chegamos, cando vostede apertaba o «si» ao Goberno, había 36.000 persoas, agora hai 42.000. Isto supón un 17 % máis, 6.000 persoas máis traballando no Sergas. ¿Por que di vostede que temos recortes cando resulta que o que estamos facendo é aumentando a plantilla, aumentando a tecnoloxía, aumentando as infraestruturas. Temos un problema estrutural e, lonxe de axudarnos, o que están é impedindo que resolvamos o problema para responsabilizarnos dese problema. Volvo reiterar: ¿é que o lehendakari ou o presidente de calquera das comunidades autónomas que acabo de referir están en contra da atención primaria, señora Pontón? ¿É que Esquerra Republicana de Cataluña —o seu socio— e Bildu —o seu socio— están en contra da atención primaria? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non debería rir, porque vostedes van con eles nas papeletas e gobernan co Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non deberían rir e si, efectivamente, abrir unha reflexión, señoría. Abra vostede a reflexión da contradición interna, permanente e constante, do Bloque Nacionalista Galego. Señoría, se vostede reflexionase



máis sobre Galicia e menos sobre a UPG, poderíamos... *(Risos.)* Non, non, xa sei que rin os da UPG, pero a señora Pontón está moi preocupada pola UPG. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Digo que, se reflexionasen un pouco máis, poderíamos, sen ningunha dúbida, traballar un pouco máis por Galicia.

Mire, en atención primaria, a pesar de que non temos prazas MIR suficientes, levamos 113 médicos máis dos que tiñamos no ano que comezamos, no ano 2020 —o de referencia—. E, en total, en atención primaria en Galicia traballan 600 persoas máis. *(Murmurios.)* Eses son os datos, señoría, o demais son responsos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, como o que me interesa é unir o país e o que me interesa é intentar traballar polo país, quixera aproveitar este último segundo para agradecer...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a un goberno unido que se manteña unido.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E como para este goberno a súa competencia máxima...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...é gobernar o país...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...veño trasladar ao Parlamento —señor presidente— a decisión do Goberno de renunciar ás súas actas de deputados e deputadas para poñerse á disposición do Goberno ao cen por cento. ¿Verdade que así, señoría, poderíamos ter un goberno unido? Sería incapaz, señora Pontón, sería incapaz, señor Caballero, de que o seu goberno puidese entregar as actas para dedicarse exclusivamente ao Goberno. *(Murmurios.)* E por iso quero agradecerlle nesta última sesión a todas as conselleiras...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e a todos os conselleiros que renunciaren ás súas actas para dedicarse exclusivamente ao Goberno —salvo os dous vicepresidentes—. Estou moi orgulloso de presidir un goberno unido e un goberno para o que o único obxectivo é Galicia, señorías. *(Aplausos.)* ¡Galicia, Galicia e Galicia! *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Continuamos agora cunha alteración da orde do día, pasamos a unha pregunta, unha pregunta de Leticia Gallego Sanromán, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto dos aloxamentos para peregrinos e peregrinas mentres os albergues continúen coa ocupación reducida

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día, deputados e deputadas.

Bo día, vicepresidente.

Antes de nada, quero dicir que o sector da verbena está fóra. Señor Rueda, podía ir escoitalos.

Ben, as medidas sanitarias para tratar de controlar o avance da quinta vaga do coronavirus fixeron que se tivesen que reducir máis as prazas... *(Murmurios no salón de sesións.)*

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento, señora Gallego. Non está contabilizado o tempo. Imos esperar a que haxa unha certa tranquilidade para que se poida formular a pregunta.

Por favor, silencio, porque, se non, non podemos continuar co pleno. *(Pausa.)*

Cando queira, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día de novo a todos e a todas.

Bo día, vicepresidente.

Pois, como estaba dicindo, o sector da verbena está aí fóra. Podía ir escoitalos, señor Rueda.

Ben, as medidas sanitarias para tratar de controlar o avance da quinta vaga no coronavirus fixo que se tivesen que reducir máis as prazas nos albergues de peregrinos, o que creou un



serio problema para as persoas que estaban facendo o Camiño de Santiago e que quixeron pernoctar neses albergues.

Durante a semana do 19 de xullo moitos albergues colgaron o cartel de «completo», e incluso tiveron que coordinarse entre todos eles para tratar de dar acubillo a todos os peregrinos e peregrinas que solicitaban praza para pasar a noite. Están chegando milleiros de peregrinos e de peregrinas á nosa terra e están tendo serios problemas para pernoctar nos albergues. Moitos incluso piden durmir no chan e incluso algúns durmiron en caixeiros automáticos ante a desesperación.

No mes de xullo xa avisaron ao Goberno dende os albergues que había moitas reservas para o verán, e non fixeron nada dende o Goberno. Faise unha gran campaña do Xacobeo e despois os peregrinos veñen e non teñen onde durmir. Isto é unha falta de previsión total por parte da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

E xa lle adianto que agora vai acontecer o mesmo, porque a partir do 15 de setembro ata o 15 de outubro os albergues volven ter todo reservado. Como non permitan ampliar o aforo dos albergues ou non busquen unha alternativa, os peregrinos non terán onde durmir outra vez.

O Grupo Parlamentario Socialista demandamos á Xunta de Galicia dar unha solución urxente a eses milleiros de peregrinos e peregrinas que están facendo o Camiño de Santiago e se atopan co problema de non ter onde pasar a noite, o que crea malestar e queixas por parte dos turistas. Esta imaxe non é boa nin para o turismo nin para o Xacobeo nin para Galicia; igual que non é boa a imaxe deses peregrinos que non atoparon onde comer ao chegar a Santiago polas limitacións dos locais, e que marcharon enfadados; e igual que non é boa a imaxe do grupo de viaxeiros de Burgos, con barco ás Cíes reservado dende xuño, que ao chegar a Vigo en agosto para visitar as illas Cíes se atopan con que se lles cancela a viaxe porque se pechara o cupo ás illas Cíes. Todos estes turistas non volverán a Galicia pola mala organización, pola falta de coordinación e pola nula planificación do seu goberno, señor Rueda. *(Aplausos.)*

O Goberno autonómico tería que ter unha previsión, unha planificación, por se nalgún momento acontecía isto. Era bastante previsible que nunha pandemia como na que estamos pasara isto. Ante esta problemática na que nos atopamos non existe ningunha alternativa para que os turistas que están facendo o Camiño de Santiago teñan onde pasar a noite. ¿Que solución lles vai dar a Xunta de Galicia a estes peregrinos?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señora Gallego.



Entón, se eu entendín ben —e alégrome de que o recoñecese así á súa maneira—, o Xacobeo vai ben. (*Murmurios.*) Vai ben, ¿non? Dígoo porque estou seguro de que, se non, a súa pregunta sería sobre o desastre da Xunta de Galicia, que non conseguiu que viñesen peregrinos nun ano fundamental para a recuperación, para o rexurdimento, que non fomos capaces de traelos, planificamos mal, fixemos unha mala campaña... E vostede dixo aquí que fixemos unha moi boa campaña que trouxo moitos peregrinos.

E agora imos coa segunda parte. Dígoo porque a primeira, nos primeiros meses, era dicir que non estabamos facendo nada, que non había programación, que non había planificación e que o Xacobeo ía ser un fracaso absoluto. Despois, as cifras —e alégrome de que non as discuta— desméntena en todo aquilo que dixeron, que é todo o contrario. Polo tanto, alégrome de que esteamos falando do fundamental: que xa se entregaron 110.000 compostelas nos últimos tres meses —eu calculo que serán arredor de non menos de 150.000 peregrinos—, que houbo millóns de turistas e que vostede cita casos moi puntuais. Non vou entrar. Poderíallo explicar tamén, e, se quere, se me fai unha pregunta para falar dalgún caso concreto que vostede dixo, estaría encantado de explicarllo para que vexa que non é como vostede estaba dicindo. Pero alégrome de que sexan anécdotas dentro dos millóns de persoas que chegaron a Galicia. Iso quere dicir que as cousas foron ben, e isto débese a moitas razóns.

A primeira é a propia imaxe da marca Xacobeo, que, sen ningunha dúbida, tira do país e tira do turismo. Ao final, a xente non é tan parva, e eu alégrome de que esas campañas de «rachemos co Xacobeo» dos seus socios —que vostedes nunca descualificaron—, primeiro, á xente lle deran estupor; segundo, lle deran risa; e, terceiro, pasaran directamente. Dígoo porque, xa que falamos de Xacobeo, falemos de por que vén a xente aquí e de cales son as súas condicións.

A segunda razón deste éxito estou seguro de que foi que os primeiros que veñen aquí teñen a sensación certa e real —cunha campaña axeitada que se fixo en colaboración co sector— de que Galicia é un destino seguro e de que, polo tanto, facer o Camiño é tamén unha actividade segura. E por iso vén aquí tanta xente, por iso moita xente, que ao mellor pensaba ir a outros sitios, ao final decidiu vir a Galicia como turista ou a facer o Camiño. De aí veñen esas cifras que vostede —supoño— e eu, dende logo —como representante da Xunta—, celebramos.

E isto débese a que fixemos as cousas ben. Vostede na súa pregunta fálame de cousas que non son así. Perdoe que llo diga, pero hai que documentarse ben. Non están uns albergues ao 30 % e outros ao 50 %. Estaban, primeiro, todos ao 30 %, e despois todos ao 50 %. E falamos moito co sector e planificamos isto. Decidimos non abrir os albergues públicos mentres non se colmatara o número de prazas e o número de reservas nos privados. E fixémoslo de acordo con eles. E xa sabiamos que nalgún momento —igual que nun ano sen restricións, con máis peregrinos aínda— ía haber picos nos que sería moi difícil aloxar a xente. Pero ¿sabe que lle digo, señora Gallego? Que o conseguimos, fronte a algúns agoireiros —e non quero dicir algúns, que penso que ninguén estaría desexando iso—. Algúns esperaban, e non os vía moi preocupados, que ao final houbera contaxios no Camiño, que houbera algún tipo de problema e se convertese nunha actividade que, en vez de chamar cada vez máis xente,



botase para atrás a moita xente por non haber seguridade. Nós conseguimos todo iso, fomos responsables.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): É moi fácil facer demagoxia. Vostede está claro que non se dá conta...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente...

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...de cal foi a razón do éxito do Camiño. Nós imos seguir igual.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Señor Rueda, non se desvíe do tema. ¿Que vai facer cos albergues? ¿Que vai facer con esta problemática? Non se desvíe do tema. ¿Anécdotas? Anécdotas, non; esas anécdotas fixeron que moita xente non volva a Galicia, non son anécdotas. É un problema real que está acontecendo agora en Galicia. ¿Que vai pasar coa xente que non ten onde durmir nos albergues? Non se desvíe do tema.

Se fixesen as cousas ben, non pasaría isto, evidentemente. Ou sexa, nós si falamos coa xente dos albergues e dinos que van ter un problema outra vez agora en setembro e en outubro. ¿Que vai facer? ¿Cal vai ser a alternativa? Díganola xa. ¿Que pasa? Que vostedes no seu goberno están nunha improvisación constante, nunha improvisación no turismo, na hostalería, no ocio nocturno. Hoxe mesmamente os hostaleiros din: «*Ya no sabemos a qué atenernos, así no se puede trabajar*». É unha improvisación constante.

Temos que ir cara a ter menos restricións nos albergues, no ocio nocturno. Na hostalería parece ser que a partir de hoxe xa a cousa vai ter menos restrición. Entramos nunha nova etapa desta pandemia con máis do 70 % da poboación vacinada. Por certo, quero lembrar que o presidente Feijóo dixo varias veces que non estaría no verán o 70 % da poboación vacinada. E esta poboación está vacinada grazas ao goberno de Pedro Sánchez, aínda que a vostedes non lles guste. Pero si, grazas ao goberno de Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Esta é a deslealdade do goberno do señor Feijóo co Goberno de España, ¡deslealdade total, total! E a máxima deslealdade foi coa presentación do plan estatal do Xacobeo, que se presentou o 29 de xullo e que nin vostede nin o señor Feijóo acudiron a esta presentación do plan; (*Murmurios.*) plan que vostede dixo neste hemiciclo unha e outra vez que non se ía presentar en Galicia. E presentouse aquí en Santiago coa ministra de Turismo.



Tamén dixo vostede aquí nesta sede parlamentaria que tampouco había investimento. E si hai, hai un investimento de 25 millóns de euros do Goberno de España...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego. Terminou o seu tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

Peche da pregunta, señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Dime que non me desvíe do tema e di aquí que... *(Prodúcense problemas coa megafonía.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.)*

Ben, agora espero que me chegue o tempo.

Diciame, señora Gallego, que non me desvíe do tema. E resulta que vostede se me vai ás vacinas. Moitísimas grazas ao señor Sánchez por vacinar tamén os do PP. Estamos enormemente agradecidos. *(Risos.) (Aplausos.)* Aproveito para dicirlllo. Desde logo, estamos moi agradecidos.

Mire, o Xacobeo presentouse en Asturias, e por iso non estivemos. Parece mentira que vostede non o saiba. É que a presentación do Plan Xacobeo foi en Asturias, e despois veñen segundas, terceiras e cuartas partes que están moi ben, pero se vostede encontra normal iso, nós, desde logo, non. E cremos que é unha falta de consideración cara á comunidade autónoma.

E despois iso tamén se ve nos investimentos. Alégrome de que nos diga que son 25. A ministra dicía que eran 120. Xa estamos coas rebaixas. *(Murmurios.)* Por agora é cero, por agora é cero, jeh! Se se chega a 25, pois algo é algo.

E despois, mire, señora Gallego, hai dúas formas de falar do Xacobeo: botando unha man e dicindo as cousas que se poden mellorar, intentando melloralas, ou dando esta sensación de alarma. Porque vostedes ao final pensan que o Xacobeo vai ben, e, como a Xunta está tirando do Xacobeo e iso lle convén á Xunta, lle convén ao PP, pois hai que contrarrestar todo iso e dicir que as cousas non van ben. Se non, non se entende, de verdade, a súa actitude, non se entende a súa contradición.

Vostede é de Vigo. ¿Sabe vostede que o goberno municipal de Vigo está dicindo que está en contra —xa que estamos nunha pregunta de albergues que me fai vostede e que di que hai poucos albergues e poucas prazas— de que abramos o albergue de Vigo porque di que é unha competencia desleal coa hostalería e que os albergues públicos non deberían existir? Pero ¿en que quedamos, señora Gallego? ¿Dáse vostede conta do inconsistentes que son os seus argumentos? ¿Pero se caen polo seu propio peso! ¿Albergues si ou albergues non? ¿Maior oferta



posible si ou maior oferta posible non? Porque, se hai pouca oferta, entón trasládase unha imaxe —que é falsa— e iso convenlles a vostedes porque o Xacobeo non iría tan ben, e parece ser que diso tiran algún beneficio. ¿Dáse conta de como é todo isto? ¿Dáse conta de que isto temos que apoialo entre todos? Primeiro crearon alarmismo dicindo que non ían vir peregrinos, despois crean alarmismo dicindo que non teñen onde durmir e que todo foi un caos. Menos mal que a xente que fai o Camiño, a xente que se dedica profesionalmente a isto, loxicamente di que canto máis aforo mellor. Eu non sei se falan con vostedes. Desde logo con nós falan e dinnos que ante todo está a seguridade. E que entenden as restricións para manter esa xoia que é a seguridade no Camiño, que é fundamental para o éxito que estamos tendo. E, dende logo, en canto se poida, hai que ir subindo. Subimos do 30 % ao 50 %. Estamos xa ao nivel doutras comunidades autónomas. E, por certo, teñen os mesmos problemas. Iso quere dicir que o Camiño tamén tira noutras comunidades autónomas, e estamos encantados porque a xente que pasa por outras comunidades autónomas ao final chega a Galicia. E tamén teñen problemas de aforo —algunhas gobernadas polo Partido Socialista, coas cales falamos e intentamos coordinarnos tamén—. Porque, mire, á diferenza do que fai vostede aquí, a xente que ten responsabilidades de goberno —socialistas noutras comunidades— entende que o que hai que facer é falar ben do Camiño, dicirlle á xente que veña, que hai seguridade, que pode haber inconvenientes derivados da pandemia, pero que todo isto se vai solucionando.

Estamos agora mesmo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o tempo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Remato agora, presidente. Uns segundos máis.

O señor PRESIDENTE: Non, rematou.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Nunha proba piloto cos albergues... *(O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. Rematou o tempo. Xa está compensada a interrupción. *(O señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo pronuncia palabras que non se perciben.)*

(Aplausos.)

Continuamos coa orde do día. Agora pasamos ao punto quinto xa, que é o de interpelacións.

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación co sector naval de Vigo

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora González Iglesias.



A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, conselleiro.

Barreras, Vulcano e agora Metalships, os tres maiores estaleiros da ría de Vigo, atópanse nunha situación moi preocupante. Barreras está á venda ao módico prezo dun euro, á espera de que apareza un comprador que se faga cargo do estaleiro e das cargas que leva con el, que non son poucas. Dende que o Evrima abandonou o estaleiro en marzo para ser rematado en Santander, o persoal eventual do estaleiro e todos os traballadores das empresas auxiliares que operaban no Evrima non están en activo e o persoal fixo enfronta un ERTE que corre o risco de converterse nun ERE extintivo. Barreras está sen carga de traballo nin perspectiva de pedidos, ao non existir oficina técnica que os viabilice, e ten débedas millonarias coa industria auxiliar.

Con este panorama as perspectivas son trágicas. Pero a crise de Barreras non é consecuencia da pandemia, Barreras leva dez anos en crise; unha crise que se agravou coa aterraxe en Vigo no ano 2013 de Pemex da man da Xunta de Galiza, unha aterraxe que lle saíu mal, conselleiro, porque Pemex era unha mentira. Feijóo naquela presentación retransmitida en directo pola TVG prometeu dous floteis, catorce remocaldores, dous quimiqueiros, un buque estanque, unha base loxística en Punta Langosteira e un segundo flotel anunciado para a ría de Vigo; e que iso ía supoñer a creación de 2.500 postos de traballo, un auténtico maná. De todo iso só quedaron dous floteis, un en Barreras e outro en Navantia, e unha débeda millonaria. Iso si, o que ía ser a salvación definitiva do estaleiro acabou sendo un *bluf*, un engano, un auténtico fracaso, e rematou coa investigación a Pemex por corrupción e a detención dun directivo. O presidente Feijóo puxo o maior estaleiro privado do Estado nas mans de corruptos.

A finais de 2019 Pemex cedeulle a súa participación de Barreras a Ritz Carlton, que tomou o control da empresa e pasou de ser cliente a ser dono, co único obxectivo de rematar o cruceiro de luxo da súa propiedade que se estaba construíndo no estaleiro. A débeda multiplicouse e, unha vez que o Evrima abandonou Vigo para ser rematado en Santander, antes do que vén sendo a operativa habitual, Ritz Carlton abandonou Barreras deixando unha consultora encargada da venda do estaleiro.

Barreras é o maior estaleiro privado do Estado e esta nova crise compromete seriamente a súa continuidade, cun risco real de liquidación.

A segunda pata do banco é o estaleiro San Enrique, o antigo Vulcano. Atópase á espera de que a Autoridade Portuaria de Vigo lle autorice a utilización da lámina de auga provisionalmente, ata que se resolva o concurso para a súa concesión definitiva.

No mes de xullo este Pleno tomou o acordo, por iniciativa do BNG, de instar a Autoridade Portuaria e os membros do Consello de Administración do Porto de Vigo a votar a favor desta autorización e a que os novos pregos para a concesión condicionen a súa adxudicación a un proxecto industrial dedicado á construción e/ou á reparación naval. Pero a día de hoxe o estaleiro San Enrique segue esperando pola autorización provisional para retomar a súa actividade.



E agora a estes dous estaleiros súmaselles Metalships, que se atopa sen carga de traballo nin previsión de que a vaia ter. A situación destes tres estaleiros pon o sector en Vigo e a súa comarca nunha situación crítica. En ningún outro lugar se pode atopar un ecosistema de auxiliares e provedores como o que posúe a industria naval viguesa, pola cantidade de empresas e pola variedade de servizos que ofrecen. Este tecido industrial depende nunha grande medida da carga de traballo de Barreras, de San Enrique e de Metalships, e a súa desaparición provocará a perda de moitos postos de traballo e repercutirá na economía da cidade.

O sector naval na cidade de Vigo e na súa comarca chegou a representar preto de dez mil postos de traballo, e na actualidade o emprego que xera apenas supera o milleiro, nunha situación na que a última enquisa de poboación activa constata que na cidade de Vigo hai 6.200 empregos industriais menos que no ano 2009.

Nesta situación moi preocupante a Xunta de Galicia segue sen poñerse á cabeza para resolver esta crise. Limitábase a poñerse de perfil e buscar culpables. Nos últimos días o presidente Feijóo volvía repetir o seu compromiso de seguir acompañando esta industria, e reclamáballe ao Goberno do Estado un plan de recuperación para o naval. Compañía non é o que precisa o sector naval de Vigo, conselleiro, precisa nestes momentos políticas decididas que apuntalen un sector estratéxico para Vigo e para Galiza.

Conselleiro —xa llo dixen nalgunha ocasión—, están vostedes gobernando, é vostede o conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, e, aínda que esqueceran incluílo no título da Consellería, ten vostede as competencias en materia de industria en Galiza. Póñanse á fronte desta crise, deixen de buscar culpables, de botar balóns fóra, asuman as súas responsabilidades e poñan en marcha ese plan que reclaman para o sector naval galego.

Como industria estratéxica para o noso país é preciso que a Xunta de Galiza capitaneee un proxecto do que formen parte todos os integrantes do sector —sindicatos, empresarios, patronal, así como as universidades e o Goberno do Estado—. Convoquen a mesa do naval para marcar o rumbo que leve o sector naval galego aos primeiros postos do mercado mundial e poida competir en igualdade de condicións. «*Hay que apoyar al naval para que avance, se modernice e implemente nuevas tecnologías aplicables a sus procesos con el fin de desarrollar nuevos prototipos*». Isto non o di o BNG —como xa imaxina—, dío o Centro Tecnolóxico Soermar, en Madrid. E élle ben triste que unha actividade estratéxica para Galiza —como ben o recoñece vostede e a Xunta de Galiza— non teña un centro tecnolóxico de referencia no país, que non haxa ningunha aposta polo I+D+i no sector naval, que non haxa ningunha aposta pola tecnoloxía para poder competir no mercado internacional.

Ten razón o presidente galego, Alberto Núñez Feijóo, cando di que é urxente poñer en marcha un plan estratéxico para o sector naval galego. O BNG está de acordo co presidente. Agora ben, quen ten que poñelo en marcha é o Goberno galego. ¿A que están esperando? O PP ten que deixar de mandar balóns fóra, ten que deixar de buscar culpables e poñerse a traballar. O reloxo non para, urxe trazar unha folla de ruta que garanta o futuro para a industria naval galega, para todos os estaleiros do noso país sen deixar ningún atrás.



Resulta infantil, patético, indignante —non sei moi ben que adxectivo poñer— oír as continuas leas e discusións que manteñen o Goberno galego e o Goberno central. Recórdanme vostedes neste asunto as liortas que teñen os meus fillos adolescentes —e imaxino que a maioría van entender o que digo— cando lles mandas facer algún recado e din: ¡Buf!, tócache a ti, eu xa fun onte. ¡Sempre vou eu! ¡A culpa é túa...! Aquí vostedes actúan exactamente igual. As galegas e os galegos empezamos a estar fartos dese «pim pam pum» continuo que manteñen. Teñen abandonado o noso país en temas tan importantes coma este. Mais a pesar de que ao BNG nos gustaría ter soberanía propia, a solución para o naval galego ten que vir da man do Goberno galego e do Goberno do Estado. Pero é o Goberno galego, o Goberno do PP, quen prometeu traballar por «Galicia Galicia Galicia». E é quen ten que coller o temón e defender os intereses de Galiza en Madrid, e o que ten que pular polo futuro do sector naval galego.

Conselleiro, ¿está traballando xa o Goberno galego nese proxecto estratéxico do que fala o presidente Feijóo? ¿Que medidas está levando a súa consellería para evitar a desaparición de Barreras? ¿Desbota a Xunta de Galiza mecanismos de participación para consolidar o estaleiro de Barreras e o sector naval de Vigo? ¿Pensa impulsar a creación dunha mesa do naval na ría de Vigo coa participación da Xunta de Galiza, do Goberno central, así como das organizacións sindicais e empresariais máis representativas para buscar solucións efectivas que blinden a continuidade do sector?

Agardo que esta vez conteste as nosas preguntas.

Obrigada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Iglesias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, don Francisco Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora González, eu agradézolle que traia a este Parlamento un debate sobre o sector naval, un debate que loxicamente ten que buscar solucións para o sector, solucións para os traballadores e, polo tanto, traballar para seguir consolidando un sector estratéxico que ten unha situación nestes momentos de dificultade —en gran medida tamén polos cambios que se están producindo a nivel mundial dende o punto de vista da demanda—. Pero, loxicamente, Galicia non vai renunciar a seguir apostando por este sector estratéxico dende o punto de vista do seu tecido produtivo. E, polo tanto, no centro deste debate estará sempre a situación dos traballadores, a situación das empresas e como podemos impulsar esas medidas.

O que eu lle pediría ao traer este debate ao Parlamento é que ou ben se informe mellor ou ben sexa valente e lles diga aos traballadores, para os cales temos que identificar esas me-



didadas, a verdade. Seguramente este é un bo exemplo de como o Bloque Nacionalista Galego mantén as súas contradicións dende o punto de vista de política industrial. Vímolos antes na pregunta co presidente en materia sanitaria, e esas contradicións tamén se traen á política industrial e ao sector naval. Sabe que Navantia é un estaleiro que depende exclusivamente do Goberno do Estado. E, polo tanto, todas as medidas, dende ese punto de vista, non só para Navantia senón tamén para o impacto que teñen na industria auxiliar e tamén para a industria auxiliar que traballa na ría de Vigo, pois loxicamente dependen do Goberno.

En segundo lugar, o Bloque Nacionalista Galego —e se non o sabía, recórdollo— ten asinado un acordo de lexislatura con ese Goberno que vostedes non son capaces de facer cumprir. Eu voulle trasladar o que di ese acordo de lexislatura entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista: *«Se prestará una especial atención a la industria naval que articula la producción de riqueza y empleo en las áreas de Vigo y de Ferrol, recuperando la actividad de Barreras y Vulcano, y convirtiendo Navantia en un complejo industrial integral que apoye su actividad en la construcción naval civil»*. Creo que é unha boa oportunidade para que o Bloque Nacionalista Galego asuma o seu fracaso. Non sei con que carácter de análise psicolóxica dende o punto de vista da adolescencia e de como reaccionan os máis xoves ante este tipo de situacións, pero, se empezase a asumir o Bloque Nacionalista Galego o seu fracaso desa alianza que ten no sector naval co Goberno ao que está apoiando, pois seguramente poderíamos atopar solucións.

En terceiro lugar, señora González, no mes de marzo deste ano —estamos en setembro— a Xunta de Galicia remitiulle un escrito ao Ministerio de Facenda, como responsable da SEPI. E xa no mes de marzo lle pedimos ao Goberno que comprometése os fondos de solvencia que se estableceron no marco da recuperación da covid para a defensa da nosa industria naval en igualdade de condicións que estaban facendo e seguen facendo o resto de países europeos. Pedíámoslle tamén á SEPI que resolvése en tempo e en forma a petición de financiamento que neses momentos —mes de marzo— solicitara Barreras á SEPI para garantir o financiamento e a continuidade do estaleiro. E pedíámoslle tamén á SEPI que acometése o dique seco e demais investimentos necesarios para que Navantia-Ferrol puidese competir en igualdade de condicións a nivel internacional —peticións todas elas, señoría, que temos trasladado ademais a todos os membros do Consello de Ministros cos que tivemos ocasión de reunirnos, incluído tamén o presidente Sánchez, que vostedes apoian, e que sempre tiveron o mesmo resultado, o silencio—. Eu non sei onde está, claramente, a posición de defensa do Bloque Nacionalista Galego do sector naval.

O último exemplo —se me permite— tivémolo o pasado martes na Comisión 6ª deste Parlamento. O Bloque Nacionalista Galego, que un día antes anunciara a bombo e platillo unha ofensiva política para facer valer Galicia, pois non apoiou a construción dun BAM para a Armada española nos estaleiros de Navantia en Ferrol. Nin tampouco está apoiando un pacto de Estado por Ferrol, consensuado cos axentes económicos e sociais, para que se poida dar unha resposta conxunta por parte das dúas administracións precisamente para protexer o emprego e o tecido industrial —tamén mirando cara a Ferrolterra—.

O mesmo sucedeu en xullo e en marzo, señora González. O Bloque Nacionalista Galego segue sen apoiar a viabilidade e o financiamento da industria naval a través dos fondos europeos Next Generation. Segue sen apoiar e comprometer o sector na súa reclamación ante a Unión



Europea para que se poida garantir o principio de igualdade nas axudas que outros Estados membros están dotando para este sector.

Creo, señora González, que é evidente a vocación que ten este Goberno de consensuar neste Parlamento medidas para o sector naval. E é moi evidente a situación que temos por parte do Bloque Nacionalista Galego, que simplemente está utilizando o sector naval para confrontar, non para atopar medidas nin apoiar este Goberno para impulsar esas medidas, que necesariamente teñen que ser compartidas e en colaboración con outras administracións. E esa é a vocación deste Goberno.

Postas as cartas sobre a mesa, debo recordarlle tamén, señoría, que a Xunta de Galicia actuou en todo momento con transparencia e co máximo compromiso de apoio ao sector. Fixémolo poñéndonos á disposición do Goberno central para traballar conxuntamente para identificar unha solución. Fíxeno eu persoalmente e trasladeille ao Ministerio de Industria esa proposta de traballar conxuntamente no aval do préstamo que estaba solicitando Barreras no mes de marzo. ¿Resposta? Silencio. Fíxoo o Goberno da Xunta de Galicia comprometendo unha partida de 8 millóns de euros, que foi o apoio, señora González, que solicitou a propia propietaria do estaleiro á Xunta de Galicia. E o único que fixo o Goberno neste caso foi aplicar a normativa e en ningún caso dar resposta ao que precisaba o estaleiro.

Nós imos seguir mantendo o compromiso para a procura dunha saída viable para Barreras. É a nosa obriga, é o noso compromiso, é a nosa responsabilidade. E, dende logo, ese compromiso é inquebrantable. Segue aberta a nosa oferta de apoio a través de préstamos participativos ou a través da participación no capital. Así llo trasladamos dende o primeiro momento ao estaleiro e así o trasladaremos neste contexto de busca dun novo socio. O único que precisamos, señora González, é que haxa un novo proxecto que poida impulsar un cambio de rumbo neste estaleiro e que se poidan achegar as máximas garantías tanto para os traballadores como para a industria auxiliar. E nese traballo e nese compromiso da Xunta de Galicia, dende o punto de vista financeiro, loxicamente imos seguir intentando colaborar co Goberno do Estado para que poida apoiar cos seus mecanismos e cos seus instrumentos —que os teñen non só para o apoio do sector naval senón doutros sectores— e para poder traballar conxuntamente. Porque iso é o que nos están pedindo precisamente os traballadores, traballar conxuntamente co Goberno do Estado, co Goberno central, para poder atopar unha solución.

Ese compromiso non é novo. Así o levamos facendo con Barreras e co sector naval. Eu lamento que vostede sexa tan vehemente e tan pouco respectuosa co que fixo este Goberno polo sector naval. Creo que sinceramente non responde á realidade, responde simplemente á súa vocación de confrontar co Goberno para dicir que están apoiando o sector. Nós facilitamos carga de traballo cando moi poucos apostaban polo naval galego no ano 2012, facilitamos a capitalización do estaleiro cando necesitaba desenvolver e diversificar a súa capacidade produtiva. E tamén facilitamos, señoría, no ano 2017 financiamento para que se puidese asumir a construción do flotel. Esa vocación está nas diferentes liñas que estamos impulsando en materia de formación, en materia de innovación. Sorpréndeme que vostede non coñeza o apoio deste Goberno, da Xunta de Galicia, ao impulso da innovación a través de seis proxectos de unidades mixtas, cunha mobilización de 16 millóns de euros, e á propia



liña de fábrica intelixente, cun apoio a Navantia que está permitindo mobilizar 10 millóns de euros para o desenvolvemento do Xemelgo Dixital.

Seguiremos traballando e farémolo cos axentes económicos e sociais. E temos o marco, señora González, o Comité de Industria do Consello Galego de Economía e Competitividade, que é onde estamos traballando cos axentes económicos e sociais, precisamente para consensuar con eles tamén estas medidas en materia de formación, de innovación, de diversificación e de financiamento que imos impulsar para atopar ese futuro para os traballadores de Barreras, de Vulcano e de Metalships, para os traballadores do sector naval no seu conxunto, porque ese é o noso compromiso e é tamén a nosa responsabilidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señora González.

A señora GONZÁLEZ IGLESIAS: Grazas, presidente.

Eu creo que o Partido Popular está sufrindo unha seria crise de identidade. Non teñen moi claro se son goberno ou son oposición, porque realmente cada vez que soben aquí é para facerlle oposición ao BNG (*Aplausos.*), para criticar que o BNG presente interpelacións, propostas, e que os moleste e lles saque as cores.

Agradécennos vostedes que traíamos aquí este tema. ¡Traíano vostedes, léveno vostedes a Madrid! Non coñezo ningunha iniciativa de ningún deputado do Partido Popular no Congreso dos Deputados que levara unha iniciativa para que o Goberno poña en marcha este plan. ¡Fáganlo! Nós facemos o noso traballo, que é traer aquí e levar ao Congreso dos Deputados o problema do sector naval de Vigo e o problema das perdas de postos de traballo na cidade de Vigo.

Fala vostede de participación con préstamos, con axudas. No BNG levamos tempo dicindo que esa non é a solución para o naval. Non podemos seguir soltando cartos para encherlles os petos aos empresarios privados. Entren a formar parte do Consello de Administración de Barreras, xeren confianza nos compradores. ¿Parécelles ben isto de que Barreras pase de man en man, de comprador en comprador, sen un proxecto estable? Se están dispostos a que haxa un proxecto estable en Barreras, entren no capital —que xa o teñen, porque ademais hai préstamos da Xunta e do Estado concedidos— e adopten unha postura activa. Entren e formen parte dese consello de administración e participen na procura dun proxecto solvente e que o comprador sexa alguén que traia un proxecto que leve o naval de Vigo a onde ten que ir.

A realidade é máis ben outra, a realidade é que levan vostedes doce anos gobernando en Galiza, e nestes doce anos o sector naval perdeu miles de postos de traballo, perdeu os profe-



sionais mellor cualificados —que tiveron que emigrar e agora traballan por Europa adiante—, e perdeu o liderado na construción naval que tiñamos no Estado. Con vostedes no Goberno o que está claro é que o sector naval perdeu. E é o momento de que iso deixe de ser así. É momento de que ese proxecto co Goberno do Estado, respecto do que vostedes din que están dispostos a colaborar, saia da Xunta de Galiza. Non esperen a que llelo traian, non vaian dicindo que hai que facelo. Fágano, preparen o proxecto, vaian a Madrid, presénteno na mesa e digan: queremos que apoiem isto. Ao mellor funciona, ao mellor cambiar de estratexia funciona.

Dende logo, o BNG vai seguir indo a Madrid a exixirlle ao Goberno o mesmo que exiximos aquí: que faga cada un o seu traballo. Porque os dous teñen que facer un traballo para salvar o sector naval da ría de Vigo, da comarca de Vigo e de toda Galiza.

Falaba vostede de que no BNG non colaboramos. O BNG vén trasladar aquí as peticións dos galegos e das galegas. Para Navantia queremos diversidade de traballo e sempre o defendemos así. Non imos apoiar que en Navantia só se fagan barcos militares. Vostedes tampouco apoian as nosas iniciativas. ¿Por que non podemos ter diversidade en Navantia?

Non vou dicir nada máis porque creo que está bastante claro que vostede vai seguir coa mesma política que levan ata agora, a de acompañar, a de esperar a que o Goberno do Estado presente ese plan industrial que vostedes teñen que presentar e que, se non se fai, non vai facer que o sector naval avance. O BNG vai apoiar todas as iniciativas que leven o sector naval ao futuro, pero non imos apoiar que dende o Goberno da Xunta de Galicia se siga coa pasividade coa que levan doce anos e sen facer nada para que ese sector naval avance e teña futuro.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, señor vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora González, eu, evidentemente, como xa lle trasladai, agradezo que poidamos falar do sector naval, pero pídlle un pouco de rigor nos plantexamentos.

Fálame vostede de Navantia. Claro que nós podemos perfectamente apoiar as iniciativas do Bloque Nacionalista Galego. O que non imos apoiar, señora González, é unha proposta do Bloque Nacionalista Galego que fala de apoiar o sector naval de Navantia na construción civil, porque vostedes obvian a militar e nós non. Nós defendemos que Navantia ten capacidade para impulsar a construción civil e militar. Mentres vostedes queiran pechar Navantia



desde o punto de vista da construción militar, nós non apoiaremos ese tipo de iniciativas; contradicións permanentes coas que vostedes queren confundir, queren confundir lamenablemente nese debate que vostedes queren levar ao político, e que os traballadores e a Xunta queren levar ao económico.

Eu non sei cal é a súa proposta. ¿Que me está propoñendo?, ¿nacionalizar Barreras? Porque iso é o que parece a súa proposta. Nós claro que estamos a favor de participar no capital de Barreras se así o socio industrial con capacidade para desenvolver ese proxecto o considera oportuno. E nós mostramos o noso compromiso para facelo, e o noso compromiso para conceder préstamos. Pero se vostede me está propoñendo ou ben a nacionalización do estaleiro ou ben o que fixeron con Alfageme —32 millóns de euros a fondo perdido sabendo que non había un proxecto industrial, un fallido de 32 millóns de euros que tiveron que pagar os galegos e as galegas—, se me está propoñendo calquera desas dúas iniciativas, non conte coa Xunta de Galicia. Se o que me está propoñendo é que traballemos en colaboración coa propiedade do estaleiro, porque o estaleiro ten un propietario, se me está pedindo que a Xunta de Galicia traballe co propietario do estaleiro para atopar, para identificar, un proxecto industrial que sexa solvente e que dea garantías de mantemento e de futuro para o estaleiro, a Xunta de Galicia xa lles ten trasladado aos propietarios de Barreras que aí seguirá apoiando; que seguirá apoiando cos seus instrumentos financeiros, que seguirá apoiando cos seus instrumentos de formación, cos seus instrumentos de innovación e con todos aqueles aspectos que se lle poidan requirir. Pero, loxicamente, ese é o camiño que entendemos que ten a coherencia dende o punto de vista económico, dende o punto de vista industrial e que pode garantir o futuro dos traballadores.

E o único que nós lle estamos pedindo ao Goberno é colaboración, non lle estamos trasladando ningún tipo de ámbito competencial da comunidade autónoma. Pero é que a SEPI, señora González, ten un fondo de solvencia de 10.000 millóns de euros que, no contexto da recuperación económica, lle estamos pedindo que aplique ao sector naval de forma prioritaria e en igualdade de condicións co que están facendo outros países europeos, como Alemaña, como Francia ou como Holanda, que están apoiando os seus estaleiros. No mes de marzo había unha solicitude de Barreras e a SEPI estaba colapsada. A SEPI non está dando resposta, e vostedes están apoiando ese goberno. Nós só pedimos colaboración, colaboración cos instrumentos que ten o Goberno para poder colaborar neste tipo de situacións. E, polo tanto, nós non imos desprazar ningún tipo de competencias.

O que lle pedimos ao Bloque Nacionalista Galego son cousas moi sinxelas, señora González, cousas moi sinxelas que nos parece que un grupo político responsable na oposición, no contexto que ten o sector naval, debería apoiar. Pedímoslles que apoiem o sector para que poida acudir a eses fondos de solvencia. Pedímoslles a vostedes que apoiem que o Goberno poida desenvolver e comprometer o PERTE específico do sector naval, que está deseñado e acordado coas comunidades autónomas, que o comprometa. Só ten comprometido o do sector da automoción. Pedímoslle que comprometa o do sector naval. Axúdenos. E pedímoslle tamén un compromiso claro coa estabilidade de Barreras para achegar certezas. ¿Que parte destas solicitudes do Goberno da Xunta de Galicia lle parece que non é asumible por parte do Bloque Nacionalista Galego pensando nos traballadores?



O que lle pedimos tamén ao Bloque Nacionalista Galego é que xere o clima axeitado para que neste contexto poidamos atopar ese proxecto industrial. E o clima axeitado non só é económico e empresarial, dos axentes e dos traballadores, tamén é dos políticos. E o Bloque Nacionalista Galego..., ¡xa está ben!, ¡xa está ben!, empecen a traballar polo tecido industrial de Galicia e pola defensa do emprego industrial no noso país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Rematou o debate, silencio. ¡Tranquilidade, xa rematou o debate. Este debate xa rematou! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡Silencio, silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, as inxeccións son para outra cousa, non falemos de inxeccións agora, que igual nos mareamos. (*Murmurios.*)

Alteración da orde do día. Acumulación de dúas interpelacións para a súa formulación conxunta

O señor PRESIDENTE: Imos co debate acumulado de dúas interpelacións. Neste caso son as interpelacións 5.2 e 5.3. En concreto, unha é do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado; e outra é por iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, da señora Montse Prado. Ambas as dúas van sobre a política do Goberno galego en materia de atención primaria.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de presencialidade na atención primaria

Interpelación de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a interpelación, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día, señor conselleiro. Vaime desculpar, non mo tome a mal, pero pretendía dedicar os primeiros segundos da intervención a lembrar que hoxe, durante as preguntas ao presidente, dixo o señor Feijóo que somos a comunidade autónoma que menos vacinas recibe por habítante, xunto a Cataluña —creo que citou—.



Mire, eu creo que é moi importante ser decente en política, moi importante, e, para ser decente, un ten varias maneiras, e a primeira é non mentir. A miña opinión persoal non ten valor neste sentido, pero o meu respecto á institución da Presidencia da Xunta de Galicia é tal que a min me solivianta o ánimo escoitar algo tan burdo, tan ruín e tan miserable como iso. Este (*O señor Torrado Quintela mostra un gráfico.*) é o gráfico feito agora, cos últimos datos de hai menos de 24 horas, sobre a distribución de vacinas por habitante en España. Estamos probablemente na media; un chisquiño por enriba, pero na media. E, ademais, case todas as comunidades autónomas, practicamente todas —as dúas que ven máis grandes son Ceuta e Melilla, que non son comunidades autónomas, son cidades autónomas, e que, ademais, teñen outra xestión—, están no mesmo dato, con algunhas variacións.

Non somos a peor, nin a segunda peor, nin a terceira, nin a cuarta, nin a quinta, nin a sexta, nin a sétima. Estes (*O señor Torrado Quintela levanta o gráfico.*) son os datos. O que dixo o señor Feijóo, probablemente sabendo que estaba mentindo, é dunha indecencia que non está á altura da institución que ten, (*Aplausos.*) e ademais, señor presidente, eu agradeceríalle que lle pasara ao señor Feijóo o informe e, se non sabe ver os datos, explicámoslle en que columna están. Demostrou hoxe que non sabe. Eu prefiro pensar que non sabe velos porque... (*Murmurios.*) Si, si, eu si... Eu prefiro pensar que non sabe velos, porque, se sabe velos, quere dicir que mentiu, e teño a sensación de que o presidente da Xunta non debe mentir. (*Murmurios.*) Eu tampouco, e por iso eu non minto, e o presidente da Xunta, hoxe, si. Así que imos á cuestión, que é a atención primaria, que é un tema relevante.

Señor conselleiro, nós temos debatido moito sobre a cuestión. Permítame facer un breve repaso, moi breve, de doce anos de goberno do Partido Popular. Nun par de minutos falar de doce anos, vaime quedar un pouco curto o tempo, pero son 1.000 profesionais menos. Do orzamento do 2009, cando entrou o Goberno Feijóo, ao orzamento do 2021, van 140 millóns de euros menos este ano con respecto a aquel. Se facemos o acumulado de todo o perdido, ronda os 2.000 millóns de euros —ronda por arriba os 2.000 millóns de euros—: 150 prazas MIR de Medicina Familiar e Comunitaria que se puideron pedir e ás que vostedes renunciaron —porque non eran conscientes de que necesitabamos as prazas MIR, como imos necesitar, ademais, especialmente nos próximos anos, polo *boom* das xubilacións—; 131 de Enfermería Familiar e Comunitaria —vostedes presumen moito de promocionar Medicina Familiar e Comunitaria—, que podíamos pedir, que estaban habilitadas, e non se pediron. Vostedes renunciaron a pedilas. Todo isto en doce anos.

Sentenzas xudiciais sobre contratación indebida —«fraudulenta», leo literalmente, sabe que existen, e por iso o cito, con dolor de corazón—; dimisións en bloque de xefes de servizo que non foron quen de repoñer; colexios médicos que sinalan á Xunta de Galicia. Estes días o Colexio Médico de Ourense sinálaos como responsables. Hoxe sabemos pola prensa o que sabiamos estes días polos comunicados do Colexio de Médicos da provincia da Coruña, que van advertir en Traballo e reclamar que alguén lle poña couto ao problema que teñen de saturación. E denuncia xudicial do Colexio Médico da provincia de Pontevedra.

O modelo non serve. Puido servir noutro momento, puido servir sen recortes, puido servir para outro enfoque contextual, pero o modelo non serve. Esgotouse, sobre todo porque foi pouco apoiado. A atención primaria ten unha característica, ademais, algo distinta da aten-



ción hospitalaria, e é que é unha atención con moita máis vontade de equidade e con moita capilaridade, e normalmente necesita ou precisa —e isto é o máis habitual— unha vontade de redistribución en discriminación positiva; digamos que necesita dunha vocación un pouco máis redistributiva. E, claro, é moi difícil pedirlle vocación redistributiva a un goberno conservador, pero, dentro diso, polo menos era de esperar que non cargaran o sistema.

Este sistema sanitario en primaria funciona polo que funciona, porque temos uns profesionais que ás veces eu penso que non os merecemos. Bueno, ás veces un di: algo mereceremos. Pero, en termos xerais, os profesionais de primaria están sostendo o sistema, a pesar dos xestores, ¡a pesar dos xestores!

Falamos dende hai anos dun novo modelo. E nós, claro, levamos aquí moitos anos escoitando falar do novo modelo, pero un xa empeza a preguntarse: cando o Goberno fala do novo modelo, ¿que é? Porque o novo modelo implica tomar decisións, e as decisións sempre implican algúns beneficios, pero tamén algúns custos, e para iso debemos saber cara a onde imos. Non se pode ir cara a todos os sitios, porque vostedes verbalizan moito moitas intencións, pero, ao final, a concreción é nula. Hoxe escoitámoslle ao señor presidente do Goberno falar moito sobre a presencialidade..., pero, datos, ningún. E quero lembrarlle, señor conselleiro, que vostede dixo a principios deste ano aquí que a finais do pasado se pechou o ano cun 40 % de presencialidade, e durante este ano, moi recentemente e de maneira moi especial, vostedes, o equipo directivo —que vou asumir que teñen unha posición conxunta, e iso é natural—, afirman que ese 40 % non é, que non se deu, que a media está probablemente no 40 %, pero que moitas veces se dá menos. Vostedes asumen agora que non é certo algo que dicían en xaneiro.

Xa sei que non lles custa moito facelo, pero, en realidade, é moi importante que saibamos para onde vai o novo modelo. Mire, nos plantexámoslle presencialidade. ¿Cara a onde ten que ir o novo modelo? Esa é a nosa pregunta. Porque que a presencialidade sexa demandada polo usuario ou que sexa demandada polo profesional, son cousas distintas. ¿Cal é o seu modelo? Ata o de agora decidía ou solicitaba o usuario. ¿O novo modelo defenderá que sexa unha decisión clínica do profesional? Podemos falar diso. Nós podemos acordar iso, se vostedes queren. Son maioría, teñen maioría lexislativa, non necesitan do noso acordo e poden gobernar en solitario, por suposto. Pero se queremos transcender esas dinámicas, porque poden existir outras noutro momento, é porque o sistema tamén o merece, podemos acordar iso.

Nós teremos algunhas condicións. Principalmente, se vai ser unha decisión clínica —que pode estar ben—, teñen que ter posibilidade de facelo, que hoxe os profesionais non teñen posibilidade de facelo. E, se non, explíqueme este titular: «*Este año se podrá pedir consulta presencial sin limitaciones*» da señora López-Pardo, que dirixe agora mesmo a dirección xeral, e que basicamente se encarga do novo modelo, do suposto novo modelo de atención primaria. Cando di que este ano se poderá pedir sen limitacións, quere dicir que este ano si que as hai; que o ano pasado había e que por agora as hai. ¿De quen? Se son limitacións dos usuarios, quere dicir que temos razón cando dicimos que os usuarios están moi limitados á hora de pedir. E se as limitacións son dos profesionais, quere dicir o que dicimos nós, que os profesionais non teñen liberdade para decidir quen vai presencialmente agora, que non



a teñen, porque teñen cupos limitados. Polo tanto, en realidade, estamos dando a razón. Hai que superar unhas limitacións que vostedes din que non existen.

¿Cal é o modelo? ¿Imos á decisión clínica ou imos á decisión do usuario? ¿E como? Por poñer un exemplo moi paradoxal, hoxe, para pedir presencialidade —e dío a señora López-Pardo; afirma algo que é así—, hai que ir presencialmente ao centro de saúde. É dicir, que unha persoa que está mal, se quere atención presencial, ten que ir ao centro de saúde; xusto o que se supón que non queremos que ocorra nunha situación na que non queremos aglomeracións nos centros de saúde. Imaxine unha persoa contaxiada por covid que ten uns síntomas graves, con moita afectación, e ten que ir ao centro de saúde para pedir atención presencial. Non ten sentido ningún, non está ben organizado, e xa levamos uns cantos meses con esta situación. Pero é que xa pasaban outras cousas parecidas antes.

O novo modelo: ¿concentrar decisións ou descentralizar? Nós defendemos descentralizar. Vostedes ata o de agora foron concentrando o modelo, sobre todo o hospitalario, coa reforma da Lei de saúde, pero tamén o de primaria. ¿Por que? Porque non están potenciando... Nós defendemos algunhas iniciativas como discriminar positivamente as prazas de difícil cobertura, que vostedes non defenden.

¿Máis categorías profesionais ou non? Nós si defendemos iso. ¿E vostedes? Porque iso implicaría atender a necesidade de máis traballadores e traballadoras sociais, incluso de educadores sociais, no contorno da atención primaria. Pero, por suposto, moitos máis profesionais de fisioterapia. E a vinculación da saúde mental coa atención primaria, ¿si ou non? Vostedes votaron que non. Chegamos a un acordo aquí, neste Parlamento, no primeiro trimestre, no inicio da primavera, sobre saúde mental, pero vostedes deixaron fóra esa parte. Chegamos a un acordo sobre outras partes, e é de realzar, eu creo que é importante, pero esa parte non a teñen clara. Nós, si. ¿Cren vostedes que hai que deixar fóra a saúde mental? Nós cremos que é necesario vinculala, e por aí podería ir o novo modelo. Vostedes, sen embargo, utilizan o debate para as escusas: que se un MIR extraordinario —que aínda non explicaron como poden facer un MIR extraordinario cos mesmos recursos que temos—; que se duplicar a oferta formativa, pero cos mesmos recursos e cos mesmos titores —que xa se queixan agora, con moitos MIR na mesma consulta; vai haber consultas nas que vai haber tantos MIR que non vai poder entrar o usuario—... E, ademais, vostedes legislaron para facelo imposible. Pero xa o de «saltarse» as leis é outra cousa. Que se outros tamén están mal, que está moi ben, ou que se culpar os profesionais. Díxoo vostede, señor conselleiro, e sabe que aí non o podo validar e que estamos absolutamente en contra. Creemos que foi un erro porque os profesionais non queren 60.000 euros ao ano para cubrir unha praza. Non é certo, vostede dixo iso con motivo do Centro de Saúde da Guarda e fixo diso unha defensa do sistema. Ese contrato non existe, esa oferta nunca existe, e esa oferta non é real, e ademais iso demostra que non se trata unicamente de cartos, senón de estabilidade, de atención, de aprecio, de afecto e de respecto, que agora mesmo os profesionais non o perciben. Por tanto, teremos que ir a iso.

Nós facemos propostas, como as novas categorías. Ríronse de min neste Parlamento cando defendía que máis administrativos en atención primaria desafogarían os médicos. Ríanse de min a lexislatura pasada. Sigo defendendo que esa posición é razoable, e que os médicos



e as médicas fagan traballo de medicina, que os enfermeiros e enfermeiras fagan traballo de enfermería, porque están facendo traballos cruzados, e que teñamos persoal de triaxe. Vostedes falan dun sistema de triaxe en urxencias. Non carguemos de máis traballo os mesmos profesionais. Poñamos persoal de triaxe nos centros de saúde; polo menos comece polos grandes, polos que teñen máis volume de traballo. Podería ser unha oportunidade. Enfermería pode facer ese traballo; non necesitamos médicos, que hai ese déficit aparente e real de médicos. Podemos utilizalos como enfermería, e liberamos traballo, impedimos que o sistema se canalice en forma de embude contra os profesionais facultativos, que están hipersaturados. Pero a súa idea do novo modelo, ao final, son novas escusas sobre os vellos problemas, e, se vostedes están empeñados en facer disto o maldito relato de que a culpa é do Goberno do Estado, nunca imos resolver o problema, porque, todo aquilo que din vostedes agora, cando gobernaba o PP en Madrid non o pedían, nada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Por tanto, imos ser capaces de entender cal é o novo modelo que vostedes propoñen. Nós temos algunhas propostas, pero, se de verdade imos a un novo modelo, é moi importante que poidamos debater sobre el. Polo de agora o seu novo modelo son novas escusas para os problemas de sempre, e así non resolvemos nada e vai a cousa como vai, que non vai ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor conselleiro.

Neste primeiro pleno deste período de sesións, o BNG está centrando moito as nosas intervencións na situación da sanidade, en concreto, na situación da sanidade pública, e non por casualidade, senón porque é un dos problemas que máis preocupan os galegos e as galegas. Con moita diferenza, é un dos problemas que máis preocupan os galegos e as galegas. E as preguntas que lle formulamos e que están na interpelación por escrito, señor García Comeña, son: ¿que medidas vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en atención primaria? ¿Que medidas vai tomar para eliminar as listas de espera? ¿Que vai facer para que poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen? ¿Que vai facer para deixar de maltratar os profesionais?

En resumo, o que queremos saber, e por iso o interpelamos hoxe aquí, é: ¿cal é a súa folla de ruta para a atención primaria de Galiza? Pregunta que levamos facendo desde hai tempo e que, evidentemente, non contestaron.



Temos que volver repetir que se algunha lección deixou a covid é a necesidade de ter uns servizos públicos de calidade e de ter unha sanidade pública ben dotada, e especialmente a atención primaria. Tamén xa lle dixen que, desde logo, no BNG pensabamos que, despois de como estaba a atención primaria antes da pandemia e de todo o que pasou na pandemia, realmente, inxenuamente, pensamos que lle ía valer ao Partido Popular para tomar nota e rectificar a súa folla de ruta. Inxenuamente pensamos que ía valer para que, pasado o gordo da pandemia, aquí se dixera con claridade que por aquí non imos ben, que a atención primaria ten realmente que ser resolutiva, ten que estar ben dotada, ten que ter o persoal suficiente e que imos traballar para que isto sexa así. Mais a realidade é que vai xusto polo camiño contrario. A realidade é que o Partido Popular está aproveitando, que leva dezaoto meses aproveitando a situación da covid para acelerar o seu obxectivo de deterioración da atención primaria, porque cunha atención primaria resolutiva e ben dotada, cunha sanidade pública de calidade, non hai aumento de sanidade privada, e o obxectivo do Partido Popular é o aumento da sanidade privada, por iso están facendo o que están facendo.

Mire, a atención primaria ten que basearse no contacto e na relación profesional/doente. Esas son as premisas que teñen que figurar en calquera manual ou que calquera experto en atención primaria di que ten que ser a atención primaria. E o contacto, a relación doente/profesional, a accesibilidade e a inmediatez teñen outras premisas, pero estas tres son incuestionables: esa accesibilidade, ese contacto profesional/doente e a inmediatez; que calquera persoa que necesite ser atendida o sexa no momento en que precisa esa atención. E a seguinte pregunta, señor conselleiro, é: ¿que lle queda á atención primaria destas premisas? ¿Que lle queda á atención primaria de Galiza destas premisas? Eu teño que dicirlle que non lle queda absolutamente nada. Non hai inmediatez, hai unhas listas de espera que son unha constante, e o tema é que non van a menos, senón que van en aumento. Este verán foi tremendo, foi caótico, foi desesperante para os profesionais e para a poboación. E xa non digo listas de espera para un parte, para unha receita, para o seguimento dunha patoloxía, para a atención á cronicidade, senón que son listas de espera para atender unha demanda de saúde ou para atender unha persoa que se encontra mal.

Mire, uns cantos exemplos. No Centro de Saúde Rosalía de Castro, en Vigo, onte unha persoa chamou por unha posible infección de ouriños. Chama para que a vexa o médico de familia para que lle fagan as probas e poidan receitalle un antibiótico, porque, evidentemente, na farmacia non lle van dar un antibiótico sen esta consulta. ¿Sabe para cando lle deron cita? Para o 1 de outubro. E a contestación é: vaia vostede a Urgencias. E el di: ¡pero como vou ir a Urgencias por unha cuestión así; é que non podo ir saturar os servizos de Urgencias! Pois non lle dan alternativa.

Podemos seguir. Cambados, petición de cita, o día 14, danlle para o 28-29 de setembro ou o 1 de outubro. Centro de saúde de Seixo —ese centro do que vostede dixo aquí, en sede parlamentaria, que non ía facer recortes, que non ía pasar nada coa xubilación dun profesional, je vaia se está pasando!—, piden cita o 9 de setembro. ¿Para cando lla dan? Para o 29 de setembro. Ponteareas, dunha cita solicitada a mediados de xullo, atendérona a principios de setembro. Carballo, unha semana...



Non hai absolutamente ningún centro de saúde en Galiza onde un galego ou galega poida pedir unha cita e lla dean en tempo e forma. *(Aplausos.)* ¡Nin un só! *(Aplausos.)* ¡Non, nin un só, señor conselleiro! *(Aplausos.)* Porque en tempo e forma non é catro ou cinco días, como vostedes están intentando trasladar. Din que catro ou cinco días non é demora. Si, catro ou cinco días é demora para unha persoa que necesita que a atendan; si que é demora. A norma en moitísimos centros de saúde é unha demora de semanas para conseguir unha cita de vinte días, en moitos casos para conseguir cita telefónica, que logo xa se verá se deriva nunha atención presencial ou non. Por iso a pregunta é: ¿cando van garantir esa atención? ¿Cando van garantir que aínda que sexa atención telefónica se faga en tempo e forma e a xente non teña que estar horas e horas intentando esa conexión telefónica? Para iso son precisos máis profesionais e máis liñas, como xa lle temos demandado aquí e como xa ten votado convenientemente en contra o Partido Popular.

Mire, outra das cuestións básicas na atención primaria é a accesibilidade. Non hai accesibilidade. As dificultades da poboación para contactar son máis que evidentes. E, desde logo, no BNG cremos que non hai absolutamente ningunha excusa para que se siga dificultando o acceso aos centros de saúde, para que non se permita a presencialidade. Pódense facer protocolos para acudir á hostalería, pero resulta que os protocolos para garantir o acceso ao servizo de saúde de atención primaria eses non se poden poñer en marcha. Por iso, a seguinte pregunta é: ¿ata cando van impedir que as persoas que o precisen poidan solicitar atención presencial?

Porque, señor conselleiro, ¿de verdade vostede considera que as galegas e os galegos non son quen de saber cando precisan que os vexa un profesional? Pensa que, cando se encontran mal, ¿non son quen de saber se precisan que os vexa un profesional? ¿Vaise chegar ao nivel de infantilización de que alguén teña que decidir se se encontran mal ou non se encontran mal ou de se, segundo o que teñan, se é susceptible de que os vexa un profesional ou non? ¿Vostede considera que os galegos e as galegas non somos maiores de idade para saber cando nos encontramos mal e para pedir que nos vexa un profesional? *(Aplausos.)* ¿Vostede considera que non somos capaces de saber cando precisamos un profesional? *(Aplausos.)* Coa actuación que están levando a cabo están dicindo que non somos capaces de sabelo.

E do terceiro piar da atención primaria, que é a relación profesional/doente, non queda nada. A atención sanitaria en primaria non se pode facer a distancia, señor conselleiro, ten que haber esa relación; hai que poder mirarse aos ollos, hai que poder palpar, hai que poder ver, hai que poder ver a cor da pel; e para iso é necesaria a presencialidade. ¿Vostede cre que unha persoa, de calquera idade, pero sobre todo unha persoa maior, é capaz de contar por teléfono como se encontra realmente? ¿Si?, ¿para ter un nivel de solvencia no que o que está ao outro lado do teléfono saiba realmente que é o que lle está pasando? O que están facendo vostedes neste momento é converter o que é unha norma básica de atención primaria, que é a presencialidade, en excepción; e iso, dende logo, non pode ser. Teñen reducida a atención primaria a despachar doentes cun contestador automático, ao distanciamento e á despersonalización.

Vostede, señor conselleiro, ten a obriga e a responsabilidade de que os galegos e as galegas teñan os mellores coidados sanitarios, de garantirlles unha atención sanitaria de calidade; ten



a obriga de protexer as e os profesionais e de que poidan desenvolver a súa actividade profesional en condicións dignas. Vostede non está garantindo nin unha cousa nin a outra, non está protexendo nin a poboación nin está protexendo as e os profesionais, e coa política sanitaria que está aplicando está desatendendo os galegos e as galegas. Non hai continuidade na asistencia, hai profesionais que están un día aquí e outro alí, e con iso os doentes non saben a que aterse, teñen que contarlle o que lles pasa un día e outro a persoas distintas. Os doentes séntense desatendidos, teñen a sensación de que as cousas non van ben. E coa súa política sanitaria están deixando atrás os máis vulnerables, señor conselleiro, os que teñen menos recursos, os que teñen menos competencias tecnolóxicas, as persoas que precisan seguimento. Están deixando especialmente atrás a todas esas persoas. Están imposibilitando detectar problemas a tempo. Hai doentes que levan máis dun ano sen facultativo de referencia, e outros tantos que levan máis dun ano sen verlle a cara ao seu profesional de referencia. Esa é a realidade.

E eu preguntolle: ¿cantas patoloxías que evolucionaran ata diagnósticos fatais se poderían ter evitado? ¿Cantas que evolucionaran á cronicidade se poderían ter evitado? Dos 300 suicidios que se produciron en Galiza no ano 2020, ¿cantos se podían ter evitado se houbera profesionais suficientes para ter ese contacto e que lles saltaran as alarmas? Son preguntas que me gustaría que vostede contestara aquí, señor García Comesaña.

E coa política sanitaria que está levando a cabo ten ao límite aos profesionais; profesionais que están rachando. Moitos profesionais están rachando polo estrés, pola ansiedade, pola angustia, por saber que non poden facer o seu traballo en condicións, por ter que pasar máis horas de cando remata a súa xornada laboral repasando historias porque saben que non lles puideron dedicar o tempo necesario; porque teñen medo de que os diagnósticos non sexan os correctos. Esa é a situación na que teñen vostedes os profesionais todos os días.

¿E que din os profesionais, señor Comesaña? Voulle ler unha serie de cuestións moi rapidamente. Un profesional dun centro de saúde de Vigo di: «Escribo co fin de que sexa consciente da situación que estamos atravesando no centro de saúde. É unha auténtica loucura. Todos os traballadores do centro están ao bordo do colapso. No día de hoxe existe unha carga de traballo inasumible por parte de todos os profesionais: unha auténtica avalancha de doentes urxentes, citas telefónicas, solicitude da chave 365, certificados de vacinación, implantación do sistema CR-M100... Co cal, en vez de axudar o persoal administrativo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...o que fai é que os doentes se presenten no centro de saúde en persoa, xa que non existen medios nin aumento de persoal en proporción ao traballo. Existen compañeiros de baixa laboral por estrés, os PXS, médicos... En fin, a consecuencia final de todo o contacto anteriormente é que estamos pagando coa nosa saúde a moi deficiente política de recursos humanos do Sergas». Isto dío unha persoa do persoal administrativo dun centro de saúde...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...pero poderían asinalo centos dos que —remato, señor presidente—...



O señor PRESIDENTE: Non, xa. Grazas.

A señora PRADO CORES: O Colexio de Médicos de Pontevedra denuncia por vía penal os dirixentes da área sanitaria de Pontevedra...;

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...médicos de atención primaria da Coruña levan ao colapso o Servizo de Urgencias...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Aínda pode ler iso despois, no outro turno.

A señora PRADO CORES: Os médicos de Ourense din que non é posible recuperar a normalidade por culpa de que a Xunta non ten posto os medios.

O señor PRESIDENTE: Por favor, mire o tempo, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Respondo a estas interpelacións un pouco despois de ter rematado as preguntas do presidente da Xunta, onde tamén se trataron os temas de atención primaria, un dos principais ámbitos nos que a Consellería de Sanidade ten centrados os seus esforzos. É un tema moi recorrido pola oposición, sen dúbida, pero no que sempre este goberno responde con información e con feitos.

Así, a semana pasada —sen ir máis lonxe—, na Comisión 5ª, a directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria respondía ás preguntas dos seus grupos respecto desta mesma cuestión na primeira comisión que se celebraba despois da súa comparecencia, a petición propia, no mes de xullo para avanzar as reformas previstas na atención primaria por parte deste goberno. Pouca marxe nos deron neste caso para poder implantar as cuestións que anunciou naquelas datas, no mes de xullo. E eu mesmo comparecín neste Parlamento no mes de agosto para abordar, ademais da situación da pandemia, a situación da atención primaria. É dicir, houbo catro comparecencias en apenas un mes. Insisto, pouca marxe nos deron para continuar coas medidas que estamos implantando, a escasamente un mes; un



mes ademais no que, por desgraza, tivemos unha onda que tamén incidiu —e así o dixen naquela comparecencia no mes de agosto— especialmente no ámbito de atención primaria, pero que non fixo que a Consellería de Sanidade deixara de traballar nese mes de agosto —repito— para avanzar nas reformas previstas e prometidas. De xeito que se están a implementar, tal e como se anunciaron, ao tempo que está a traballar en novas cuestións como as que anunciou hai apenas unha hora o presidente da Xunta.

Señor Torrado, vostede dicía que nós gañamos a guerra mediática —escoitábao a semana pasada—. Bueno, lamento contradicilo, xa que nós, a verdade, non entramos en ningunha guerra. Non estamos en ningunha guerra, senón que nos limitamos a administrar a sanidade que queren todos os galegos e galegas, e neste caso a sanidade máis próxima, a de atención primaria. Ao contrario, vostedes si que parece que queren dar esa guerra, sobre todo cando saben —porque llelo temos trasladado en diferentes ocasións— que se están abordando esas medidas, que avanzamos na implantación de moitas delas e que algunhas delas tamén comezan a dar froitos. Vostede plantexaba temas que, benvidos sexan, porque, como sabe, estamos traballando neles, aínda que despois tratarei de pararme un pouquiño máis neles. Bueno, máis que unha guerra ficticia, existe outra posibilidade: parece que os percorridos que o aínda o seu xefe de filas e vostede fixeron este mes de agosto por algún centro de saúde pretenden ser unha cortina de fume coa que tapar outros aspectos internos do seu partido.

Vostedes piden agora, no 2021, que a Xunta tome medidas no ámbito da atención primaria, pero recórdolles que este goberno iniciou no ano 2018 os traballos para contar cun plan que permitise abordar a reforma da primaria canto antes. O Plan de atención primaria 2019-2021 fíxose preciso porque Galicia mudou as características da súa poboación. Cada vez a nosa comunidade está máis envellecida, polo que aumenta a cronicidade dos pacientes; e ademais temos que enfrontar o despoboamento en determinadas zonas. Ese plan elaborouse coa colaboración de máis de 120 profesionais —por suposto, estamos encantados de recibilo a vostede, señor Torrado, para colaborar nese plan ou no que haxa no seu momento, ¡faltaría máis!—. E determináronse medidas a curto prazo, a medio prazo e a longo prazo; as medidas a curto prazo están postas en marcha ao 100 %, e as de medio prazo, en máis do 90 %.

Bueno, en todo caso, dicir que non temos un plan no que estamos traballando pois creo que é bastante simple e, ademais, creo que sería demagóxico. Como demagóxico é dicir que a solución é contratar máis persoal. Vostedes saben, señor Torrado e señora Prado, que non hai médicos de familia para contratar, e podemos darlle as voltas que queiramos —logo faremos tamén diso—, pero non hai médicos para contratar.

Ademais deste Plan de atención primaria 2019-2021, púxose en marcha, cun grupo de expertos, a elaboración dun documento no que se recollen as claves para reformar a atención primaria do futuro. De novo, señor Torrado, benvido ao consenso, ao debate, para saber que atención primaria queremos; estamos totalmente abertos. Está nese libro de ruta; libro de ruta que, por certo, reclaman os colexios de médicos de Pontevedra, os de Ourense e os da Coruña. Ese é o documento que temos de guía. Repítollo, pásolle un exemplar cando vostede queira, e poderá ver vostede cara a onde queremos ir en atención primaria.



Ese documento, denominado *Por unha atención primaria vertebradora*, e o Plan 2019–2021 fixaron o traballo e a estratexia para poder aplicar as medidas precisas. É un plan que avanza a pesar dos meses de confinamento, o que impediu dar os pasos inicialmente previstos. Ao longo deste ano téñense dado pasos importantes no sentido de que se recuperou a actividade do Consello Técnico de Atención Primaria, do que lle temos dado conta en reiteradas ocasións. Ese consello foi creado no marco deste plan de atención primaria, e acolle a profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes... Todos eles vinculados directamente con este nivel asistencial.

Precisamente na anterior interpelación respondín, con respecto á atención primaria, que avanzaba e que comezabamos a poñer en marcha o que as diferentes comisións xa coñecen. Esas comisións remataron e todos os seus traballos e as súas conclusións se trataron no Consello e servirán, ademais, para medidas inmediatas. Aí estamos a falar doutras especialidades. Sorpréndeme que vostede nos diga agora que hai enfermeiros, que hai psicólogos, que hai fisioterapeutas... Pois claro que están no Consello Técnico de Atención Primaria e teñen elaborada a súa carteira de servizos, e estamos implementando esa carteira de servizos.

Nesa interpelación tamén adiantaba a nosa intención de empezar a traballar nos plans locais de saúde, un punto básico dese documento vertebrador. Parece que a vostede os plans de saúde lle parecen un exercicio de fogos artificiais; para nós é unha cuestión importante. Estamos a desenvolvelo en nove centros de saúde a modo de exemplo, imos incorporar outros catro e cremos, ademais, que é unha ferramenta para avanzar na autonomía dos centros, así como mellorar a distribución das cargas de traballo. Estamos totalmente de acordo en que estamos cargando demasiado os profesionais médicos, iso sabémolo dende hai moito tempo e temos que... Non, pero é que o levamos dicindo tres anos, señor Torrado... Ben, lea o documento. Voulle pasar a copia porque, evidentemente, non a leu.

Estamos traballando nesa liña, como dicía. Os plans de saúde locais teñen que desenvolver isto e teñen que abordar tamén aspectos de atención comunitaria claves na xestión, sobre todo, da prevención e da cronicidade. Tamén temos que reformar e darlles máis ferramentas e máis habilidades aos directivos dos centros de saúde para que poidan, precisamente, desenvolver todos eses aspectos que ten que recoller o Plan de saúde local, e tamén —insisto— a atención á cronicidade. Xestionar todo iso ben é fundamental para ordenar a demanda, que é a peza clave dos plans de saúde local.

Por outra banda, tamén está xa practicamente rematada a implantación das axendas de calidade dos médicos, outra demanda histórica do colectivo sanitario, en particular a dos médicos, pero non só a dos médicos. Ben, pois como tamén os informamos hai escasos días, esas axendas de calidade están practicamente implantadas na maior parte dos centros de saúde. É unha reorganización da actividade segundo as características de cada centro e que vai permitir mellorar a xestión dos tempos dos facultativos. Do mesmo xeito, estas axendas de calidade permiten que se equilibren os ocos entre a atención presencial e telefónica, contando de xeito xeral cunha repartición do 60 %/40 %, pero, obviamente, sen ir en detrimento daqueles centros que, por exemplo, acadan o 90 % de presencialidade.

Vou meterme aquí lixeiramente, aínda que non moito. Non se entende que vostedes lle boten a culpa á Xunta de Galicia e ao conselleiro de Sanidade de que non haxa presencialidade,



cando hai médicos que teñen o cen por cento da súa actividade presencial, señora Prado. Moitos centros. *(Aplausos.)* Si... Non diga que non, porque si. Eu voulle dar tamén ao presidente do Parlamento o listado dos médicos que están por riba do 90 %. Aí que, ¿non lle fai caso á Xunta? E hai médicos que teñen unha porcentaxe de presencialidade que está roldando o 5 %. É decisión do médico agora mesmo. Dende que estamos en pandemia é o médico o que decide.

Vostede preguntaba a onde queremos ir. Pois, mire, cando empezou a atención non presencial —por suposto, moi discutida e debatida por todos vostedes, por algúns máis que por outros—, púxose como unha ferramenta. Para dar unha receita non hai que ir ao médico, non hai que ir ao centro de saúde. O que estea pensando niso non sei en que mundo vive. Non hai que ir ao centro de saúde a renovar unha receita, pero para outras cousas, por suposto que si.

A atención non presencial púxose en marcha en Galicia de xeito pioneiro no 2013 e acadou o 15 % das consultas. Nós cremos que é un dato razoable que incluso se pode superar, e non depende de máis cousas, como dicía a señora Prado, senón que depende fundamentalmente do coñecemento do médico e do paciente. De feito, cando había traslados, notábase un descenso importante na atención non presencial, que se recuperaba en canto o médico coñecía o cupo. É unha ferramenta que está aí e que vai seguir estando, por moito que lle pese a vostede. Eu xa vin que vostede foi aí a Galeras pedir o 100 % de presencialidade. Pois non, creo que se equivoca, non vai ser o 100 % de presencialidade creo que nunca máis, como non o era antes da pandemia. Haberá que chegar a un equilibrio. Nós propoñemos que ese equilibrio, de xeito transitorio, sexa 60 % de presencialidade e 40 %, como unha referencia, e traballamos niso. E —repito— estas axendas de calidade van nese sentido: en ordenar a atención presencial e a non presencial. E, por suposto, vai quedar. Se vostede me pregunta quen vai decidir, señor Torrado, pois creo que o ideal tería que ser algo de consenso entre pacientes e profesionais; non só de médicos, de todos. ¿E o consenso onde está? Depende do tipo de patoloxía, da urxencia..., de moitos aspectos que cada día se valoran. Valórao moi ben o paciente, por suposto que si, e valórao moi ben o profesional. Hai que chegar a ese equilibrio, e nós traballamos nesa liña.

Tamén, como dicía, as axendas de calidade queremos estendelas a outras categorías, por exemplo, á enfermería. Estamos traballando co Consello Técnico para implantar esas axendas de calidade no ámbito da enfermería nos vindeiros meses. E tamén quero dicir que nesas axendas de calidade se contemplan os tempos tanto para facultativos como para enfermeiras, os tempos específicos para xestión, por exemplo, ou para os titores MIR ou EIR, de xeito que esas axendas recollan, de xeito pioneiro tamén en España, toda esa actividade.

Temos que seguir traballando e abordaremos o resto das axendas. Tamén no Consello Técnico imos abordar axendas de calidade dos odontólogos, dos hixienistas, das matronas..., co mesmo obxectivo: reorganizar a actividade, reorganizar os tempos e adaptar os ocios das axendas ás necesidades dos profesionais e da poboación.

Tamén avanzamos naquela interpelación nun aspecto importante: na prescrición da enfermería, da que vostedes non falan pero para nós é unha cuestión importante. A prescrición



de enfermería está agora mesmo xa regulada coa normativa correspondente e, por suposto, temos que defender e defenderemos a incorporación das enfermeiras especialistas comunitarias. Trinta enfermeiras se incorporaron xa na OPE, na primeira OPE, no Estado español, que reconece esta categoría. E seguiremos insistindo nesta categoría.

De cara a reorganizar a actividade dos centros tamén publicaremos de forma inmediata unha instrución dirixida a todas as xerencias das áreas sanitarias para aumentar a calidade asistencial a todos aqueles pacientes que acoden aos centros para o control do tratamento anticoagulante oral, o Sintrom. Ese seguimento que agora mesmo se fai en ocasións nas salas pasará a facerse nas consultas, para unha mellor calidade e unha mellor flexibilidade dos pacientes e para non limitar o horario da prestación, como ata agora. Así mesmo, tamén entenderemos a todas as áreas sanitarias o modelo que xa estamos aplicando con éxito nas áreas de Ourense e Santiago, no que a enfermería fundamentalmente realiza o control deste tipo de pacientes. Deste xeito, liberaremos as axendas dos facultativos, quitándolle o tempo destinado a este control.

Estamos avanzando tamén, a través dunha comisión de traballo, na mellora da flexibilidade nos servizos de atención primaria e na clasificación da demanda, coa implantación do sistema de xestión integral da demanda en equipo, coñecida como Xide.

Vostede falaba, señor Torrado, da posibilidade de incorporar equipos de triaxe. Mire, no ano 2018 os centros de saúde de primaria de Vigo tiñan unha triaxe de enfermería. Teño que dicirle que iso xa está un pouco obsoleto. Ao que hai que ir agora... Non hai que introducir a variable «tempo» na urxencia dos centros de saúde. Si, é certo, dígollo eu con coñecemento. No 2018 xa se facía en todos os centros de saúde de atención primaria, empezando polo da Doblada e acabando polo de Sárdoma. Podo darlle máis detalles cando vostede queira, pero non me diga o que non é.

Ben, pois esa foi unha boa solución, pero hai que avanzar, e cremos que a xestión da demanda a ten que facer o persoal administrativo. Coincido con vostede en que o persoal administrativo ten un papel fundamental nos centros de saúde, sempre o tivo e pode seguir téndoo, e nesa liña temos que traballar. Esta medida sería unha das primeiras que se implantan no territorio nacional neste sentido, e cremos que é unha ferramenta de consenso. Agora mesmo estanse revisando —durante o mes de agosto, e este mes de setembro tamén— todos os motivos de consulta para establecer isto de xeito automático e consensuado —no grupo de traballo, por suposto, hai PSX, pero tamén hai enfermeiras e médicos de distintas asociacións científicas—, para ter iso, como digo, automatizado e incorporado.

Dicía que coa implantación dos plans de saúde local, coas axendas de calidade, con outras medidas dirixidas á redistribución de tarefas e, por suposto tamén, con esta posta en funcionamento nas próximas semanas deste sistema de xestión da demanda, cremos que poderemos traballar no alivio das axendas sen limitar a calidade da atención, cumprindo así os compromisos que tiñamos adquirido, que, como ben saben, se foron materializando un a un.

Por outra banda, o inicio da pandemia tamén supuxo cambios nos centros de saúde, evidentemente, nos circuitos que todos coñecemos, que tamén temos que empezar a pensar



en, pouco a pouco, ir alterando —niso estou de acordo con vostede, señora Prado—, e tamén na implantación, como dicíamos, ou na consolidación da consulta non presencial que —insisto— en Galicia xa tiñamos dende o ano 2013.

Anunciaba o presidente hai un momentíño que estamos en disposición xa de pasar a que as consultas presenciais se poidan obter, ademais de no mostrador —que teño que insistir en que nunca deixou de haber consultas presenciais, e remítome a eses médicos nos que o 98 % da actividade é presencial—, dende mañá mesmo, a través da cita web e do IVR; unha ferramenta que temos que dicir que utilizaba ata o de agora soamente o 30 % da poboación, pero, efectivamente, era unha demanda que nós tiñamos encima da mesa con algúns profesionais e vaise, como digo, cumprimentar a partir de mañá.

Polo tanto, cremos que este é un paso importante que hai que dar, e hai que seguir traballando. Seguiremos traballando, e así o plantexamos o Grupo Popular nesa iniciativa máis estrutural de ter máis médicos de atención primaria. É fundamental. Vou dicir unha cousa que, como din vostedes, por moito repetila non se converte en verdade. Miren, din vostedes que os médicos de familia marchan de Galicia. Temos feito un estudo dos últimos dez anos de médicos de familia formados en Galicia, dos que remataron entre o ano 2010 e o 2021. Ben, pois o 90 % dos médicos que residían en Galicia cando empezaron o MIR —¡o 90%!— traballan no Sergas; ¡o 90 %, señor Torrado! (Aplausos.) —tamén lle vou dar o informe ao presidente, con nomes e apelidos, espero que non o use—; ¡o 90%! Dese 90 %, deses médicos que traballan con nós, dos que se formaron nos dez últimos anos, o 64 % é propietario, ten praza en propiedade, o 17,79 %, é dicir, o 18 %, é interino, e o 10,5 % é substituto, ten unha praza de longa duración por unha baixa longa, por unha comisión de servizos, por unha reserva... Esa é a realidade dos médicos que se forman en Galicia. ¿Gustaríanos que foran máis? Por suposto que nos gustaría que foran máis. Pero déixese de dicir que os médicos foxen. Non foxen. Mire, cando nos reunimos os conselleiros de Sanidade, todo o mundo pregunta a ver que teñen os que foxen, porque nos pasa en todas as partes o mesmo. O que hai que facer é formar máis médicos. ¿E que pedimos? Que nos deixen formar máis médicos. ¿E como? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ¿Como o pedimos? Dun xeito moi sinxelo. Primeiro, apostando. O financiamento poñémolo nós. Tamén hai que dicir —porque algún igual non o sabe— que o financiamento da formación dos médicos de familia corresponde ás comunidades autónomas; formámoslos nós, pagamos nós o seu soldo. E ben pagado está e oxalá puideramos pagar máis. O que necesitamos é que a Comisión Nacional de Especialidade, regulada polo Ministerio, estableza e revise, despois de trinta anos, as condicións para ser titor ou para ser unidade docente.

Vou poñer un exemplo que todo o mundo entenderá...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Un médico de 62 anos non pode ser titor porque nos catro anos seguintes non pode garantir que poida formar os residentes de familia. ¿Este é un sistema lóxico no día de hoxe? Cremos que non.



Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, vendo algunhas cousas, pinceladas que vostede foi deixando, creo que é necesario explicar algo, ir a dúas cuestións fundamentais: á presencialidade e ao modelo como tal.

En primeiro lugar, vou explicar algunhas cousas que di. Se esa contratación de MIR, no nivel que di vostede, é así, a Xunta está incumprindo a legalidade de contratación do Estado, porque incumpriría os datos. Si. Se contrátan de maneira estable todo ese volume de MIR que din, e ademais están repoñendo e facendo contratacións, esgotando a taxa de reposición con outras prazas como anuncian, se o que anuncian é certo, estanse saltando a legalidade. Agardo que non o faga, porque eu teño unha gran consideración sobre o seu respecto á legalidade —non de todos os membros do seu goberno, pero de vostede, si—.

Sobre a prescrición de enfermeiras. Está moi ben que presuma. ¿Sabe que pasa? Que hai dous anos e medio que podía facerse e fomos a penúltima comunidade de España en habilitalo, despois de que o pediramos aquí moitas veces e votaran en contra.

Presume dos plans locais de saúde. Sabe o que son. Dime: igual vostede non sabe o que son. Eu non vou ser tan faltón. Vostede sabe o que son os consellos de saúde de área, agora de distrito. ¿Sabe cantas veces se reuniron en Galicia dende que existe esa posibilidade legal? ¿Sábeo, non? Teño dúas mans, pois sóbrame unha, contando todos, os distritos, jeh!

E dime agora vostede que eu non me entero, e ademais parece que non celebro que vaian empezar a facer os plans locais de saúde. Pois empece polos consellos de saúde de área. Certamente, é importante non ser tan ofensivo nas cousas, porque igual veñen de volta, xa sabe que isto é como un búmerang.

Sobre a triaxe. ¡Menos mal que o expliquei! Non se trata de darlles máis traballo aos mesmos profesionais. Dende o noso punto de vista —que pode ser discutible, claro—, trátase de que esa función tan relevante para os centros de saúde, principalmente para os grandes, debe ter un profesional específico para iso, porque esa capacidade de traballo nun centro de saúde grande é importante. Sei ben que coñece os centros de saúde de Vigo, porque vostede estivo á fronte desa área sanitaria; tamén sei que non foi quen de substituír o xefe de servizo, porque ninguén lle quere facer caso a unha atención primaria na súa área de influencia, e, bueno, pode presumir diso, pero pode presumir tamén de que non foi capaz de ter xefes de servizo, en todo caso. *(Aplausos.)*

Sobre a presencialidade e o modelo, cústalles moito asumilo, pero, en realidade, hoxe estamos dando a razón. Había limitacións e agora quérenas superar. Eu celebro que vostede



parece que intentara anunciar aquí que mañá cambiará o modelo para poder demandar a presencialidade xa doutra maneira. Está ben. Nós cremos que chega tarde, pero está ben. Iso é unha boa decisión, que nós aplaudimos, con esa salvidade de que cremos que chega tarde, pero aplaudímolos. Se é así, agardemos, polo tanto, que se solvente o grave problema que era que, tendo os profesionais a capacidade de decidir, como vostede di, se eran presenciais ou non, tiñan limitacións, porque había axendas pechadas, xa que non tiñan máis capacidade en moitos casos que poñer oito ou dez citas presenciais ao día. Non podían, non tiñan esa capacidade. E, se non, o que podemos facer —e xa o teño plantexado aquí—é sortear, entre os centros de saúde de Galicia, dez, imos visitalos e preguntamos todos xuntos aos profesionais. Tiñan esa limitación. Se ata é posible entender que puideran tela. Nalgún momento era moi razoable. Nós cremos que están chegando tarde para romper esa barreira. Ao principio, era normal, nós comprendémolo, pero agora nós cremos que chegan tarde. Vostedes van romper esa barreira agora, simplemente agora estamos discutindo sobre se o fixeron tarde e o deberan ter feito antes, pero a cousa é que vostedes viñeron á posición que nós defendiamos. ¡Celebrámolo!

Sobre o modelo. Mire, vostede dime que están traballando no modelo dese documento. Fíxese, eu poño dous exemplos sobre o que significa para nós o debate parlamentario e un sobre o que nós entendemos que podemos construír. Empezo por este último. Ese modelo que se defende nese documento *Por unha atención primaria vertebradora*, nós dixemos hai moito tempo que nos parece ben. Evidentemente, ten matices que non compartimos, pero parécenos unha boa guía. Dixémolo hai moito tempo. É unha boa guía, na que participou xente que hoxe, como a señora López Pardo, está na dirección da Consellería e que cremos que sostén basicamente o modelo xeral: bo sobre a análise de como está o sistema e ben encamiñado sobre cara a onde temos que ir. Fíxese se nos parece tan bo que nós propuxemos que este Parlamento adoptara un acordo para poder consensualo nalgunhas das medidas que nós consideramos máis importantes e abrindo a man para que puideramos incluír as máis importantes, que foran do acordo de todos e non discutibles a posteriori. ¿Sabe que votou o Partido Popular? En contra.

E vostede vénme presumir a min dun acordo que nós lle propuxemos e no que vostedes estiveron en contra. ¡Se, ao final, vai ser que nós estamos a favor do que imos facer e vostedes en contra! Señor conselleiro, trátase un pouco de... E dicía iso fiado con respecto ao debate parlamentario porque o que se demostra é que vostedes intentan ningunear este Parlamento e escapar diso, e nós defendemos que hai moitas cousas que estamos propoñendo que vostedes están facendo e nas que podemos chegar a acordos. Insisto, teñen unha maioría aritmética que non lles fai necesario acordar con nós, por suposto. É lexítimo; nós cremos que hai que facelo, pero é lexítimo non facelo. Pero non nos veñan dicir que non sabemos, que non nos enteramos ou que parece que non entendemos o sistema. (*Aplausos.*) Nós facemos o que podemos, cremos que nalgunhas cousas acertamos e seguramente noutras, non. Nesta nós dixémoslle que o traballo que vostedes fixeron de análise é demoledor coa política sanitaria deste país os últimos dez anos, ¡demoledor!, porque eu teño lido aquí extractos dese traballo e é demoledor. E vostede dime que me estou enterando agora do informe. Hai cinco anos que levo falando de atención primaria aquí, hai tres que ese debate veu aquí a este Parlamento, traído por este grupo parlamentario, e vostedes votaron en contra. Se agora cren de verdade que hai que apostar por ese modelo, como lle dixen...



O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TORRADO QUINTELA: ...á deputada a primeira vez que compareceu no Parlamento, benvidos, pero intenten respectar un pouco que as opinións dos demais ás veces resulta que coinciden máis do que parece e vostedes tamén moitas veces teñen unha posición un pouco máis pechada. Porque eu sei o que se dixo aquí sobre ese informe cando trouxen ese debate, porque o mesmo conselleiro que se negou a implantalo foi o que dixo que era moito mellor facerlles caso ás comisións técnicas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...e nós cremos que ese informe é o bo. Se ese é o camiño, estamos de acordo. Pero, por favor, se vai ser o camiño, acordémolo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Dicía vostede, señor conselleiro, que lle damos pouca marxe para poñer en marcha as medidas que levan anunciando. Pois, a verdade é que, escoitándoo a vostede e reflexionando, igual nos estamos precipitando no BNG. Vostedes só levan doce anos gobernando; entón, ao pedirlle que poñan medidas e que solucionen os problemas de sanidade, igual si, igual nos estamos precipitando e igual lles temos que deixar máis tempo. *(Aplausos.)*

Aquí do que se trata —e eu sei que non lle gusta que llo diga, pero voulo seguir dicindo porque é así— é de impoñer o relato. Logo, se tal, xa veremos se se corresponde ese relato con algo da realidade. Pero o que hai é que impoñer o relato de que están facendo todo o que é posible para solucionar o problema, cando non é certo, señor García Comesaña. Imos seguir demandando respostas e seguir pedindo a súa presenza neste Parlamento todas as veces que sexa preciso ata que se solucione o problema e ata que a atención primaria deixe de estar na situación dramática na que está. Nese momento, deixaremos de pedir explicacións e de pedir medidas.

Di vostede que, por favor, entendamos dunha vez por todas que non hai médicos. E vostede deu unha serie de datos de cantos acaban o MIR e están no Sergas, pero o que non di é cantos están na atención primaria, porque, dos que remataron este ano, só quedaron 30 de 70. Iso é o que vostede non quere dicir, e non quere dicilo porque sabe por que non están en atención primaria, e é porque son inasumibles esas condicións laborais que vostedes lles exixen. Esa é a realidade. E aí si que vostede ten responsabilidade; ten responsabilidade de cambiar esa situación para que si queiran quedar en atención primaria.

Vostede di que non hai médicos. Cómprollo, «válenos polbo como animal de compañía». ¿Non hai psicólogas clínicas, señor García Comesaña? ¿Non hai traballadoras sociais? ¿Non



hai terapeutas ocupacionais? ¿Non hai PSX? ¿Non hai celadoras? De todo iso hai, ¿verdade? ¿Por que non se contrata todo ese persoal tan necesario e tan preciso en atención primaria que solucionaría unha parte importantísima do problema? ¿Por que non o fan? (*Aplausos.*) ¿Por que non o fan?

Dixo tamén vostede que non queremos falar aquí de que vostedes puxeron en marcha a prescripción de enfermería. ¡Pero canto tempo levamos poñendo aquí encima da mesa que non soamente a prescripción de enfermería, senón a de fisioterapia, a de matronas, a de farmacia, que todos estes profesionais poidan exercer o seu labor profesional sen tutelas para ter a súa propia axenda sen estar secundarizados! E con iso melloraría a calidade asistencial e a desconxestión de axendas dos médicos de familia. Levámolo traído aquí por escrito e votado, e sistematicamente o Partido Popular vota que non. Vostede non, que non era deputado; vostede non votou en contra, pero o resto, si. Entón, ¡por favor!, o relato por riba da realidade. O relato por riba da realidade, porque estas cuestións as levamos demandando aquí desde hai moito tempo.

E eu o que lle pido é que deixe vostede de botarlles a culpa aos profesionais, porque vostede ten responsabilidade. Mire, vostede ten que garantir aos galegos e ás galegas a atención cando a precisen. Se un profesional decidira non ir traballar, ¿vostede non ía facer nada para exixirle que fose traballar? Supoño que si. Pois do mesmo xeito ten que facer o que corresponda cando vostede recoñece aquí que hai profesionais que só teñen o 5 % de presencialidade, que algúns que teñen o 0 % e que hai doentes que nun ano non viron o seu profesional porque non lle deron ningunha cita presencial. Diante diso, vostede ten que actuar e garantir que iso non siga así. (*Aplausos.*) Ten que facelo. ¡Ten que facelo!

Alégrome de que a partir de mañá, teoricamente, se poida pedir a atención presencial, pero tamén lle digo que estaremos atentas a ver en que se concreta ese anuncio de hoxe do presidente da Xunta e de vostede desa decisión de que sexa presencial. A ver cantos ocos e cantas persoas son capaces de conseguir esa cita presencial. Estaremos atentas; parabenizámonos e estaremos atentas.

E mire, se a situación estivera tan ben como vostede di, non habería mobilizacións por todo o país: A Guarda, O Rosal, Salvaterra, Pontearreas, Tomiño, Oia, Coia, Seixo, Baltar, Cangas, Viveiro... Podía seguir dicíndolle, porque, ademais, isto é así, porque a xente non está atendida, e mentres non está atendida, a sanidade privada está engordando e os profesionais, por moito que vostede diga, están escapando da sanidade pública para a privada e para fóra.

Teño que recoñecerlle que vostede chegou á responsabilidade da Consellería nun momento moi complicado. Vou recoñecerllo, pero, dito iso, se eu tivera que poñerlle unha nota, diríalle que vostede non está progresando adecuadamente. Vostede non está progresando axeitadamente, e a súa actuación non se está correspondendo coa gravidade tan importante na que está a atención primaria. É urxente implementar medidas para que de verdade a atención primaria sexa ese eixo vertebrador, para que sexa o centro de atención onde se resolven ese 80 % ou 90 % dos procesos de saúde da poboación. Para iso é preciso tomar medias. Algunhas non están no ámbito competencial galego, pero moitísimas si están. Cambiar a política de contratación está na súa man, facer que sexa apetecible a atención primaria está na súa



man, contratar novos profesionais e novas categorías está na súa man, deixar de maltratar os profesionais con esa política de contratación está na súa man e escoitar o que lle din miles de galegos e de galegas na rúa e ás portas dos centros de saúde todos os días está na súa man. Estanlle dicindo que a atención primaria está colapsada e que non está dando resposta ás necesidades de asistencia sanitaria que precisan.

Polo tanto, vostede si pode facer moitas cousas que non está facendo, señor García Comesaña. E eu agardo que dunha vez por todas poña en marcha un plan de atención primaria real que a converta nese auténtico eixo vertebrador que lles dea resposta aos problemas de saúde da poboación galega.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Por unha banda, alégrome do ton dalgunhas das partes das intervencións, no sentido de respaldar ese modelo que entre todos temos. Benvido, insisto, señor Torrado, a ese apoio do plan vertebrado. Esa é a nosa folla de ruta; o documento vertebrador é dende hai tres anos o guión que temos. É certo que durante algo máis dun ano non se puido desenvolver o que estaba previsto, como xa dixemos aquí varias veces, a petición súa e a petición nosa, porque nós vimos aquí tantas veces como se nos pide, pero tamén vimos todas as veces que cremos que temos que vir a contar algo, e en todas as ocasións lles trasladamos que estamos recuperando todo o que contiña ese documento vertebrador —que, por suposto, pode ter matices—, pero o noso compromiso é seguir informándoos a todos vostedes, a todos os deputados, e en particular aos portavoces de sanidade, de como se desenvolve.

E cando dicía que non nos daban tempo, señora Prado, referíame a que, vindo a directora xeral no mes de xullo contar os plans, pois creo que nun mes e medio, cunha onda por riba e o mes de agosto, é difícil ter máis resultados. Pero, aínda así, estou a contar aquí, en sede parlamentaria, que as axendas da calidade —unha demanda histórica dos médicos de atención primaria— están practicamente implantadas en todos os cupos de atención primaria de Galicia, aínda que pode quedar algún caso illado, que imos facer ese esforzo tamén no resto das categorías e que cremos que é un paso importante. Estamos traballando na carteira de servizos con todas as profesións que vostedes acaban de comentar aquí. Por suposto que estamos a favor de incorporar esas novas profesións, ¡faltaría máis!, e estamos traballando nese encaixe. Para nós ese sistema da xestión da demanda é importantísimo.



Eu dicíalle, señor Torrado, que o tema da triaxe —que coñezo ben, como vostede ben dicía— ten o seu sentido, pero non é a solución, como tamén se demostrou no caso da área sanitaria, como lle dicía antes. Nese sentido, o documento da xestión da demanda cremos que si, efectivamente, é un paso importante, e estamos traballando intensamente nel, como lle dicía, cun grupo que traballou no mes de agosto para seguir definindo eses criterios. Se todo vai ben, nas vindeiras semanas, aprobarase nalgún centro de saúde e, se funciona ben, de seguido se pon en marcha, e tamén todas as medias que teño comentado.

Insisto, nas categorías, por suposto que si, e insisto na capacidade que ten o Plan de saúde local, que, bueno, señor Torrado, eu entendo que vostede queira devolverme a pelota coas comisións locais, pero falamos de cousas totalmente diferentes, e tamén lle acepto o punto de que os consellos de área non se reúnan. Se somos capaces de reactivalas, a través dos plans de saúde local —que si é unha cuestión que depende de nós, non dos concellos—, non haberá ningún problema. Pero o fundamental é que os plans locais de saúde sexan ese exercicio onde todos os profesionais do centro de saúde, liderados polo xefe de servizo e coordinador, sexan quen de adaptar as características de atención que dá ese centro de saúde ás características dese centro. Non é o mesmo o Centro de Saúde de Larouco, con 300 tarxetas sanitarias, que un cupo en Oia ou un cupo na Guarda. Estamos totalmente de acordo, iso hai que contemplalo.

Falaba vostede da saúde mental. Creo que estamos facendo un esforzo claro e manifesto pola saúde mental. Nós o que non cremos que sexa oportuno —e aí podemos discrepar— é que as unidades de saúde mental non dependan do servizo de psiquiatría. Cremos que o modelo que temos en Galicia de unidades de saúde mental, distribuídas nos centros de saúde, dependendo do psiquiatra, é correcto. E tan correcto cremos que é que nestes meses incorporamos tres unidades de saúde mental novas en Galicia. Hai 15 profesionais máis nos últimos meses, dous psiquiatras por cada unidade de saúde mental, un traballador social, un psicólogo clínico por cada unha destas unidades —que están traballando xa, non dentro de meses, senón que levan traballando xa, nalgún caso, meses—, nesa relación tan estreita coa atención primaria, con ese centro de saúde, pero co servizo de atención primaria. Estou falando de Oleiros, estou falando de Ordes, estou falando de Tui, neste caso, onde esa aposta pola saúde mental integrada coa atención primaria é fundamental... E niso estamos totalmente de acordo, e ademais recólleo o Plan galego de saúde mental, que, como tamén vostedes ben saben, estamos a desenvolver.

No tema das retribucións, eu en ningún momento quixen minusvalorar que unha persoa non collera un contrato de 62.000 euros. O que si dicía é que cando a min me di alguén que ofrecemos condicións económicas lamentables, terceiromundistas e todo ese tipo de adxectivos, e que o que estamos é ofrecendo un contrato de tres anos por 62.000 euros ao ano, enténdame que non poida quedar calado. Bueno, todos os médicos de familia, ese 90 % dos médicos de familia que contratamos en Galicia, que teñen a maior parte deles unha praza estable —propietarios, interinos ou substitutos—, cobra incluso algo máis que iso de promedio. É dicir, que nós non estamos tratando nin economicamente mal, nin desde o punto de vista contractual, os MIR que rematan.

Ten razón, señora Prado, os MIR deste ano, a maioría non foron á atención primaria —e dixémolo—, por iso insistimos tamén en que hai que desenvolver a especialidade de Urgencias



para que non compita coa atención primaria. Iso dixémolo por activa e por pasiva, e dixémollos ao Ministerio. Por fin conseguimos que, despois de moito insistir, a finais deste mes, vaia haber unha reunión específica en todo o Estado para falar da atención primaria, e aí imos levar —xa a levamos, de feito— a nosa proposta de facer un MIR extraordinario. Decía eu antes: ¿como imos facer? Pois revisando cos titores que temos en Galicia, pero tamén co resto do Estado —porque aínda que a algún lle pese, nós non queremos o MIR galego, queremos o MIR español de atención primaria, queremos que se consensúe de xeito global—, cremos que temos que ir, neste caso, a Madrid a pactar as condicións entre todos, as condicións das unidades docentes. Non podemos ter un sistema de formación de MIR de hai trinta anos. O sistema evolucionou, a sanidade evolucionou e a información evolucionou. Cremos que temos que revisar entre todos os criterios, e, claro, aspiramos a ter —se é posible— o dobre de prazas; das 142 que temos agora, a ter o dobre. Pero, evidentemente, terán que ser cuns criterios distintos aos que temos agora. Cos criterios de agora non podemos avanzar en máis unidades docentes, porque a situación, os requisitos que ten agora mesmo o sistema de formación do MIR non o permiten. Pero, bueno, insisto en que seguiremos nesa liña e en que seguiremos, por suposto, con toda a incorporación desas novas profesións.

Creemos —e dixémolloslle a vostedes hai pouco tempo— no papel da enfermaría de atención primaria; da enfermaría comunitaria, por suposto, pero, en particular, de toda a enfermaría, que é o que imos ter en atención primaria. Apostamos por esa prescripción. Vostede di que fomos a penúltima, pero non di que o único protocolo que hai agora mesmo en vigor é galego, precisamente, que é o das feridas. Polo tanto, aquí todos temos que emendar.

E, por suposto, nós cremos que é unha aposta importante que a enfermaría poida desenvolver todas as súas capacidades nun marco de equilibrio, respectando o resto das categorías, e aí, por suposto, imos seguir traballando.

Eu alégrome de que o hoxe o dato do 90 % quede claro. Dareille toda a documentación que precise e podemos confirmar e deixar de dicir que a xente marcha de Galicia por este concepto. Marchará por outros, pero por este, non. E, por suposto, o que quere marchar non o podemos atar.

E tamén quero insistir nalgúns datos que, a base de repetilos, claro que sabemos, señora Prado. Claro que hai centros de saúde que teñen problemas graves. Eu dixen aquí, na última comparecencia miña, que tiñamos un problema importante de falta de recursos humanos. Non temos substitutos. Os casos que vostede me comenta maioritariamente son por imposibilidade de substituír, porque é certo que non temos substitutos. Aquí vaia por diante —que o digo sempre— o meu recoñecemento ao traballo que fan o resto de médicos dos centros de saúde, que, cando un deles falta, o resto bota unha man, como levan facendo anos e anos, antes do Bipartito, despois do Bipartito e todos os anos. Cando un médico colle vacacións, os demais axúdanos, ¡faltaría máis!, como creo que facemos todos. É certo que este verán coincidiu un impulso importante desta onda en atención primaria. Tratamos de reaccionar do xeito que puidemos para descargar esa presión, pero é certo que este ano foi un ano máis duro, porque tivemos menos substitutos que outros anos. Pero, bueno, aínda con todo, pasado o verán —que eu insisto nese agradecemento aos profesionais e tamén aos xestores, que foron quen de cubrir todos eses ocos—, quero destacar aquí unha



cuestión importante: nin un só punto de atención continuada do Servizo Galego de Saúde — máis de 100 — quedou sen cubrir nin un só día, nin un só turno. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): E, dito isto, vou dar o dato de agora mesmo, a 5 de setembro: o 66 % das citas en atención primaria, señora Prado, saen para dous días ou menos, o 66 %. De cada tres citas, dúas saen en menos de dous días, e o 83 % sae en menos de catro días. E voulle dar un dato: na provincia de Ourense, o 98 % sae en menos de dous días; unha provincia que ten o 60 % dos seus centros unipersoais, moi difíciles de cubrir.

Temos que seguir traballando, por suposto. Nós queremos que os profesionais de atención primaria teñan as mellores condicións. Seguiremos loitando por ter máis profesionais, por novas funcións, por novas categorías, pero tamén cremos que é xusto recoñecer o traballo que están a facer...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...eles e os directivos de atención primaria.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao seguinte punto da orde do día, de preguntas ao Goberno, empezamos pola 7.2.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da paralización cautelar do parque eólico previsto no monte da Pena, entre os concellos de Outes e Negreira

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día.

Señor conselleiro, as comarcas da Barbaza e Muros-Noia son un claro exemplo da ocupación abusiva e extrema do territorio por parte das empresas eólicas. De saír adiante os proxectos previstos, as 20 instalacións existentes poderían duplicarse a curto prazo, a potencia actual multiplicaríase por tres e sumaríanse aos case 400 aeroxeradores actuais; 114 muíños máis, pero cun tamaño e cunha capacidade para xerar electricidade seis veces maior que os que levan funcionando anos na comarca.

En concreto, no concello de Outes, os parques previstos, con moi pouca distancia entre si, converterían toda a zona *de facto* nun megaparque eólico cun falso fraccionamento nunha



mesma área xeográfica e con liñas de evacuación e outras infraestruturas en común en moitos casos, o que lle facilitaría o procedemento de instalación; algúns deles explotando ao límite o mínimo legal e situándose a escasos 500 metros das numerosas aldeas, un mínimo que estaba previsto hai vinte anos para uns aeroxeradores cunha tecnoloxía ben distinta á actual, cando os muíños roldaban os 50 ou 60 metros de altura.

No mes de xuño publicouse no DOG a resolución da declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico de Outes: 21 megavatios de potencia total, 7 aeroxeradores, máis toda a súa infraestrutura asociada, distribuída ao longo do monte da Pena, un espazo no que o propio informe da Dirección Xeral de Patrimonio reconece a existencia de patrimonio arqueolóxico e que o Pleno do Concello de Outes acordou candidatar no ano 2019 como un espazo natural protexido de interese local, con base, precisamente, na súa importancia natural, histórica e paisaxística. No monte da Pena consérvanse, cando menos, sete mámoas e moi preto existen xa catalogados, cando menos, 8 castros. Ao seu valor patrimonial e cultural hai que engadir o paisaxístico, que o converte nun recurso turístico de altísima importancia e que debería estar protexido hai moito tempo. As actuacións previstas van privar da riqueza do monte da Pena a sociedade en xeral e convertelo nunha paraxe industrial para beneficio duns poucos.

Estamos a falar dun parque, señor conselleiro, que formaba parte do concurso do ano 2010, ubicado nunha zona que foi obxecto de litixio e do que o propio Tribunal Supremo sentenciou no ano 2018 a anulación do concurso e ordenou retrotraer á fase de avaliación as ofertas presentadas para esa zona.

Gustaríanos, señor conselleiro, que nos aclarase se se cumpriu esa sentenza. Por todas esas razóns que acabamos de expoñer, preguntámoslle se consideran que vale a pena a paralización deste parque no monte da Pena e se vai protexer e poñer en valor a riqueza natural, cultural e paisaxística da zona.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pérez, agradézolle que traia a este Parlamento o sector eólico. E agradézollo porque seguramente podemos compartir, todos os grupos parlamentarios e tamén a Xunta de Galicia, que o noso compromiso co medio ambiente é inquebrantable, que o noso compromiso co territorio, coa actividade económica compatible entre o desenvolvemento das enerxías renovables, o sector primario e a actividade industrial, é inquebrantable e que, polo tanto, neste Parlamento, os galegos e as galegas teñen que saber que nós traballamos, precisamente, para garantir esa protección medioambiental e ao mesmo tempo para desenvolver economicamente o noso país.



Eu o que lamento é que unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego segue sendo tan predicible como demagóxico. Se vostedes fosen honestos, terían que explicar ás familias, ás persoas autónomas e ás empresas galegas que a súa tarifa galega, que tanto promoven, é incompatible, precisamente, co seu boicot permanente ao desenvolvemento eólico de Galicia.

Se fosen honestos, deberían explicarlles que se lles fixeramos caso á súa vocación nacionalista de illar Galicia enerxeticamente, iso suporía pagar un 30 % máis do que o fan agora. E se fosen honestos, señoría, deberían explicarlles tamén que esa falta de congruencia esconde un único obxectivo, que é simplemente utilizar un sector económico para facer oposición á Xunta de Galicia, un obxectivo que non é razoable no século XXI.

Vou darlle tres datos. Primeiro, o pasado ano debería saber que non se aprobou ningún parque eólico en Galicia, ningún. Se me preguntara, diríalle que a previsión para este ano é que entren en funcionamento cinco parques, ningún deles na Barbanza, e cunha dotación conxunta que non chega aos 70 megavatios. E, se me preguntara, efectivamente, diríalle que nós estamos a tramitar —porque esa é a nosa obriga— pero non estamos autorizando parques que non cumpran con todos os criterios e con todos os obxectivos que antes lle trasladai.

Con respecto ao parque eólico que vostede me traslada, sabe perfectamente que este parque está desenvolvéndose pola tramitación de declaración de impacto ambiental ordinaria; é dicir, cumprindo todas as garantías e tendo todos os informes favorables, incluído tamén o informe do Concello de Negreira.

Polo tanto, nós imos seguir, señoría, tramitando e non autorizando, salvo que se cumpran todos os criterios medioambientais, e tamén o faremos no caso do parque eólico...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ...de Outes.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para réplica, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, o seu compromiso co medio ambiente é tan inquebrantábel que onte mesmo, cando o Goberno do Estado anunciou unhas tímidas e absolutamente incompletas medidas para tratar de rebaixar o recibo da luz, o Partido Popular saíu en tromba a criticar que esas timidísimas medidas eran, nada máis e nada menos, que unha confiscación. Ese é o seu compromiso co medio ambiente, señor conselleiro. (*Aplausos.*)



Pero vostede, cun ton aparentemente amábel, non deixa de descualificar a acción da oposición, polo de agora, que ten o BNG nesta Cámara. E dígollo porque, á parte de dicirnos que somos predicíbeis e demagóxicos, antes, na interpelación da miña compañeira, dixo vostede que eramos vehementes. Efectivamente, para nada é un insulto, todo o contrario, porque, mire, nós apostamos, neste tema e en calquera na defensa de Galiza, pola vehemencia e pola paixón, e queremos deixar atrás a pasividade, a inacción e, dende logo, a desidia que demostra o Goberno galego, particularmente co tema eólico. *(Aplausos.)*

Señor Conde, onte viuse claramente, a todo titular, cal é a intención das grandes empresas eléctricas: ou se fai como elas din ou, se non, ameazan co apagón total. Son capaces a estas alturas —co que leva chovido e coa empatía que reclamaba a ministra de Medio Ambiente— de ameazar un goberno con total impunidade.

Ben, pois non é só o que está pasando no monte da Pena, na comarca da Barbanza, de Muros-Noia e en todo o país...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente. *(Aplausos.)*

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

É curiosa a referencia ao acordo do Consello de Ministros de onte, porque eu lle recordo — moitas veces o Bloque Nacionalista Galego olvídase — que vostedes teñen un acordo de goberno co Partido Socialista e con Podemos. *(Murmurios.)* Se realmente este tema fose tan relevante para vostedes dende o punto de vista político, hoxe terían que rachar ese acordo de lexislatura co Partido Socialista e con Podemos, *(Aplausos.)* e así poderíamos falar máis en serio dos diferentes temas, e particularmente do tema da tarifa eléctrica.

Pero vaíamos ao sector eólico, porque vostedes no sector eólico están no non polo non. Vostedes visten de pancarta permanentemente e saen deste hemiciclo e van detrás da pancarta simplemente para facer oposición de forma irresponsable, porque vostedes terían a responsabilidade como deputados e como partido político, precisamente, de dicirlle á xente a verdade e de non enganar a xente intentando amedrentar e lanzar falsas expectativas.

Xa non lle chega, señoría, con seguir coa propaganda da tarifa eléctrica galega. Estou esperando desde hai sete anos — ¡sete anos, señoría! — que o Bloque Nacionalista Galego presente unha memoria económica que demostre que, efectivamente, a súa proposta supón un aforro na tarifa eléctrica dos galegos. Estamos esperando por esa memoria económica.

Agora queren unha tarifa por zonas dentro do territorio galego. Seguramente, a este paso, van pedir unha tarifa eléctrica disinta para cada galego..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): ...pero iso seguramente forma parte da súa incoherencia.

Señoría, nós imos seguir buscando a unidade do pobo galego. Vostedes están intentando rachar a convivencia utilizando o sector eólico en Galicia, e nós non o imos permitir, porque nós imos seguir trasladando e tramitando os diferentes proxectos con todas as garantías, defendendo o medio ambiente, defendendo o patrimonio e defendendo toda a cultura e a riqueza patrimonial. E seguiremos defendendo o desenvolvemento dese sector eólico.

Eu lamento que vostedes non admitan... Falábame vostede da declaración de ENIL solicitada polo Concello de Outes. Señoría, non hai ningún expediente na Xunta de Galicia que solicite esa declaración; ningún, ningún. Debería estar informada diso.

En calquera caso, xa que me fala dos diferentes espazos, efectivamente, direille que estes espazos non están incluídos na Rede galega de espazos protexidos. Eu simplemente o que lle pido é un pouco máis de rigor e, sobre todo, que lle digan á xente a verdade. Tramitar un parque non significa a súa autorización, e nós seguiremos defendendo todo o espazo protexido da Barbanza e seguiremos defendendo o desenvolvemento do propio sector.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Debate acumulado das preguntas 7.3, 7.4 e 7.5.

Alteración da orde do día. Acumulación de tres preguntas para a súa formulación conxunta

Pregunta de D^a Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. Bloque Nacionalista Galego, sobre as sancións ás empresas eléctricas que baleiraron os encoros galegos

Pregunta de D^a Marisol Díaz Mouteira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a notificación da Confederación Hidrográfica Miño-Sil á Xunta de Galicia respecto da drástica baixada do nivel de caudal dos encoros

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D. Martín Seco García, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a iniciación dun expediente sancionador en relación coa baixada de nivel dos encoros do Cenza e das Portas por debaixo do vinte por cento

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora conselleira, Galiza vive, no baleirado salvaxe de encoros que estamos vendo nestes días, o exemplo dramático dun modelo político que nos furta a capacidade de decisión sobre os nosos propios recursos naturais —hídricos, neste



caso—, e vense tamén as consecuencias dun modelo enerxético que é espoliador e absolutamente colonial e que está deseñado por e para as eléctricas, coa inestimable axuda do Partido Popular e do Partido Socialista.

Vemos que nós poñemos os recursos —insisto, hídricos, neste caso—, que temos o impacto medioambiental, o impacto socioeconómico, e que os beneficios van para fóra, e non só iso, senón que estamos vendo hoxe —ademais, que batemos novamente un récord de prezo da enerxía eléctrica— como se usan eses recursos, pese ás consecuencias negativas deste baleirado de encoros, para especular, precisamente, co prezo da enerxía. Así, hoxe, encoros como As Conchas ou Portomarín están rozando o 30 %, outros, con casos máis extremos como o das Portas, en Vilariño de Conso, está xa por debaixo do 15 %, e o baleirado non só non cesa senón que vai a máis. E vai a máis, entre outras cousas, non só pola cobiza das eléctricas, senón tamén pola inutilidade do Goberno central, si, pero tamén do Goberno galego, porque ese pim, pam pum entre Partido Popular e Partido Socialista ás empresas eléctricas lles está entrando por un oído e saíndo por outro.

Insistimos desde o BNG en que aquí hai unha responsabilidade que, evidentemente, é tripla: desas compañías eléctricas; por suposto, do Goberno central, porque acapara unha parte importante das competencias; pero tamén do Goberno galego, tamén súa, señora Vázquez. E como este é o Parlamento galego, pois xa poño a venda antes da ferida e pídolle que, por favor, non faga como o presidente da Xunta hoxe pola mañá, que adopta unha estratexia escapista e cutre, e que asuman algún tipo de explicación e responsabilidade.

Hoxe pedímoslle explicacións, porque vostedes sabían xa desde o 10 de xuño que isto ía acontecer. Non fixeron absolutamente nada, e non só iso, senón que, cando xa o dano era visible, o único que fixo vostede e o único que fixo o Goberno galego foi estar un mes dando roldas de prensa no lugar de poder incoar xa os expedientes. ¿Por que tardaron tanto, señora Vázquez? Ten que dar explicacións diso, ademais de dar explicacións de como agora se ve que as consecuencias dos cambios lexislativos que vostedes fan para favorecer as empresas do IBEX 35 o que fan é furtar a Galiza a capacidade de actuación. Vostede ten que dar hoxe explicacións diso, porque o Goberno galego mentiu, vostede mentiu e o señor Núñez Feijóo mentiu, e as consecuencias seguen e o problema vai en aumento no lugar de minorar. E hoxe, ademais destas explicacións, ten vostede unha oportunidade de rectificar e de dicir que están dispostos a chegar á verdade, que están dispostos a dirimir responsabilidades e que van apoiar a proposta de comisión de investigación que o Bloque Nacionalista Galego traerá ao próximo pleno.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

En segundo lugar, para formular a pregunta, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.



Antes de nada, quero agradecer a presenza da conselleira nesta sesión plenaria para dar resposta a esta pregunta ante a enorme preocupación —da que non somos alleos no Grupo Parlamentario Popular— provocada pola situación de varios encoros de Galicia pola drástica redución dos seus niveis de auga. En concreto, refírome —e todos vostedes o coñecen— ao baleirado dos encoros de Belesar, na provincia de Lugo, e Cenza, As Portas e Salas na provincia de Ourense, todos eles de competencia estatal e pertencentes á Demarcación Hidrográfica Miño-Sil; encoros de abastecemento e aproveitamento hidroeléctrico que acusaron un normal e acusado descenso das súas reservas de auga.

Esta situación de excepcionalidade veu xerar preocupación e alerta social, non só nas administracións locais —estamos falando de 18 alcaldes, 12 populares e 6 socialistas—, senón tamén na Administración autonómica e, por suposto tamén, entre a veciñanza dos municipios afectados.

Cómpre destacar e recordar que o pasado ano nestas mesmas datas a demarcación presentaba un nivel de ocupación superior ao 70 %, sen embargo, hoxe os encoros desta conca están por debaixo da metade da súa capacidade, cuns niveis de ocupación inxustificables nun ano hidrolóxico normal; inxustificados, repito, inesperados e non habituais para esta época do ano.

Esta situación dos encoros contrasta coa situación dos encoros da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, responsabilidade e competencia da Xunta de Galicia; once encoros cun bo nivel de reservas, superior ao 60 %. Polo tanto, en Galicia, cunhas competencias divididas, cuns encoros dependentes do Estado e outros responsabilidade da Xunta, quería referirme, señorías, conselleira, a que a lei entendo que é a mesma para todos. A súa interpretación debería ser a mesma para todos, como se fixo ata o de agora, pero cunha excepcionalidade, como vostede dixo nunha rolda de prensa hai pouco, que foi a deste verán e a dos catro encoros dos que estamos a falar.

Polo tanto, fóra do contexto da normalidade que veu existindo ata este ano —e vostede, conselleira, seguro que pode concretar moito mellor isto—, dende o Grupo Parlamentario Popular o que apreciamos é irresponsabilidade do Goberno central e que vai prexudicar moito o noso país polos riscos de desabastecemento de auga, por poñer en perigo a preservación dos valores ambientais e a biodiversidade e por impedir ou incluso interferir as tarefas de extinción en caso de incendios forestais.

Son moitas as novas nos medios de comunicación, pero sobre todo é moita a inquedanza, o receo e a intranquilidade expresada por alcaldes, alcaldesas e veciños.

Conselleira, dado o interese e o preocupante da situación e, sobre todo, para que os galegos e as galegas, en concreto a veciñanza destes encoros afectados, poidan entender que é o que está a acontecer, ¿podería concretar cales son as competencias da Consellería nesta materia? ¿Cal foi a actuación da Confederación Hidrográfica? ¿Foi a correcta? ¿Seguiu o procedemento legal? En definitiva, ¿houbo notificación legal por parte da Confederación Hidrográfica? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz. Xa rematou o seu tempo.



En terceiro lugar, para formular a pregunta, ten a palabra o señor Arangüena Fernández, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señorías, a análise das declaracións e actuacións de dúas conselleiras e do señor Feijóo no tema do baleirado dos encoros amosa un nivel de falsidade, irresponsabilidade e escapismo impropio dun goberno democrático nun Estado de dereito e roza a prevaricación, se non incorre directamente nela. *(Aplausos.)*

Despois de culpar o Goberno central —para variar— e de que o señor Feijóo dixese o 2 de setembro que a Xunta non fora informada polas empresas eléctricas, ao día seguinte publicáronse dous correos de Iberdrola do 10 de xuño e do 12 de xullo que demostran que o señor Feijóo mentiu unha vez máis descaradamente á cidadanía de Galicia, porque a Xunta estaba perfectamente informada do baleirado dos encoros, aínda que tampouco necesita ser informada, porque ten que actuar de oficio —por se non o sabe vostede—, e ten centos de axentes medioambientais obrigados á inspección ambiental dos encoros —¡obrigados!—. A pesar do cal, o Goberno galego tardou 70 días en iniciar catro expedientes sancionadores polo ridículo importe de 25.000 euros cada un, e aínda no día de hoxe non adoptou as medidas preventivas legalmente establecidas que deben determinar vostedes polo Regulamento de pesca fluvial, que obriga a Xunta de Galicia a dicirlles ás eléctricas que medidas teñen que adoptar para evitar danos medioambientais.

E o señor Feijóo, en rolda de prensa, dixo que «se trata de feitos de enorme transcendencia ecolóxica que Galicia non merece». Literalmente, e engadindo que «é un disparate, unha irresponsabilidade manifesta e unha falla de respecto ao Goberno galego e aos galegos». E dixo que «non vira unha cousa así nos doce anos que levo de presidente».

Ante unhas afirmacións tan tremendas e categóricas do señor Feijóo, o que ten que facer é actuar, porque hai, non unha, senón tres leis autonómicas que obrigan a que vostedes actúen se hai indicios de dano medioambiental, como está dicindo o señor Feijóo: a de pesca continental de Galicia, a de patrimonio natural de Galicia e a de protección ambiental de Galicia, e un Regulamento de pesca que di que a Xunta ten que autorizar ou non autorizar o baleirado dos encoros. E a Xunta tiña toda a información, porque Iberdrola remitiu comunicación, porque a Confederación Hidrográfica lle comunicou o baleirado ao 112 —que depende do señor Rueda—, porque a Confederación Hidrográfica comunica cada semana —como vostede debería saber— o nivel de cada un dos seus embalses a Augas de Galicia, e, para rematar, porque teñen vostedes centos de axentes medioambientais que, entre as súas competencias de oficio, teñen a vixilancia dos cursos fluviais, incluíndo os encoros, tamén os da Confederación Hidrográfica. Pero parece ser que o primeiro axente que pisou un embalse o fixo o 20 de agosto, doce días antes de que o señor Feijóo mentise á cidadanía dicindo que non foran informados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.



Señores deputados, en primeiro lugar, quero agradecerlles a inqueda que vostedes están mostrando e as súas preguntas nesta sesión plenaria, porque o baleirado dos catro embalses da Demarcación Miño-Sil é un tema que preocupa especialmente o Goberno galego; é un tema que, de xeito oficial, así se lle trasladou á Confederación Hidrográfica e tamén ao Ministerio de Transición Ecolóxica. Fíxose publicamente e queremos unha vez máis trasladalo ante vostedes.

Mostramos a nosa inqueda pola gravidade dos feitos e polas repercusións que poida ter esta acción totalmente irresponsable por parte da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, xa que esta drástica baixada do nivel de augas, á parte de ser unha auténtica tomadura de pelo para os veciños destes encoros —unha auténtica tomadura de pelo, polo tanto, para os galegos e para as galegas—, pode traer aparelado un importante problema no medio ambiente e tamén na biodiversidade —non, se cadra, agora, pero seguramente dentro duns meses—; por non falar de que xa entorpeceu labores fundamentais como puido ser a extinción de incendios nun momento determinado.

Por iso, señora Presas, estamos totalmente de acordo nunha cousa: é necesario tomar medidas. E iso foi o que fixo a Xunta de Galicia a través da consellería competente, que é a Consellería de Medio Ambiente. Fíxoo con contundencia contra as empresas concesionarias destes embalses hidroeléctricos que modificaron o nivel de reserva das súas augas de xeito abrupto. Pero tamén contra o organismo responsable desta demarcación, que é a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que consentiu a situación na que a día de hoxe nos atopamos. E debemos facelo, ademais, porque estamos —como vostede ben di— ante un baleirado inxustificable e irresponsable que pon en risco a fauna e a flora, así como outros aproveitamentos —como pode ser a pesca ou incluso a actividade turística—, e trae consigo a perda de oxíxeno e a proliferación e o aumento de bacterias. De feito, este baleirado situou as reservas de auga dos encoros en menos dun 15 % nalgúns deles, o que significa o mínimo histórico nos últimos vinte anos —porque parece que isto aconteceu no día a día—, cando as precipitacións rexistradas incluso foron maiores este verán que noutros veráns.

Fronte a isto, os encoros da demarcación Galicia-Costa, competencia da Xunta de Galicia, seguen en niveis normais ou incluso por riba destes niveis normais. Imaxinen, esa é a diferenza: competencia da Xunta de Galicia e competencia do Goberno central. Por esta razón a Xunta xa tomou medidas. Abriu os expedientes sancionadores tanto ás empresas como á Confederación, uns expedientes que contemplan o nivel máximo de sancións da Lei de pesca fluvial —e fíxoo debido á falta desa comunicación oficial, tal e como establece a lexislación vixente—..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
...uns expedientes polos cales... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
...o instrutor xa nos solicitou o estudo e avaliación dos posibles danos medioambientais oca-



sionados. E, de confirmarse esas afeccións, as sancións poden chegar ata os 2 millóns de euros pola Lei de patrimonio natural.

Polo tanto, señora Presas —tamén señor Arangüena e señora Díaz—, en resposta ás súas preguntas, a Xunta está tomando medidas. Tomou medidas para depurar ata o final todas as responsabilidades.

Dende o Goberno galego, por suposto, non estamos mirando para outro lado, nin imos aceptar este tipo de baleirados —que é a primeira vez que se realizan en vinte anos—, executados ademais dunha forma inxustificada para nós e inxustificada para o resto dos galegos. E dáse a casualidade de que se fai nun momento histórico no que o prezo da luz para os contribuintes adquire o seu nivel máis alto.

Pero parece ser que o Goberno central di que isto non é así, que se poñen de perfil e non actúan, e que incluso o xustifican. E tanto é así —que o xustifican— que fan declaracións como esta que saíu nalgún medio de comunicación estes días pasados, na cal di que «a hidrográfica nega que as eléctricas investigadas incumprisen as súas concesións». ¡E quedaron tan anchos! Por outro lado, é certo que o Goberno central cualifica de escandaloso o baleirado dos embalses por parte de Iberdrola para producir enerxía máis barata. A ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera, afirma que xa investiga esta práctica que a eléctrica realiza tamén noutras zonas, como Zamora ou Cáceres. Póñanse vostedes de acordo, porque se supón que os dous son do mesmo ramo. Nadia Calviño di: «*Vamos a aclarar y vamos a acabar con las malas prácticas de las hidroeléctricas*», e avanza medidas para evitar unha xestión inadecuada das condicións públicas por razóns puramente económicas. Teresa Ribera, unha vez máis, di: «*La situación es tremenda, con riesgos de todo tipo, medioambientales para el ecosistema fluvial y de impacto social, al margen de la mala gestión que representa que el agua se vea como un bien económico que se turбина cuando se desea*».

Dende a Xunta de Galicia, pola nosa banda, teñan seguro que chegaremos ata o final na instrución dos expedientes sancionadores, que xa están abertos.

Señora Díaz, preguntábame vostede se tivemos notificación oficial por parte da Confederación, tal e como fixa a lei. A resposta é clara e repítoa unha vez máis: o organismo de conca non se dirixiu en ningún momento á Xunta de Galicia —en concreto, á consellería competente, que é a Consellería de Medio Ambiente—. E a lei establece que a confederación hidrográfica é a que debe autorizar as manobras nos encoros e posteriormente notificarllas á Consellería de Medio Ambiente para que poña as condicións en relación co ámbito piscícola. Iso nunca se levou a cabo. Artigo 83 do Regulamento de ordenación de pesca fluvial: «*Sempre que un particular ou unha entidade concesionaria dun aproveitamento hidráulico vaia proceder á anulación ou ao baleirado total ou parcial dunha masa de auga na que exista poboación ictícola que poida verse afectada pola redución ou desaparición da masa de auga deberallo comunicar cunha antelación mínima dun mes ao órgano competente, que deberá notificarllo inmediatamente á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes para que esta estableza as medidas que deberán adoptarse co obxecto de protexer a citada poboación*».



É así de sinxelo, señor Arangüena, non hai que darlle máis voltas. (*Murmurios.*) E segue insistindo en que isto se realizou... Bueno, vostede é capaz de negarse ata a vostede mesmo. O que non sei é o que ocorre detrás de todo este proceso. ¿De verdade que vostede, como deputado, pode manchar de tal xeito a súa imaxe por estar defendendo continuamente o presidente da Confederación Hidrográfica? ¿Que hai detrás de todo isto? (*Murmurios.*) Non siga por ese camiño porque non vai ben. Estoulle lendo o artigo. ¿É que acaso non o entende?

Por outro lado, xa lle digo, non houbo comunicación; polo tanto, non houbo trámite e non podería procederse a ningún baleirado. Porque sabe vostede unha cousa: se a Consellería non respondese, o silencio sería sempre negativo, nunca positivo, señor Arangüena. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A Confederación Hidrográfica saltou todo o procedemento legal e actuou pola porta de atrás, ou talvez non sei se con aquilo de «vaia vostede facendo e a ver se ninguén nos delata porque igual están de vacacións». E eu aquí diríalle que lles pida desculpas aos axentes medioambientais. Realizan o seu traballo, son auténticos profesionais e exerceron o que tiñan que exercer no momento determinado. Eles non son os responsables de que o presidente da Confederación... (*A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira. Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Para a réplica, ten a palabra, en primeiro lugar, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora Vázquez, creo que hoxe, xa que fixeron esa *performance* de entrega das actas de deputados —ou que a van facer—, pois podían aproveitar e xa deixar directamente esta consellería vacante, porque para o que nos serve... (*Aplausos.*) Xa podían facer iso directamente. (*Aplausos.*)

Mire, vostede veu aquí e o único que fixo foi seguir con ese «pim pam pum» co Goberno central. E a conclusión é que non cambia nada e as eléctricas seguen facendo o mesmo. Pero é que, por riba, eu xa non sei se vostede mente ou ignora a realidade, porque vén vostede aquí e non dá explicacións de por que tardaron en incoar eses expedientes administrativos, non dá explicacións de por que tardaron en actuar sabendo que isto ía acontecer —non dan explicacións pola parte que lle compete á Xunta de Galiza—. E logo, por riba, vén aquí dicir cuestións tan graves —que vostede confirma— como que isto afectou a extinción e prevención de incendios e que confiemos en que o resto de setembro vaiamos estar seguros e seguras porque chove, non porque a Xunta de Galiza actúe. Iso é gravísimo, señora conselleira. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Vén aquí vostede tamén a dicir que isto nunca acontecera no noso país. ¡Oian!, infórmense un pouco, porque os seus colegas de Iberdrola no 2012 xa foron sancionados pola CNMC por facer isto na bacía do Sil. Xa non sei se é peor que ignoren ou que mintan e manipulen en favor dos seus colegas de Iberdrola, como fan. (*Aplausos.*)



E, en último lugar, señora conselleira, desde logo o que non é asumible é que, por riba, digan agora que normalmente vostedes xa actúan de oficio, que son moi dilixentes e demais. Pero ¿que pasa?, ¿é a primeira vez que no encoro das Conchas hai baleirado e hai cianobacterias? Iso pasa todos os veráns e vostedes non só non actúan senón que incluso alcaldías do Partido Popular dun lado do encoro permiten o baño e do outro non, porque nin sequera Augas de Galiza actúa como debe en prol da saúde pública neste ámbito.

Polo tanto, estas son as cuestións que reflicten perfectamente como vostedes se poñen de perfil. Neste caso quedou moi claro na intervención da voceira no Parlamento en nome do Partido Popular. Actúan porque hai presión mediática, única e exclusivamente. Desde logo, nós non pararemos ata que se dean explicacións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas. Xa rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

En segundo lugar, para o turno de réplica, ten a palabra a señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Moitas grazas, presidente.

Grazas, conselleira. Creo que da súa intervención, que foi clara e contundente, se deduce perfectamente que dende o primeiro momento a Xunta de Galicia puxo en evidencia a súa preocupación pola situación destes encoros, e sobre todo polas posibles consecuencias ante unha posible seca. E mesmo se dirixiu por carta o pasado 25 de agosto á vicepresidenta terceira e ministra de Transición Ecolóxica —que é quen ten a competencia nestes encoros afectados da demarcación hidrográfica— para que aclarase as circunstancias nas que se produciu ese baleirado, se autorizou deixalos por debaixo do 20 % e, se foi así, cales foron os motivos desa autorización.

Dende o Grupo Parlamentario Popular somos coñecedores das medidas que se están a tomar por parte do Goberno galego e as denuncias pertinentes, sobre todo motivadas por eses mínimos históricos aos que endexamais se chegara, coa apertura —como ben dixo— dos correspondentes expedientes sancionadores.

A Lei de pesca é clarísima, como clarísimo é o Regulamento. Vostede díxoo e eu insisto. No momento en que se vaia facer un baleirado masivo nun encoro ou calquera obra que poida influír no ámbito piscícola ou no patrimonio natural, ¿quen é o órgano competente? O Goberno do Estado. ¿A través de quen? Da confederación hidrográfica, que ten que poñelo en coñecemento, a través do procedemento legal establecido, da Administración autonómica.

Quedou claro, conselleira. Quedou claro tamén que non houbo correos electrónicos, que non houbo rexistros de entrada de ningunha comunicación oficial do organismo pertinente —dígame confederación—. A día de hoxe, conselleira, a Confederación e o seu presidente ¿tense posto en contacto con vostede ou co Goberno galego para amosar a súa preocupación polo que está a acontecer realmente na súa demarcación?, ¿tivo algunha resposta por parte da ministra a esa carta na que lle manifesta a súa preocupación e dirixiuse a vostede? Ou quizais



respecto doutros membros do Goberno que teñen recoñecido que hai un problema, ¿ten vostede coñecemento de que iso poida implicar... (A señora Díaz Mouteira pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Díaz.

(Aplausos.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Déanme uns segundos. (Pausa por un problema técnico.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Estase reiniciando o sistema, nun minuto continuamos. (Pausa.)

A ver se agora vai.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

Adiante.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señora conselleira, talvez foi a cantidade de mentiras que veu hoxe contarnos aquí a que lle quitou tempo para explicar por que o señor Feijóo mentiu á cidadanía dicindo en rolda de prensa que non fora informado polas compañías cando ao día seguinte se publicaron correos que demostran xustamente o contrario, xustamente o contrario tamén do que di vostede que di o artigo 83. Cando se le, xustamente di o contrario do que vostede interpreta que di: que son vostedes os que teñen que adoptar medidas.

E o señor Feijóo rebaixou este ano as sancións ás eléctricas por baleirado de embalses dun máximo de 300.000 euros a un de 25.000, unha rebaixa do 92 % ao seu amigo, o presidente de Iberdrola.

Pero, ademais, se vostede e Feijóo din que estamos ante un tema de gran transcendencia ecolóxica e se o señor Feijóo non actúa e vostede non actúa, prevarican. Porque hai tres leis autonómicas de Galicia que obrigan a que actúen: a de pesca, a de patrimonio natural e a de protección ambiental de Galicia, tres leis. E teñen que actuar de oficio.

Ata o día de hoxe o único que fixeron foi culpar o Goberno central, abrir catro expedientes sancionadores por importes ridículos con setenta días de atraso e dicir que poden abrir outros expedientes —xa nolo dixo aquí outra vez— por importe de 2 millóns de euros. ¡Pero non os abren, pódenos abrir, pero non os abren! Ábrenos de 25.000. E non lles din vostedes ás eléctricas cales son as medidas que teñen que adoptar para evitar danos medioambientais —que é o que di o artigo 83 que vostede mesma leu pero que parece que non comprendeu—, que o teñen que facer vostedes de oficio.

Por tanto, con base en todo iso, ¿será esa coñecida amizade co presidente de Iberdrola —por certo imputado pola Audiencia Nacional por tres delitos— o que lle impide ao señor Feijóo



adoptar as medidas que ten que adoptar legalmente? ¿Está o señor Feijóo prevaricando porque é amigo do señor Galán? ¿Por que mentiu o señor Feijóo? Dígamo, señora conselleira. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Arangüena.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

De verdade que non deixo de saír do meu asombro. ¡A ver, un pouco de respecto á sociedade, un pouco de respecto á cidadanía!

Señora Presas, direille que a Comisión Nacional do Mercado e da Competencia abriu no seu día expediente e sanción, pero non polo baleirado, senón por alterar o prezo da luz. Entérese vostede. *(Murmurios.)*

Por outro lado, non sei o que é do que vostede non se entera. Hai dúas competencias... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* Agora tócame a min, por favor.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Galicia está dividida entre as competencias que ten a Xunta de Galicia e a que ten a Confederación Hidrográfica. ¿Hai algún problema cos encoros sobre os cales ten competencia a Xunta de Galicia? ¿Verdade que non, señora Presas? Pois pídalles aos seus socios da oposición a responsabilidade, non lla pida á Xunta de Galicia.

¿Comisión de investigación? Estou ao seu favor pero onde ten que ser, no Congreso. Vostedes, vostedes que tanto presumen de que trasladan, fagan ese traballo, porque é alí. Son competentes eles, única e exclusivamente. E se quere estar do lado dos galegos, fágao, pero pedíndolle responsabilidades a quen as ten.

¿Que lle parecería, señor Arangüena, se de repente un cidadán de a pé, unha empresa ou mesmo un concello que teñen que facer unha obra, e que teñen unha obriga —que é o informe sectorial por parte da Confederación—, lle din ao 112 que van realizar a obra e que, polo tanto, como xa sabe o 112 que van realizar a obra, xa se dá por notificada a Dirección Xeral de Urbanismo e, polo tanto, continúa coa obra? ¿Que faría o presidente da Confederación Hidrográfica? ¿Por que sanciona continuamente os cidadáns, por que sanciona continuamente os concellos e por que vai da man e de ganchete con Iberdrola, señor Arangüena? *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* ¿Quen é o que permitiu o baleirado, señor Arangüena? ¿Foi o señor Feijóo? ¡¿Pero de verdade que está vostede de broma?! ¿Quen ten a competencia? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, señor Arangüena! ¡Silencio!



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Mire, xa non tiña moita, a verdade, pero perdeu vostede toda a credibilidade despois de que a señora vicepresidenta, Teresa Ribera, asumira as súas competencias. É que non pode ser doutro xeito. E hoxe ás sete e media da mañá entráronnos por Rexel —que nós si que abrimos os correos, os correos e as notificacións oficiais, algo que nega e que non fai por ignorancia ou porque non quere e non lle dá a gana o presidente da Confederación Hidrográfica— e tamén chegaron as súas respostas —supoño que despois de terlle tirado e moito polas orellas, porque non se pode facer tal ridículo e chegar a esta situación sen ter aberto ningún tipo de expediente e dicindo que hoxe seguen investigando—. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E dínos vostede a nós —que non temos competencias, pois a única que temos é a través de Patrimonio Natural sempre e cando se contraste que hai unha afección á flora e á fauna— que tardamos setenta días. Mire, nós o que fixemos foi abrir o procedemento. E ¿sabe o que fixo o presidente da Confederación Hidrográfica? ¡Tardou días en abril! Agora estamos agardando a que despois desa apertura, que teño aquí... Pois, mire, mandámoslle o día 3 as sancións. Negou que as tivera. Menos mal que había os «notificas» correspondentes. E el e a Confederación Hidrográfica —¡que casualidade!— abríronos o día 7, agardaron ata o día 7 para abril. Ben, agora teñen ata o día 21 para presentar as alegacións correspondentes. E di que non se entera. Pois, efectivamente, vostede non se entera ou está noutro mundo.

Polo tanto, desacreditación, despois de que a carta da ministra diga: «*El Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico está trabajando en la aplicación del artículo 55 del texto refundido de la Ley de aguas, que permite fijar el régimen de explotación de los embalses cuando así lo exija la disponibilidad del recurso*». Lea vostede, e, se non, trasládolla. Que conste que esta carta chegou o venres e, como nós temos respecto institucional, non se nos ocorre andar mandando a carta a todos lados. Pero aquí está esa carta.

O Goberno central reconece, polo tanto, que a normativa actual xa lle permite ao señor Quiroga aplicar a lei. E tiña que aplicar a lei. En ningún momento á ministra se lle ocorre dicir que o baleirado dos encoros estatais sexa competencia dun órgano autonómico —¡é que xa só faltaría!—, como pretenden dicir vostedes que esa é a realidade. Por favor, señor Arangüena, siga o exemplo da ministra, que parece ser a única que demostra coñecemento da lexislación vixente.

O balance da situación, señora Díaz, señora Presas, é moi claro e ademais é moi gráfico. A Confederación Hidrográfica non fixo nada e segue sen facelo. Di que vai investigar. ¿Investigar o que? Este señor teranos que dicir se autorizou ou non o baleirado dos encoros. Este señor terá que demostrar que, conforme a lei, despois de autorizarlos, lle trasladou a notificación correspondente á Consellería de Medio Ambiente. E iso ¿canto tempo lle leva investigalo? Iso son cinco minutos, señor Arangüena. Pero é que aquí estamos de broma, sinceramente.

Vostedes limitáronse a tirar balóns fóra e a pedirlle á Xunta que asuma responsabilidades. E estámolas asumindo, faltaría máis. Por outro lado, Gonzalo Caballero di que hai que facer



unha reflexión de país sobre a situación dos embalses e que reconece que as concesionarias contan con determinado réxime que posibilita facer certas cousas que poden non gustar. Iso si, esqueceu algo fundamental, que é o artigo 55 da Lei de augas.

Casualidade é que no día de hoxe —despois duns cantos días, despois de que se lle remitira a carta ao presidente da Confederación—, entrara por Rexel a súa carta e paradoxalmente reconeza o que reconeceu anteriormente a vicepresidenta e ministra de Transición Ecolóxica: que a Confederación Hidrográfica permitiu os baleirados deste calibre, baleirados que en vinte anos endexamais se executaran ata estes límites a pesar de que choveu máis este verán que os pasados. Di que segue investigando e non sabemos moi ben o que. E eu o único que hoxe pedía é unha rectificación. Só queda preguntarse como é posible tal ignorancia administrativa por parte dun alto cargo do Goberno, se en realidade existe esa ignorancia administrativa ou hai algo máis que haberá que descubrir, e que intereses ocultos hai en toda esta maneira de proceder. Porque teño que dicirlles que eu teño aquí exemplos, e podía ter dúcias de exemplos, de como procede a Confederación Hidrográfica conforme a lei. Dáse a casualidade de que esta é a primeira vez que non o fai así. Demasiadas casualidades. ¿Vostede cre nelas? Eu non. E, por outro lado, ¿que queren ocultar por parte da Confederación Hidrográfica e por parte do Partido Socialista?

Señora Presas, ¿quere estar ao lado dos galegos? Lea a lei. Non hai interpretación posible. Pida responsabilidades a quen ten que pedirllas. Aquí non se trata simplemente de balóns fóra e que o Goberno... Efectivamente, nós estamos para dar a cara, nós actuamos —e fomos os únicos—, pero sería bo que tamén aos seus colegas de oposición lles fixera as réplicas pertinentes. A única administración competente e totalmente responsable do baleirado dos encoros é o Goberno central a través da Confederación Hidrográfica. Esa é a única verdade —e ademais reconecida por dúas vicepresidentas e no día de hoxe tamén polo presidente da Confederación—.

Algo está pasando, non sabemos o que ocorreu e por que houbo esa deixadez de funcións. Cualificamos a actitude, por suposto, de irresponsable, temeraria e intencionada. Os axentes medioambientais e os técnicos están facendo un gran labor. E agardemos a que, por parte da Confederación Hidrográfica, o seu presidente polo menos teña a decencia de poñerse en contacto cos alcaldes e dar as explicacións pertinentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta de D^a Mercedes Queixas Zas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do recoñecemento do galego a nivel internacional

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.



Nas últimas semanas no Grupo Parlamentario do BNG tomamos coñecemento de múltiples queixas de cidadáns galegos que vían imposibilitada a súa viaxe ao Reino Unido en diferentes compañías aéreas desde o aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

Despois de teren presentada e validada previamente toda a documentación requirida polas compañías Vueling e Ryanair, xusto no momento de embarcar prohibíronlles o acceso ao avión, o que os obrigou a ficar en terra coas conseguíntes afeccións no seu plan de viaxe e tamén no seu plan de vida, como a demora na súa reincorporación ao traballo ou ben aos estudos, pois en moitos casos se trataba de estudantes que ían de viaxe cara a estadias Erasmus. A razón que argumentaban dende o persoal destas aeroliñas non era outro máis que o feito de estar redactado en galego o test de antíxenos expedido polas farmacias conforme o modelo oficial da Xunta de Galiza; unha decisión que logo se confirmou, en conversas con estas persoas, como arbitraria, confusa, con exceso de celo e mesmo maltrato ao cliente, e que evidenciou a incapacidade da Xunta para facer valer a súa autoridade así como a validez dun certificado oficial redactado na lingua propia, e tamén oficial, de Galiza. Ao tempo que as compañías aéreas lles negaban a posibilidade de recuperar o importe dos billetes e mesmo dificultaban o seu acceso ás follas de reclamacións, moitas das afectadas —e tamén traballadoras destas compañías— denunciaban publicamente o que vén sendo unha practica demasiado reiterada: a vulneración dos dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas.

Ata o de agora, que soubésemos, a Xunta non fixo pública ningunha valoración desta situación, que é claramente discriminatoria. Non nos consta que mantivese contacto coas persoas agraviadas por razón de lingua para interesarse polas consecuencias que esta situación provocou nin tampouco que se fixese valer, dende a condición de goberno do país, a utilidade plena da nosa lingua propia, da nosa lingua oficial, para todos os contextos dentro e tamén fóra do noso país.

Ante este silencio —que entendemos inxustificábel—, preguntamos desde o Grupo Parlamentario do BNG que ten previsto facer a Xunta para conseguir dunha vez o recoñecemento do noso idioma a nivel internacional, ante o que vén sendo unha reiterada vulneración dos dereitos lingüísticos, co fin de garantir precisamente ese dereito a usaren, a usarmos, a nosa lingua propia e oficial. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde de novo, presidente.

Señorías.

Señora Queixas, grazas pola súa pregunta, na que hai dúas cuestións ben diferenciadas: por unha banda, o tema dos tests diagnósticos, que é ao que fai referencia, e, por outra banda, o tema da discriminación do galego.



O pasado mes de xullo a Xunta de Galicia, coa posta en marcha do decreto a nivel do Estado que permitía o uso dos tests de antíxenos, os autotests, sen prescrición médica, e despois de advertir que eses tests, sen o control sanitario ou sen un sistema de rexistro axeitado, poderían xerar máis problemas dos que podían inicialmente resolver, pois asinou un convenio cos catro colexios oficiais de farmacia para posibilitar que no caso daquelas persoas que compraran un autotest nas oficinas de farmacia e que o fixeran diante do farmacéutico nunhas condicións determinadas se incorporara esa información no noso sistema de tratamento epidemiolóxico; fundamental para detectar os positivos, para coñecer os negativos e, sobre todo nos casos dos positivos, pedir de xeito automático a correspondente PCR sen necesidade de que o paciente tivese que ir ao centro de saúde e dalgún xeito alixeirar a carga que nesta onda tiveron os centros de saúde —ía nesa liña a incorporación automática dos datos—.

É certo tamén que, con esa incorporación automática nun contexto que tiñamos nese momento de petición ou validez do certificado de vacinación, de proba diagnóstica de infección activa ou de ter pasado a enfermidade, para acceder á hostalaría a Xunta de Galicia estableceu que ese informe que se elaboraba na oficina de farmacia, no momento en que eses datos se incorporaban no rexistro epidemiolóxico galego, podería servir no ámbito da comunidade autónoma como un certificado de proba diagnóstica.

E fixémoslo así porque o documento da Unión Europea que establecía as condicións de viaxes internacionais deixaba claramente fóra da regulación os autotests. O motivo é ben sinxelo: nos autotests a toma da mostra faina o propio paciente e as garantías de que esa mostra sexa correcta pois son máis dúbidasas. Nas PCR convencionais, ou nos antíxenos convencionais, faino un profesional —como todos, ao mellor, coñecemos— e chega ata o fondo, fai a mostra. E no caso dos autotests a Unión Europea entendeu que ese método non era válido para emitir o correspondente certificado que permitise voar. Nós advertimos dende o primeiro momento que ese certificado non servía para voar. Dixémolo por activa e por pasiva, e cada vez que alguén nos preguntaba dixémolo así. É certo que algunhas compañías aceptaron ese certificado para voar, pero dende o primeiro momento —insisto— nós dixemos que non era válido.

No momento en que nos percatamos de que algunha compañía non o estaba a permitir, pois, por suposto, o conselleiro de Educación, neste caso, púxose en contacto con estas compañías aéreas para insistir na conveniencia de que o galego tamén puidese ser utilizado. Pero a cuestión é que o Goberno británico, neste caso, limitou unicamente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(Non se perciben as últimas palabras do discurso do señor conselleiro.) (Aplausos.)

Para a réplica ten a palabra a señora Queixas Zas.

A señora QUEIXAS ZAS: A vulneración dos dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas por parte do Sergas é pública e notoria por reiterada, e, de feito, mesmo acaba de admitir esas queixas a propia Valedora do Pobo; o cal quere dicir que estamos ante unha suma de



agravios que se reitera. A súa intervención o que vén de novo deixar en evidencia e testemuñar é a falta de correspondencia entre o que é o discurso teórico do Goberno e logo a súa aplicación práctica e a súa concreción en feitos. Percíbese da súa resposta —que creo que é unha non resposta— un auténtico silencio atronador máis unha vez a respecto do que é a vulneración dos dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas. E no fondo responde a unha política que o que creo que fai é consentir inmovilizar o avance, calquera mínimo avance, da normalización lingüística. Hai claramente un retrato do que é a incapacidade do goberno do Partido Popular para facer valer a lingua galega, para facer valer a súa condición de lingua propia e oficial do noso país, e tamén para facer valer sen ningún tipo de prexuízos os dereitos lingüísticos dos galegos e das galegas. Porque nós entendemos que, se un certificado oficial de antíxenos negativo garante o bo estado de saúde, neste caso das viaxeiras, tamén ten que ser garantía da boa saúde da lingua que o acredita —que neste caso é, evidentemente, o noso idioma—.

Non respondeu vostede a ningún tipo de posicionamento e actuacións efectivas que levasen a cabo en relación con estas compañías que negaron o uso do noso idioma —compañías que, por outra parte, tamén de forma continuada e reiterada veñen sendo receptoras de fondos públicos moi substanciais—. Haberá tamén que telo en conta.

En definitiva, as preguntas seguen no aire, e volvo deixalas explícitas: ¿cando pensa actuar o Partido Popular conforme o mandato lingüístico da Constitución, do Estatuto de autonomía, da Lei de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega?, ¿que fixo realmente para evitar esta discriminación ou para resolvela a posteriori dende a propia Consellería, dende o propio Goberno?, ¿teñen realmente un plan en serio para conseguir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...o recoñecemento do galego a nivel internacional? ¿Cando o Goberno vai... ? *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Queixas, rematou o seu tempo.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Insisto en que ese certificado non estaba orixinalmente recoñecido para viaxar, dixémolo —repito— por activa e por pasiva. Cando as oficinas de farmacia se puxeron en contacto con nós advertimos de que o certificado, non polo idioma senón pola natureza do test, non servía para viaxar. Iso creo que o deixamos moi claro. Agradezo de novo ás oficinas de farmacia esa predisposición para facelo.

O certificado saía, por defecto, en galego sempre, salvo que o cidadán dixera especificamente que o quería en castelán. E cando tivemos coñecemento desta realidade puxémonos en con-



tacto co Colexio de Farmacéuticos para seguir insistindo en que o certificado, en calquera idioma, non valía para voar —repito— pola natureza da proba que se estaba a facer. E de xeito específico o conselleiro de Educación remitiulle ao embaixador británico en España unha carta na que lle trasladaba esa discriminación que sufriron eses viaxeiros fronte aos que o levaban en castelán, por exemplo —porque algún cidadán galego o levaba en castelán e non tivo problemas—. Esa discriminación si que se trasladou ao embaixador británico, e insistíasele nese escrito en que no futuro os documentos en galego, igual que os que estaban en castelán, fosen aceptados. Pero, insisto, a natureza do certificado nunca foi para viaxar, porque non cumpría co requisito do certificado europeo que si se utilizou para viaxar.

En todo caso, agradézolles aos colexios de farmacia esa predisposición a axudarnos con isto. Se non houberese esa colaboración, ningún destes viaxeiros, nin en castelán nin en galego, podería ter viaxado. Fixérono, e as compañías aéreas, segundo o seu criterio, decidiron aceptar o certificado ou non. Repito, para as que non o aceptaron houbo un escrito formal do conselleiro de Educación ao embaixador, no que se insistiu en que, se se admite en castelán, debe admitirse, por suposto, en galego.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o impacto que tivo a entrada en vigor da Lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, no mes de decembro do ano 2013 o Parlamento de Galicia aprobou, cos votos favorables do Grupo Popular e o voto en contra da oposición, a Lei de garantías de prestacións sanitarias. Pouco despois, a Xunta comezou a desenvolver os distintos aspectos regulados nesta lei, a través dos correspondentes regulamentos 159/2014, 54/2015 e 55/2015, e finalmente co Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantías de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

Durante o debate da aprobación desta lei, a oposición chegou a facer afirmacións que lles vou ler textualmente. Decía a señora Prado que «os tempos que ofertan de sesenta días para operacións cirúrxicas e de corenta días para consultas e probas diagnósticas son imposibles de cumprir na situación actual á que vostedes» —é dicir, o Partido Popular— «teñen sometida a sanidade pública, e sábeno perfectamente». «Unha lei» —decía— «que supón unha escolla ideolóxica pura e dura, xa que os tempos de resposta non se van garantir. É única e exclusivamente sacrificar a sanidade pública e garantir os tempos de espera apoiando e metendo recursos públicos na sanidade privada. Non é unha lei para garantir dereitos senón que é unha lei para garantir voume de negocio para a sanidade privada.» E o partido Socialista Galego tampouco quedaba curto. Escoitabamos perlas da señora Acuña coma estas:



«É fácil deducir que o orzamento do que dispoñemos hoxe para financiar o sistema público será o que vostedes repartan, o que vostedes redistribúan, entre o sistema público, a concertada e a privada. Xera diferenzas entre persoas, diferenzas entre ricos e pobres. Os que teñan poderán facer uso da Lei de garantías, porque poderán adiantar os gastos de desprazamento para ir á sanidade privada».

Tamén se lamentaba a señora Acuña de que esta era unha lei trampa que só pretendía privatizar e debilitar máis o sistema sanitario público e repartir os poucos recursos entre a sanidade pública e a privada.

Señor conselleiro, pasaron xa oito anos desde a aprobación desta lei e tres desde a entrada en vigor do decreto de desenvolvemento da garantía de tempos máximos, que era o que xeraba todas estas suspicacias na oposición. Parécenos que é o momento de avaliar o impacto real desta medida. Por iso, hoxe, desde o Grupo Popular queremos saber se todas estas afirmacións gratuítas e estas profecías de agoireiros que facía a oposición sobre a lei se cumpriron. ¿Que nos pode dicir ao respecto?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señora Amigo.

Dende logo, foron máis que categóricas as palabras da oposición de hai uns anos.

Pois, mire, voulle dar os datos sobre o cumprimento desas profecías. Ese «meterlle recursos públicos á sanidade privada», do que falaba o BNG, ou ese «negocio seguro», do que falaban os socialistas, traducíronse en que, dos máis de 150.000 pacientes que se beneficiaron da Lei de garantías ata xuño deste ano, foron derivados á privada o total de cero pacientes. (*Aplausos.*) Creo que é un dato bastante elocuente para amosar a diverxencia entre o discurso sobre a sanidade que mantén a oposición galega e a realidade que vive a cidadanía neste país.

A lei da suposta derivación masiva á privada provocou esas cero derivacións á privada, igual que a reforma da Lei de saúde, que ía pechar os hospitais comarcais, levou a que hoxe esteamos ampliando e reformando todos os hospitais comarcais galegos e renovando o seu equipamento tecnolóxico.

Creo que é importante lembrar estas cousas, porque os mesmos que dixeron isto sobre as derivacións á privada pola Lei de garantías son os que hoxe falan da situación da primaria. A credibilidade é a mesma: ningunha — no 2008 en primaria había case 600 persoas menos que as que hai agora mesmo —. É a mesma credibilidade coa que en cada verán profetizan o colapso polo peche de camas, cando a realidade é que cada verán, como relatou a semana pasada o xerente do Sergas neste Parlamento, a ocupación dos hospitais galegos está por debaixo do 75 % das camas.



Pero o máis grave, señora Amigo, non é o que dixeron, senón o que votaron en consecuencia. Votaron en contra dunha lei que permitiu nestes últimos catro anos que 57.404 persoas tiveran acceso a unha proba diagnóstica en menos de corenta e cinco días, que outras 57.485 persoas tiveran acceso a unha primeira consulta de especialista en menos de corenta e cinco días e que outras 36.288 persoas tiveran acceso a unha intervención cirúrxica en menos de sesenta días. Estamos a falar de persoas con patoloxías oncolóxicas, con insuficiencias aórticas, con aneurismas cerebrais, con neoplasias, carcinomas, hidrocefalias ou desprendementos de retina; e 151.177 persoas con patoloxías coma estas tiveron acceso a un tratamento rápido grazas a unha lei que o PSOE e o BNG votaron en contra baseándose exclusivamente nunha mentira. Esta é a dura realidade. (*Aplausos.*)

Nós seguiremos desenvolvendo esta lei, seguiremos acelerando o tratamento destes pacientes, e seguiremos mantendo o gasto en concertos coa sanidade privada por debaixo do que tiñan estes partidos cando gobernaban, como demostran cada ano os informes do Consello de Contas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro.

Os datos que hoxe nos traslada aquí demostran que non só a oposición mentiu no debate de aprobación desta lei, senón que os resultados son excelentes, xa que, como vostede dixo, beneficiaron a máis de 150.000 galegos. E tamén o foron para o conxunto do sistema, xa que se axilizou moito grazas a este mecanismo.

O PSOE estivo falando este verán —coma sempre— de que as listas de espera aumentaron respecto a antes da pandemia. Pois, claro, foi inevitable isto por motivos obvios, por iso se aprobou un plan de recuperación da actividade en abril deste ano, dotado con 15 millóns de euros, para poder recuperar esa actividade que a pandemia obrigou a suspender. Pero o que non di o PSOE é que, incluso despois dunha pandemia, as esperas medias de xuño de 2021, tanto para intervencións como para consultas de especialista, foron todas elas inferiores ás esperas medias que existían no Servizo Galego de Saúde no ano 2009, cando o responsable da sanidade era o Partido Socialista, sen pandemia e sen crise. Esquecérono, iso esquecéno sempre.

Miren, voulles dar datos para que a Cámara saiba estes datos: as intervencións cirúrxicas en 2008 estaban en 71,5 días; en xuño de 2021, despois dunha pandemia, 70,2; as consultas de especialistas en 2008 eran de 60,8; despois da pandemia, 42,6.

Pero nós, desde o PP, desde logo, non nos imos conformar con que a sanidade pública funcione mellor que co Partido Socialista, iso deixa un listón moi baixo para nós. Por iso segue en marcha ese plan de recuperación, que xa permitiu reducir os tempos de espera en preto



de corenta días para probas diagnósticas. E nesta mellora das esperas — como dicíamos — tamén inflúen eses procesos que se aceleran grazas á Lei de garantías, por iso nesta segunda quenda nos gustaría...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Agora na réplica xa lle contesta o conselleiro.

Grazas.

(Aplausos.)

Turno de peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señora Amigo, por suposto que a aplicación desta Lei de garantías tivo un impacto global positivo no que son os datos de espera do Servizo Galego de Saúde. Hai partidos que estes días falan de que hoxe temos máis espera que antes da pandemia. Isto en xeral é certo por dous motivos: por unha banda, a pandemia obrigou a restrinxir a actividade nos hospitais durante meses, pero tamén porque xusto antes da pandemia Galicia acadara as menores esperas da súa historia. En parte foi grazas a esta Lei de garantías, pero tamén, grazas a esa Lei de garantías, a pandemia non afectou a determinados procesos asistenciais. Por exemplo, en cirurxías de prioridade 1 —entre as que se atopan boa parte das que se benefician da Lei de garantías— a espera media en xuño deste ano era de 14,4 días, a menor espera de toda a historia do Sergas dende que hai rexistros e a pesar da pandemia. Ou, por exemplo, nas vías rápidas de cancro, que están recollidas na Lei de garantías, tanto para primeiras consultas como para probas diagnósticas, resolvéronse no ano 2021 en 4,4 días de media, que tamén é a menor espera dende que se implantaron. Quero lembrar que, cando se implantaron estas vías rápidas, o obxectivo destas era que ningún paciente con estas patoloxías agardara máis de quince días. Insisto, estamos en 4,4.

Pero outro xeito de ver a eficacia desta Lei de garantías é ir a datos comparados con outras comunidades autónomas, que son os que ofrece o Ministerio de Sanidade. Os últimos datos son de decembro de 2020, en plena saída da segunda onda da pandemia, e hai resultados ben elocuentes. Por exemplo: a porcentaxe de pacientes que levan máis de seis meses agardando por unha intervención cirúrxica en Galicia é do 3,9 % da lista de espera. Sen dúbida, son demasiados e gustaríanos que fosen menos, pero somos a segunda comunidade autónoma con menos. Mentres, vemos como Aragón se sitúa no 25 % de pacientes de máis de seis meses —repito que en Galicia é de 3,9 %—, ou Cataluña no 27 % de pacientes con máis de seis meses. Algo influirá o noso sistema de garantías en ter estes resultados. Por certo, Asturias —exemplo para os socialistas— ten un 4,8 % de pacientes agardando máis de seis meses, o que é un punto máis que Galicia.

Por cousas coma esta é realmente sorprendente ver a deputados do PSdeG denunciando listas de espera dramáticas no Hospital de Santiago porque o tempo de espera media cirúrxica



neste hospital é de 73 días, cando o tempo de espera media cirúrxica en Asturias, en xuño de 2021, segundo o propio Goberno asturiano, é de 85,3; ou considerar inasumible unha espera de 51 días para unha resonancia magnética —que, por suposto, nos desgusta— cando a media de espera para unha resonancia nesa mesma data no sistema sanitario asturiano foi de 108 días.

Por suposto, non rectificarán, como non rectificaron ante a evidencia de que a Lei de garantías non produciu os efectos que profetizaron e que vostede tan ben resumía. Pero polo menos a cidadanía galega constatará de novo a nula credibilidade que teñen cando falan de sanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos á pregunta de don Pablo Arangüena, do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Pregunta de D. Pablo Arangüena Fernández e D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da exixencia de solicitar o certificado de vacinación para acceder aos locais dedicados á hostalaría

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señorías, en agosto enterámonos por unha nota de prensa do Tribunal Superior de Xustiza, que a Xunta de Galicia levaba vinte días obrigando a hostalaría a exixir un certificado de vacinación sen ningún tipo de autorización xudicial. Isto é unha grave ilegalidade e outra mostra dos tics autoritarios do PP de Galicia despois de que o Tribunal Constitucional obrigase o Goberno de Galicia a dar marcha atrás coa obriga da vacinación obrigatoria da Lei galega de saúde. Só despois deses vinte días de ilegalidade flagrante, e despois dun auto do Tribunal Superior que falaba literalmente de «anómalo proceder» por parte da Xunta por non solicitar esa autorización xudicial, o señor Feijóo decidiu pedir esa autorización xudicial autoemendándose sen pedir ningún tipo de desculpas por xerar un auténtico caos na hostalaría.

Que eu saiba, é a primeira vez en España que un tribunal ten que explicarlle a un goberno autonómico que unha medida restritiva de dereitos fundamentais non ten vixencia se non está autorizada xudicialmente. Isto coloca a Xunta de Galicia como a administración autonómica líder en ilegalidade e preguntámonos a que obedece esta situación, porque pode ser que o señor Feijóo queira competir con Vox en autoritarismo, que a fatiga pandémica trastornara o Goberno galego ou que vinte e cinco anos inhalando os efluvios da tapicería do coche oficial convertan o señor Feijóo nun político que se considere por enriba das leis. Pero alguén debería asumir responsabilidades, porque a Xunta nin sequera deu a máis mínima explicación para a súa ilegalidade.

Por iso temos que lembrarlle ao señor Feijóo que a maioría absoluta non lle permite gobernar desde a ilegalidade, porque soamente despois do recordatorio do Tribunal Superior de Xus-



tiza e de aplicar durante vinte días unha medida completamente ilegal por falta de autorización foi cando a Xunta solicitou esa autorización xudicial. É dicir, primeiro cometeron a ilegalidade, logo o Tribunal Superior de Xustiza tiroulles das orellas e entón solicitan a autorización, creando un caos na hostalaría polo camiño —por certo, non subsanado pola resolución do Tribunal Supremo de onte, que di precisamente que tiñan vostedes que ter pedida esa autorización xudicial—. Se ao presidente da Xunta non lle gustan as leis, o que ten que facer é dedicarse a outra cousa, pero non pode decidir unilateralmente restrinxir dereitos fundamentais sen autorización xudicial, sembrando o caos na hostalaría, cando durante o confinamento criticaba, precisamente, a restrición de dereitos e o suposto caos que xeraban as medidas que se adoptaban entón por primeira vez na historia do noso país.

E de aí a nosa pregunta: ¿como é posible tan grave irregularidade? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Boa tarde, presidente.

Señorías.

Señor Arangüena, vostede ten compañeiros no grupo que teñen mala sorte, algúns deputados do Grupo Socialista cualificaron nesta Cámara de «delirio bolivariano, deriva autoritaria ou retroceso democrático» unha lei que logo copiou literalmente —puntos e comas incluídos— un goberno socialista — neste caso en Baleares—. Iso foi mala sorte, porque non podían saber que os seus colegas de partido ían copiar a lei que acababan de criticar aquí.

O seu é máis grave, señor Arangüena, porque está acusando de comportamento antidemocrático o Goberno galego por un suceso que xa lle aconteceu de xeito idéntico ao goberno socialista de Canarias. Se o sabía, malo; e se non o sabía, creo que é máis grave aínda. Alí en Canarias, o 26 de xullo adoptouse a decisión de implantar este certificado para reducir os riscos sanitarios no interior da hostalaría sen pedir autorización xudicial, e tres días despois, despois dun recurso dunha asociación de hostaleiros, o Tribunal Superior de Xustiza anulouna.

En consecuencia, señor Arangüena, cando nos ocorre o mesmo a gobernos de distinto signo político, ¿por que será? Se cadra, porque non existe unha normativa básica de carácter orgánico que tipifique dun xeito claro o que podemos e non podemos facer. E non existe porque vostedes non queren. Votaron en contra neste mesmo Parlamento, aínda que o Goberno central prometera esa reforma da lexislación orgánica en maio do ano 2020 e aínda que o pediron expresamente o Consello de Estado e o Tribunal Supremo.

Mire, nós traballamos cun comité clínico de persoas expertas en saúde pública, en epidemioloxía, en medicina preventiva e noutras especialidades sanitarias. Esas persoas consideraron a petición do certificado como unha opción axeitada desde o punto de vista científico. Pero tamén traballamos da man do sector. E as asociacións maioritarias do sector



hostaleiro viron con bos ollos unha medida que permitira abrir con medidas preventivas os interiores que previamente estaban pechados.

O caos na hostalaría non o produciu esa petición. Unha vez que o Goberno, escoitando os expertos e os sectores afectados, toma esta decisión, os servizos xurídicos da Xunta deben darlle forma xurídica dentro dese marco incerto que o Goberno de España insiste en non resolver. E os servizos xurídicos consideraron —penso que con boa lóxica— que, se o peche total dos interiores dos bares non requiriu autorización xudicial, tampouco debera requirilo un peche parcial, que é do que se trataba. Posteriormente, o Tribunal Superior de Xustiza considera que esta medida si debe ser sometida ao seu criterio por afectar ao dereito de protección de datos, e neste caso, no que si se somete, non a autoriza. Dende a Xunta discrepamos desta decisión, pero a nosa orde especificaba expresamente que a hostalaría só comprobaría eses datos no momento da entrada, e que en ningún caso conservaría nin crearía ficheiros con eles. E, como discrepamos, recorremos ante o Tribunal Supremo. E onte deunos a razón. (*Aplausos.*) Eu esperaba que esta pregunta fose retirada, polo menos.

Pero, aínda que non tivese sido así, o que nunca diríamos é que a oposición ao Goberno a están exercendo os xuíces, como dixo o Goberno central cando o Tribunal Constitucional sentenciou que mantiveron durante tres meses...

O señor PRESIDENTE: Señor, conselleiro, grazas, ten outro turno.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...un estado de alarma inconstitucional.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, eu preguntolles como é posible que cometan vostedes a ilegalidade de restrinxir un dereito fundamental sen pedir autorización xudicial e amósase vostede exultante porque un tribunal lles deu a razón nun recurso, coma se un proceso xudicial fose un partido de fútbol que gañasen ou perdesen vostedes, o cal amosa un gran descoñecemento pola súa banda do que son os procesos xudiciais e do que é o dereito. Pero ese tribunal non lles deu a razón —como xa lle dixen— no que eu denunciado aquí, que é que vostedes aplicaron unha medida restritiva de dereitos durante vinte días sen dignarse a pedir autorización xudicial e xerando caos polo camiño. E a sentenza do Tribunal Supremo que coñecemos onte di especificamente na súa páxina 10 —fundamentos xurídicos sexto, décimo e seguintes— que vostedes tiñan que ter pedido autorización xudicial, que é xustamente o que eu lles estou cuestionando aquí. E se a Xunta está lexitimada para saltar a lei, pois haberá quen se sinta lexitimado para facer o que lle dea a gana, como non respectar a restrición ou, xa postos, non pagar impostos.

Por iso me parece inaudito que unha administración pública como a Xunta infrinxa a legalidade desta forma, sementando o caos polo camiño. E tememos que o señor Feijóo estea tan preocupado pola súa propaganda que perde o rumbo nunha situación que exige medidas



sanitarias pero tamén respecto ás leis e aos dereitos da cidadanía, porque sen lei non hai democracia. Lembramos cando o señor Feijóo dixo aquilo de que o estado de alarma xeraba alarma, un auténtico disparate. Pero quen xera alarma é o señor Feijóo quebrantando as leis sen despeinarse e implantando medidas sen autorización xudicial que logo ten que desim-plantar sementando o caos polo camiño.

Preguntámonos como é posible que a Xunta exixa que a cidadanía cumpra tantas obrigas e faga tantos sacrificios e non se exixa a si mesma nin sequera un mínimo de respecto pola lei. E a día de hoxe o certo é que non temos outra explicación que o silencio e a propaganda oficial pagada con cartos públicos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Señor Arangüena, voume deter nunha afirmación que vostede fai— fíxoo antes e fíxoa por escrito— que non deixa de ser rechamante. Di vostede que a oposición —ou vostede, parece— coñeceu a través dunha nota de prensa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que a Xunta non solicitara aval xudicial para esta medida. Tamén algunha deputada do BNG publicou no twitter a súa sorpresa por coñecer a través do auto o feito de que non se solicitara esta autorización.

Miren, dende maio, cando rematou o segundo estado de alarma, o *Diario Oficial de Galicia*, algo que debemos ler con frecuencia, clasifica as medidas para facer fronte á pandemia en dous tipos de ordes: unhas titúlanse «de medidas cualificadas que precisan da autorización xudicial», e recollen os peches perimetrais, as limitacións na mobilidade —neste caso nocturna— ou a restrición de grupos; e outras, que se titulan «de medidas de prevención específicas» e que recollen as que non se someten a autorización xudicial, como as relacionadas coa apertura da hostalería. Pois ben, a medida de implantación dos certificados covid apareceu no DOG do 25 de xuño dentro da orde de medidas específicas, e vostedes din que descubriron en agosto que a Xunta non solicitara autorización xudicial. É sorprendente constatar que a oposición nin sequera le o DOG. (*Aplausos.*)

Aquí non se actuou con ningún ánimo de ocultación nin ningún escurantismo, actuouse co convencemento de estar tomando a medida epidemioloxicamente correcta, co aval do sector afectado e coa forma xurídica que se considerou axeitada. Aquí o único que se ocultou foi un Goberno central que leva un ano agochándose para eludir as súas responsabilidades de dotar as comunidades autónomas dun marco xurídico claro para tomar as medidas sanitarias que se necesitan. Galicia quere conducirse dentro do marco legal e constitucional, e por iso propuxo un marco legal orgánico máis concreto e adaptado á situación da pandemia, que o Goberno central non quixo aceptar. Por iso aprobamos unha lexislación sanitaria propia —que o Goberno central quixo boicotear— e por iso defendemos as nosas medidas sanitarias ante o Supremo, para actuar dentro da legalidade. E este tribunal confirmou que o fixemos. Isto si que foi demoledor para algúns discursos que mantivo a oposición nestes días.



Señor Arangüena, dende logo que lamentamos ter que actuar neste marco de incerteza, pero o Goberno central do Partido Socialista é o que creou esta situación de inseguridade xurídica, que non permite sustentar unha medida como a do certificado covid, que funciona ben e con total normalidade en moitos países da nosa contorna. Vostedes empuxaron as comunidades autónomas a actuar sen lexislación orgánica axeitada, ofrecéndonos como única alternativa solucións que hoxe estamos a ver como son declaradas inconstitucionais. Pois, mentres o PSOE siga bloqueando a lexislación orgánica no Estado, boicoteando a lexislación galega e saltando a Constitución coas súas medidas, vannos ter en fronte. Porque a Xunta de Galicia sempre defendeu que a pandemia debe combaterse cun marco legal claro e dentro da Constitución, xusto o que parece que os socialistas non queren.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a Campaña de verán 2021 destinada á xuventude no ámbito do lecer e tempo libre

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Vázquez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, señora conselleira.

Concordarán comigo en que falar de mocidade é falar de futuro. A consellería que vostede preside ofrece a posibilidade de que a nosa xuventude, a nosa mocidade, empregue o seu tempo libre estival participando en actividades de educación non formal moi diversas, actividades de carácter lúdico, de carácter cultural, deportivo e mesmo formativo, que sirvan non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

A aparición da covid-19 supuxo un esforzo maiúsculo por parte das administracións públicas para seguir ofertando un recurso de conciliación para as familias galegas e de educación non formal para o tempo de lecer dos nosos mozos que lles permita, como non, beneficiarse coas máximas garantías de prevención e hixiene dun espazo de ocio favorable para as súas emocións e para os seus sentimentos. Foron moitas as adaptacións necesarias en canto a limitacións de aforo máximo nas instalacións xuvenís ofertadas, en canto a reforzo de medidas hixiénico-sanitarias e a un incremento das ratios monitor/participantes para unha prestación do servizo máis eficiente e con todas as súas garantías.

Así mesmo, en aplicación do principio de transversalidade nas políticas en materia de discapacidade, e co obxectivo de que a inclusión social sexa unha realidade ao tempo que se favoreza, como non, a interacción e a convivencia entre toda a mocidade, na campaña deste verán de 2021 as mozas e os mozos galegos con discapacidade, en función das limitacións



que se presentaron, puideron decidir sobre a modalidade de participación á que se desexaba optar polo procedemento xeral, ou tamén polo procedemento de prazas reservadas para a dita inclusión. E aquí, señorías, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos recoñecer o enorme traballo que desenvolven os monitores galegos para favorecer a inclusión social preservando sempre o benestar dos nosos mozos.

Os campamentos de verán son unha forma diferente e divertida de pasar as vacacións estivais. As diferentes actividades que integran esta programación leváronse a cabo en diferentes quendas durante os meses de xullo, agosto e setembro. Os campamentos dan a posibilidade de escoller en función da idade e das actividades que se levan a cabo neles —por suposto actividades de diversas temáticas en función do campamento, como a náutica, a deportiva, a ambiental, a artística ou, entre moitas outras, a vinculada tamén ao Camiño de Santiago—

E rematada a campaña deste ano, ¿que balance fai sobre a campaña «O verán que mereces», destinada ao ámbito da xuventude, do lecer e do tempo libre?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Resposta da conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

A campaña de verán gañou por dereito propio ser un dos programas máis emblemáticos da Xunta de Galicia. Dende hai xa catro décadas vén deixando a súa pegada indeleble na memoria de moitos galegos e galegas, que se fixeron maiores entre os distintos albergues da Xunta de Galicia e entre as tendas de campaña.

O ano pasado é certo que nos atopamos nunha encrucillada, que era a de decantarnos por suspender todos os campamentos de verán, como fixeron case todas as comunidades autónomas a nivel nacional, ou desmarcarnos e seguir adiante con este fermoso programa. Optamos, obviamente, por esta segunda opción. Aprendemos moito e o resultado foi moi positivo.

Coa experiencia adquirida durante o ano pasado, neste ano a decisión foi moito máis doada. A campaña de verán do ano 2021 levou como lema «O verán que mereces», e a elección non foi froito da casualidade.

Despois de ano e medio de responsabilidade, despois de ano e medio de coidar os seus maiores, de renunciar a divertirse do xeito que se facía antes, de vivir todos os días dun xeito distinto e de facer moitísimos sacrificios, a mocidade galega merecía un verán extraordinario, por suposto que si, pero tamén un verán con todo o sentidiño. A campaña de verán 2021



puxo á disposición da mocidade galega unha oferta moi ampla e moi variada combinando a diversión coa precaución: campamentos de verán para os máis novos de Galicia en 35 espazos diferentes da nosa comunidade, 4 máis que o ano anterior; campos de voluntariado á disposición dos mozos en 40 localizacións distintas, 13 novos campos respecto do ano 2020; establecementos en distintos lugares hoteleiros da nosa comunidade, cos minicampamentos «Coñece Galicia», que ademais non soamente permitiron aos máis pequenos estar cinco días en distintos hoteis de Galicia, senón que ademais permitiu dinamizar o sector hoteleiro da nosa comunidade; ou tamén os cinco intercambios con comunidades autónomas, como País Vasco, Castela e León ou A Rioxa, que puidemos recuperar este ano 2021 despois de suspendelos o ano pasado pola situación epidemiolóxica. En total, foron 7.800 prazas para os mozos e mozas de entre 9 e 30 anos, mil prazas máis respecto do ano anterior grazas á suma de máis quendas, máis instalacións e máis actividades.

A campaña de verán é lecer e é diversión, pero tamén é creación de emprego, porque, para organizar e dinamizar todas estas actividades, se contrataron máis de 1.200 profesionais do sector do tempo libre, que realizaron, a verdade, un traballo excelente.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica de señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Grazas, señor presidente.

«O verán que mereces» e, por suposto, que a nosa mocidade ben merece, que ben merece este esforzo —e non só os campamentos do verán deste ano senón tamén o esforzo de manter os campamentos do duro ano pandémico 2020—. Está claro que na planificación está o éxito, señora conselleira. O éxito que tivo a campaña de verán 2021 é indubidable. Coordinar actividades de diferentes temáticas, con mozos e mozas de diferentes idades, buscando o benestar para os que máis o precisan e nun contexto de pandemia é o gran traballo que se desenvolveu dende a súa consellería, dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, e da Consellería de Sanidade pola posta en marcha do protocolo; pero sobre todo está o éxito dos monitores, dos organizadores e dos participantes, que conseguiron que a diversión, a ilusión e o sentidiño fosen os principios básicos desta campaña.

Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos agradecer o sentidiño, o bo comportamento que mantivo e mantén a nosa mocidade durante o ano e medio que levamos de pandemia, sentidiño e comportamento exemplar durante unha das etapas máis importantes dos mozos e das mozas galegas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Para o peche desta pregunta, a conselleira de Política Social.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputada Vázquez, moitísimas grazas polas súas achegas.

Os datos demostran que as familias galegas volveron confiar unha vez máis, un ano máis, nos campamentos que organiza a Xunta de Galicia, por ser unha oferta de ocio seguro pero tamén que se presta con todas as garantías, pero sobre todo tamén por ser un recurso de conciliación que a Xunta pon á disposición das familias galegas e tamén por ser un medio de encontro, de diversión e de aprendizaxe para a nosa mocidade.

Por todo isto volvemos acadar o éxito da campaña anterior, pero tamén logramos melloralas con máis participantes, con máis instalacións e, iso si, coa mesma diversión.

Señorías, un ano máis a campaña de verán consolídase como unha alternativa de ocio de primeiro nivel, pero tamén como un referente a nivel estatal, que ten un triplo obxectivo: por un lado, favorecer a participación de toda a xuventude galega en actividades que tamén teñen unha vertente formativa, favorecer a conciliación —como dicía— das familias galegas e tamén dinamizar o sector do ocio e do tempo libre, un sector de educación non formal pero tamén que permite aos nosos mozos pasalo ben.

Gustaríame hoxe rematar a miña intervención agradecendo de novo o enorme labor que fixeron todos os profesionais que participaron na campaña de verán, porque o traballo —que me consta que foi arreo para que esta campaña se desenvolvese dun xeito moi bo— foi, a verdade, un éxito. E non é porque o diga eu, senón porque o din todos os participantes que estiveron nos distintos campos de voluntariado, nos campamentos e tamén nos minicampamentos «Coñece Galicia», que volveron ás súas casas con novos amigos, con novas amizades e cheos de alegría e de ilusión.

A todos estes participantes tamén lles quero dar moitísimas grazas por demostrar en todo momento un comportamento exemplar e con sentidiño. Nesta campaña de verán demostrouse unha vez máis que Galicia pode dicir alto e claro que ten a mocidade que merece.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Remata aquí o pleno, que non ten máis asuntos que tratar.

Boa tarde a todos e a todas.

Remata a sesión ás dúas e dezoito minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

